

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION ORDINARIA DO 7 DE SETEMBRO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Couto Pérez, José Manuel
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día sete de setembro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnense os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como secretaria xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA correspondente ó mes de agosto, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr.

Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o interventor xeral don Juan Ramón González Carnero.

Ratificado o quórum o Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (143).- ACTAS ANTERIORES. (S. ORDINARIA 29.06.09).

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No punto 18, na moción do Grupo municipal do Bloque relativa á lingua, na miña segunda intervención quería engadir no segundo parágrafo unha referencia que fixen aínda que xa sei que non fai falla literalidade. Sería engadir "...entre outras cousas porque son moitos máis votantes".

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito, acórdase:

Aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 29 de xuño, coa corrección proposta polo concelleiro do Grupo Popular Sr. López-Chaves Castro, engadindo no segundo parágrafo da súa segunda intervención no punto 18 do pleno a frase "...entre outras cousas porque son moitos máis votantes".

2.- (144).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 3 ó 29 de agosto de 2009.

3.- (145).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de xullo ó 28 de agosto de 2009.

4.- (145).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL APROBADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NA XUNTA DE VOCEIROS DO 03.09.09, RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO “DÍA DO COOPERANTE”.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión que tivo lugar o día 3 de setembro de 2009, adoptou propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da seguinte declaración institucional:

“No ano 2000 foi declarado no Consello de Ministros o 8 de setembro como “Día do Cooperante”.

O Pleno deste Concello quere adherirse a este acordo e asume o que significa a cooperación internacional e a loita contra a pobreza e desigualdade no mundo, polo que fai a seguinte declaración institucional.

- Que a loita contra a pobreza e a desigualdade no mundo é un dos maiores retos que ten a nosa sociedade nestes momentos. Acabar coa pobreza é non só un compromiso ético de primeira orde, senón á vez unha das condicións básicas para lograr un mundo máis xunto e pacífico.
- Que a loita contra a pobreza ten hoxe un programa común asumido por toda a comunidade internacional que se concreta no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio 2015.
- Que o compromiso de milleiros de persoas coa cooperación ó desenvolvemento é un exemplo para toda a sociedade e para todas as institucións e como tal debe ser recoñecido e valorado.
- Que o recoñecemento do traballo dos cooperantes é un deber para toda a sociedade á que temos que contribuír dende as institucións democráticas.

Convocamos a toda a cidadanía a participar nas actividades previstas por parte deste Concello.”

A Secretaria Xeral do Pleno procede a ler a Declaración que se transcribe nos

antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Aproveitando precisamente que se aproba esta declaración institucional por parte de todo o Pleno eu, coma Concelleira de Benestar Social e polo tanto responsable do tema de Cooperación Internacional, queredría invitar a todo o Pleno e a toda a cidadanía ós actos que terán lugar mañá precisamente co gallo do Día do Cooperante e que se van realizar neste Concello. En principio convocámolo aquí e as organizacións que forman parte do Consello Municipal de Cooperación e as ONGs están convocadas para que celebremos o Día Mundial do Cooperante e imos facer unha serie de actos, entre eles falar con cooperantes que nestes momentos están nos diferentes países, ver como é a súa vida e que se está a facer neses países. Tamén se dará cumprida conta do que está a facer este Concello en termos de cooperación e tamén falaremos con cooperantes que no seu momento foron expatriados e que agora están neste País para que nos conten as súas experiencias.

Repito que quero facer unha invitación co gallo deste Día, que se vexa a solidariedade deste Concello e que participen todos os membros da Corporación que queiran. Evidentemente esta invitación tamén é extensible a toda a cidadanía que queira participar.

Moitas gracias porque coido que o tema o merece. Gracias.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración institución acordada por unanimidade dos Grupos municipais na Xunta de Voceiros que tivo lugar o día 3 de setembro de 2009, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.- (146).- DAR CONTA DO ESCRITO DE DATA 28 DE AGOSTO DE 2009, DE RENUNCIA Ó POSTO DO CONCELLEIRO D. JOSÉ MANUEL COUTO PÉREZ.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 28

de agosto de 2009, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, don José Manuel Couto Pérez renuncia ó seu cargo de concelleiro.

Ó abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACORDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución do Sr. concelleiro citado conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a a quen corresponda cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que con data 31 de agosto núm. de documento 90124955, a candidata núm. 17 da lista electoral do Partido Popular, dona Carlota Bartolomé Tocino, comunica a súa renuncia ó posto de concelleira polo que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producida é don Pablo José Beiro Diz, número 18 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

A PRESIDENCIA: Dende a Presidencia queremos agradecerlle a D. José Manuel Couto Pérez o seu traballo no presente período de sesións, así como en etapas anteriores, formando parte do Pleno deste Concello.

SR. FIGUEROA VILA: Xustificar a súa renuncia por un problema de incompatibilidade laboral; lle é totalmente imposible compatibilizar o seu traballo ordinario co desenvolvemento do cargo e por suposto agradecerlle os servizos prestados e non

só os de agora, senón tamén os de épocas anteriores.

6.- (147).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS DE
FUNCIÓNS CON CARÁCTER TEMPORAL.

ANTECEDENTES.- Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía-
Presidencia:

Resolución de data 24.07.09 de delegación de competencias na Área de
Mobilidade, Transporte e Seguridade:

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Xullo Calviño Rodríguez, entre os días 29
de xullo ao 14 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións
conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de
conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o
Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades
Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5
de xullo de 2007, no concelleiro D. Xulio Calviño Rodríguez, delegado da Área de
Mobilidade, Transporte e Seguridade.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xulio
Calviño Rodríguez:

- No Concelleiro D. Angel Rivas González, da Área de Distritos, dende o 29 ao
31 de xullo.
- No Concelleiro D. Carlos López Font, da Área de Xestión Municipal, dende o 1
ao 14 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas
para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen
prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD
2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do
RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a
efectos de quedar enterada da mesma.”

Resolución de data 30.07.09 de delegación de competencias na Área de Benestar

Social:

“Con motivo da ausencia da Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social D^a María Xosé Méndez Piñeiro, entre os días 1 e 17 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, na concelleira D^a María Méndez Piñeiro.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a María Xosé Méndez Piñeiro no Tenente de Alcalde, don Santiago Domínguez Olveira.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados, á Área de Benestar Social e á Intervención Xeral.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se realice.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.”

Resolución de data 30.07.09 de delegación de competencias na Área de Benestar Social:

“Con motivo da ausencia da Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social D^a María Xosé Méndez Piñeiro, entre os días 18 e 21 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, na concelleira D^a María Méndez Piñeiro.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a María Xosé Méndez Piñeiro no Concelleiro-Delegado da Área de Deportes, D. Francisco Xabier Alonso Pérez.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados, á Área de Benestar Social e á Intervención Xeral.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se realice.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra.”

Resolución de data 31.07.09 de delegación de competencias na Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo

“Con motivo da ausencia da Concelleira D^a M^a Jesús Lago Rey, dende o 3 de agosto de 2009 ata o 17 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, na concelleira D^a M^a Jesús Lago Rey, delegada na Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a M^a Jesús Lago Rey no Concelleiro D. Angel Rivas González, da Área de Distritos, dende o 3 ó 17 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informada da mesma.”

Resolución de data 31.07.09 de delegación de competencias na Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Santos Hector Rodríguez Díaz, dende o 3 de agosto de 2009 ata o 18 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, no concelleiro D. Santos Hector Rodríguez, delegado na Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Santos Héctor Rodríguez no Concelleiro D. Angel Rivas González, da Área de Distritos, dende o 3 ó 18 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informada da mesma.”

Resolución de data 05.08.09 de delegación de competencias na Área de Deportes

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Francisco Xabier Alonso Pérez, entre os días 10 a 14 e 24 a 28 de agosto de 2009, todos eles incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, no concelleiro D. Francisco Xabier Alonso Pérez, delegado da Área de Deportes.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Francisco Xabier Alonso Pérez:

- No Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira, dende o 10 ao 14 de agosto.
- Na Concelleira dona María Xosé Méndez Piñeiro, da Área de Benestar Social, dende o 24 ao 28 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD

2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar enterada da mesma.”

Resolución de data 10.08.09 de delegación de competencias na Área de Servizos Xerais e Vías e Obras

“Con motivo da ausencia da Concelleira D^a Isaura Abelairas Rodríguez, entre os días 10 ó 24 de agosto de 2009, todos eles incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, na concelleira D^a Isaura Abelairas Rodríguez, delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a Isaura Abelairas Rodríguez no concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Réxime Interior.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informada da mesma.”

Resolución de data 12.08.09 de revogación do decreto de data 31.07.09

“No decreto de data 31 de xullo de 2009 e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. Do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolveuse avocar as competencias delegadas na concelleira D^a M^a Jesús Lago Rey, delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e delegalas no concelleiro D. Angel Rivas González, da Área de Distritos, dende o 3 ó 17 de agosto.

Co presente decreto fago constar que queda revogado o decreto de data 31 de

xullo de 2009.”

Resolución de data 14.08.09 de delegación de competencias na Área de Cultura, Animación Socio-cultural e Festas

“Con motivo da ausencia do Concelleiro D. Xesús López Carreira, entre os días 18 ó 31 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2007, no concelleiro D. Xesús López Carreira, delegado da Área de Cultura, Animación Sociocultural e Festas.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Xesús López Carreira no Tenente de Alcalde D. Santiago Domínguez Olveira.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

Resolución de data 18.08.09 de delegación de competencias na Área de Urbanismo

Con motivo da ausencia de D. José Mariño Mendoza, dende o 18 de agosto de 2009 ata o 31 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 31 de marzo de 2008, no concelleiro D. José Mariño Mendoza, delegado da Área de Urbanismo.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. José Mariño Mendoza no concelleiro D. Carlos López Font, da Área de Xestión Municipal, dende o 18 ao 31 de agosto.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

Resolución de data 19.08.09 de delegación de competencias na Área de Igualdade, Normalización Lingüística e Xuventude.

Con motivo da ausencia da concelleira D^a Iolanda Veloso Ríos, entre os días 19 ó 31 de agosto de 2009 ata o 31 de agosto de 2009, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 5 de xullo de 2009, na concelleira D^a Iolanda Veloso Ríos, delegada da Área de Igualdade, Normalización Lingüística e Xuventude.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D^a Iolanda Veloso Ríos no Tenente de Alcalde, D. Santiago Domínguez Olveira.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

Resolución de data 31.08.09 de delegación de competencias na Área de Economía e Facenda, Montes, Parques, Xardíns e Limpeza.

Con motivo da incorporación da concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, no día de hoxe, 31 de agosto de 2009, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo

43 e ss. do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Que a concelleira de Economía e Facenda, Montes, Parques, Xardíns e Limpeza retome as súas competencias

Segundo.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Terceiro.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Cuarto.- Da presente Resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

7.- (148).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 29.07.09 POLO QUE SE RESOLVE A ADXUDICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA A UN CONCELEIRO DO GRUPO POPULAR E ESCRITO DE ACEPTACIÓN DA MESMA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 29 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“A proposta do Voceiro do Grupo Político Municipal do Partido Popular, de data 23 de xullo de 2009 (entrada no Rexistro Xeral 27.07.09 Doc. 90111506), en base ó acordo plenario do 03.09.2007 que modificaba o anterior acordo do 17.07.2007 relativo ás dedicacións exclusivas e parciais dos concelleiros e tendo en conta que unha das dedicacións exclusivas de dito grupo está vacante, é polo que en virtude do art. 75.5 da LBRL,

RESOLVO,

Primeiro.- D. JOSE MANUEL FIGUEROA VILA, exercerá a súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 67.167,96 €, con efectos dende o 1 de agosto de 2009.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas, o importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa

incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertindo que no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Quinto.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería, á Intervención Xeral e ó interesado.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no Taboleiro de Editos do Concello.

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno.”

Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de agosto, documento núm. 90125578, o concelleiro Sr. Figueroa Vila manifesta a súa aceptación á dedicación exclusiva.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.

8.- (149).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 29.07.09 POLO QUE SE RESOLVE A ADXUDICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA A UNHA CONCELEIRA DO GRUPO DO BNG E ESCRITO DE ACEPTACIÓN DA MESMA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 29 de xullo de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 27 de xullo de 2009, aprobou a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á modificación do acordo plenario de data 17.07.07 no que lle corresponde ó Grupo político municipal do BNG, transformando unha das dedicacións parciais de 19 horas semanais (por importe de 32.279,88 € no seu inicio) nunha dedicación exclusiva por importe de 67.176,96 €.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL,

RESOLVO,

Primeiro.- D^a IOLANDA VELOSO RÍOS, desempeñará a súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 67.167,96 €, con efectos dende o 1 de agosto de 2009.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas, o importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Notificar a presente resolución á interesada, advertindo que no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Quinto.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería, á Intervención Xeral e ó interesado.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no Taboleiro de Editos do Concello.

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ó Pleno.”

Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 1 de setembro, documento núm. 90125971, a concelleira Sra. Veloso Ríos manifesta a súa aceptación á dedicación exclusiva.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, unha matización que xa fixen na Xunta de Voceiros. O noso Grupo recibiu sobre este tema unha información errada, pero en calquera caso non cambia para nada a decisión que tomamos no seu momento. Queremos que se saiba e que conste en acta.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ó Pleno da Corporación.

9.- (150).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 3 DE SETEMBRO

POLA QUE SE NOMEA NOVO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XESTIÓN MUNICIPAL A PROPOSTA DA MESMA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 2 de setembro de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por resolución de data 17 de xullo de 2007, esta Alcaldía delegou a presidencia da Comisión Informativa de Xestión Municipal no concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular don José Manuel Figueroa Vila, dándose conta da devandita resolución ó Pleno do Concello na súa sesión do día 30 de xullo de 2007.

Visto o escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de agosto, asinado polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, polo que propón a súa substitución como presidente da Comisión Informativa de Xestión Municipal polo concelleiro do mesmo Grupo don Ignacio-López Chaves Castro.

De conformidade coa proposta aprobada por unanimidade dos membros presentes da Comisión Informativa de Xestión Municipal en sesión do 31 de agosto de 2009,

En virtude do disposto no artigo 125.a) do Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro,

RESOLVO

Primeiro.- Delegar as funcións da Presidencia da Comisión Informativa de Xestión Municipal no concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Ignacio López-Chaves Castro.

Segundo.- Comunicar a presente resolución a todos os interesados e dar conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que teña lugar.”

Do anterior, a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

10.- (151).- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE Ó ANO 2008. INFORME DA INTERVENCIÓN RELATIVO ÓS ASPECTOS XERAIS DA FISCALIZACIÓN DO DEVANDITO EXERCIZO. EXPTE. 101481/140.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido polo Interventor Xeral con data 14 de maio de 2009:

“1.- NORMATIVA A CONSIDERAR.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Artigo 116, Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo VIN da Lei 39/1988, do 29 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución Modelo Normal de Contabilidade Local (ICAL).
- Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, anexo á ICAL, modelo normal.
- Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria (BOE número 313 de 31 do decembro do 2007).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (BOE número 264 de 3 do novembro do 2007).

2.- DELIMITACIÓN DA CONTA XERAL.

Sinala o artigo 209 do TRLRHL, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 e Regra 97 da Instrución Modelo Normal de Contabilidade Local, que a Conta Xeral da Entidade mostrará a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento. Estará integrada pola conta da Entidade, as contas dos Organismos Autónomos e as Contas das Sociedades Mercantís de capital integramente local.

Cada un dos suxeitos contables referidos anteriormente deberá elaborar as súas propias contas anuais.

A data de emisión do presente informe tense remitido a esta Intervención Xeral as seguintes contas a integrar na Conta Xeral do Concello de Vigo correspondente ó exercicio económico do 2008:

- Concello de Vigo.
- Organismos autónomos municipais de carácter administrativo:
- Instituto Municipal dos Deportes.
- Escola Municipal de Artes e oficios.
- Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- Xerencia Municipal de Urbanismo.

Tense remitido igualmente a este órgano de fiscalización, por parte da súa comisión liquidadora, a conta da sociedade mercantil de capital integramente municipal: EMAVISA, na cal se incorpora un informe de auditoría de verificación do balance de liquidación emitido pola Consultora: ACR Auditores Group, S.L. Con respecto a dita conta temos que subliñar que non constitúe obriga dos seus contadantes o informe de auditoría da liquidación da Mercantil, polo que a achega de dito informe non

condiciona formal ou temporalmente á elaboración e rendición da conta correspondente, por parte daqueles. En calquera caso, por este órgano de fiscalización e os efectos previstos nos artigos 213 e 220 do TRLRFL, préstase conformidade ó informe de auditoría emitido pola Consultora citada, coa salvidade de que consideramos que a compensación atribuída ós liquidadores no Balance de liquidación da mercantil aprobado polo Pleno da Corporación constituído en Xunta Xeral de Accionistas en data 3 de decembro do 2007, require dun pronunciamento de ratificación por parte deste órgano colexiado, mediante un acto administrativo propio, con arranxo ó procedemento correspondente.

3.- CONTIDO.

De conformidade co previsto na Regra 98 da Instrución modelo normal de contabilidade local, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos de carácter administrativo antes citados, presentan as súas Contas Xerais con arranxo o seguinte detalle:

- O balance
- A conta do resultado económico-patrimonial.
- O estado de liquidación do orzamento.
- A Memoria.

Así mesmo, consta a documentación complementaria a que se refire o apartado terceiro da Regra citada anteriormente, isto é:

- * Actas de arqueo das existencias a 31 de decembro do 2008.
- * Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes en conséntelas a favor da Entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercizo e agrupados por nome ou razón social. Figuran así mesmo os oportunos estados conciliatorios naqueles casos en que concorren as circunstancias que os fan necesarios.

4.- CONTADANTES.

De conformidade co previsto na Regra 103 da Instrución modelo normal de Contabilidade Local, son contadantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obriga de render contas e en todo caso:

1. O Presidente da Entidade local.
2. Os presidentes e directores dos organismos autónomos.
3. Os presidentes dos consellos de administración das sociedades mercantís dependentes da entidade local.
4. Os liquidadores das sociedades mercantís dependentes da entidade local en proceso de liquidación.

Os contadantes enumerados anteriormente son responsables da información contable e correspóndelles render, antes do 15 de maio do exercizo inmediato seguinte ao que correspondan e debidamente autorizadas, as contas que teñan que enviarse ao órgano ou órganos de control externo.

A responsabilidade de fornecer información veraz en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran os que adoptaron as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas contas.

5.- TRAMITACIÓN.

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRHL, aprobado polo RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, así como as Regras 102 a 103 da ICAL modelo normal, regulan os diferentes prazos de tramitación da Conta Xeral:

- Rendición de estados e contas: antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que correspondan.
- A Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da Entidade Local.
- A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas exporase ao público por prazo de 15 días durante os cales e 8 máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estas pola Comisión Especial de Contas e practicada pola mesma cantas comprobacións se estimen necesarias, emitirá novo informe.
- Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.
- Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas ou órgano fiscalizador externo que corresponda antes do 15 de outubro.

En definitiva pois e de conformidade co que vén exposto, a formación da Conta Xeral corresponde á Intervención ou ben ao órgano que teña atribuída a función de contabilidade en desenvolvemento da Lei 53/2003, de modernización do Goberno Local, correspondendo nesta Administración municipal tal función á Intervención Xeral por aplicación da disposición transitoria primeira da norma legal citada. En calquera caso, a rendición das contas será responsabilidade dos contadantes de que se trate en cada caso e a súa aprobación correrá a cargo do Pleno da Corporación, previa a tramitación que queda referida.”

Visto o anterior, a concelleira delegada de Economía e Facenda, na mesma data do 14 de maio, propón a Alcaldía a remisión da Conta Xeral á Comisión Especial de Contas para o seu ditame. Con data 15 do mesmo mes o Alcalde-Presidente resolve de conformidade coa anterior proposta.

A comisión Especial de Contas, na súa sesión do día 29 de maio, ditamina favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e

Facenda.

Con data 7 de xullo, o interventor xeral emite novo informe relativo ós aspectos xerais da fiscalización no exercicio 2008, que figura no expediente e se transcribe deseguido:

“O artigo 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/03 do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, atribúe á Intervención Xeral Municipal a función de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e control de eficacia. Engade o indicado precepto que a Intervención Xeral Municipal exercerá as súas funcións con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

A función interventora alcanza o contido dado polo artigo 214 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL). Os informes de fiscalización que emite o órgano interventor, afectan tanto ao fondo como á forma dos asuntos, segundo prevén o artigo 215 do TRLRHL pero, en todo caso, deben ser previos a cada fase de tramitación de gasto e, en todo caso, previos á adopción do acordo ou resolución do órgano competente.

En materia de ingresos, en desenvolvemento do apartado 4 do artigo 219 do TRLRHL, a base 41ª das de execución do orzamento para o exercicio económico do 2008, contempla a substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

No entanto o anterior, en moitos supostos de xestión de ingresos, na práctica, veuse utilizando o procedemento de fiscalización previa e, en todo caso, sempre que se trate de ingresos afectados.

Así mesmo, debemos significar que aquelas actuacións posteriores de comprobación víronse fortemente condicionadas, limitando a posibilidade do seu exercicio dunha forma extremadamente significativa, pola progresiva redución dos efectivos adscritos ao servizo municipal de fiscalización como consecuencia de xubilacións, traslados, falecementos e baixas por enfermidade, estas últimas en postos de máximo nivel con labores directos ou de colaboración no desempeño da función. Estas circunstancias tamén condicionaron a realización do control financeiro.

En materia de obrigacións e gastos seguiuse con carácter xeral o procedemento de fiscalización previa previsto no artigo 214 e seguintes do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, ao non facer uso, con carácter xeral, a Corporación da posibilidade de fiscalización previa limitada prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 219 do corpo legal indicado.

No entanto o anterior e como excepción a iso fixo uso a Corporación da posibilidade de fiscalización limitada a que alude o artigo citado anteriormente respecto dos gastos do Capítulo I (“Gastos de persoal”) do estado de gastos do orzamento, nos termos que se establecen na Base 32ª e seguintes das de execución dos orzamentos do ano 2008.

Na tramitación dos expedientes correspondentes en materia de gastos de persoal, viñéronse formulando por esta Intervención observacións e consideracións co alcance e efectos previstos nas normas indicadas anteriormente e no ámbito da fiscalización limitada. A continuación recolleamos algunhas destas observacións.

En primeiro lugar, queremos referirnos a determinados expedientes que conteñen propostas de **formalización de contratos laborais de duración determinada na modalidade de obra ou servizo, vinculados a subvencións doutras Administracións Públicas**, e nos cales vimos deixando constancia do cambio de criterio xurisprudencial nas condicións e esixencias para levar a cabo estas contratacións. A continuación reproducimos o exposto neste sentido:

“(...) Exposto o anterior e co alcance e efectos previstos na citada Base 32ª e seguintes das de execución dos orzamentos municipais vixentes formulamos as consideracións e observacións que se expoñen a continuación.

Como se deixa exposto o contrato laboral que se propón formalizar é un contrato laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado. Este tipo de contrato atópase previsto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores, sinalándose no mesmo que tales contratos teñen por obxecto a realización de obras ou servizos, con autonomía e substantividade propias dentro da actividade da empresa e cuxa execución, aínda que limitada no tempo, sexa en principio de duración incerta.

A contratación que se propón no expediente vincúlase ademais a unha subvención, de tal xeito que a duración incerta pero limitada no tempo vincúlase á dotación orzamentaria que recolle o importe da subvención outorgada e igualmente identifícase a obra ou servizo determinado obxecto de contratación co programa público que a subvención concedida financia.

Baixo esta formulación veuse admitindo, ata épocas recentes, pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo, a posibilidade da utilización desta modalidade contractual, fundamentándose en que por unha banda a subvención procede dun terceiro e non dunha consignación orzamentaria do propio empregador, de tal xeito que o termo daquela non depende en absoluto da vontade do contratante, e doutra banda e precisamente en base a iso o contrato de traballo ten unha duración incerta, en cuxa terminación interveñen factores á marxe da vontade da Administración local.

En definitiva, baixo este punto de vista inicialmente a xurisprudencia do TS adoitaba esixir, cando o contrato ía ligado á realización dun programa ou proxecto subvencionado, o recoñecemento do programa ou proxecto subvencionado como servizo determinado, de modo que viña considerando que a validez destes contratos laborais temporais por obra ou servizo non dependía da natureza da

actividade a desenvolver, senón que se vinculaba exclusivamente ao feito da dependencia orzamentaria (por todas, SSTS do 28 de xullo de 1995 (RJ 1995, 6346)). Aínda que é certo, que esta posición xurisprudencial foi cuestionada por algúns tribunais autonómicos, que consideraban o contrato para a realización dunha obra ou servizo determinado non pode ser elixido para cubrir necesidades permanentes do organismo público.

Pero este criterio vese completamente alterado coa entrada en vigor da Lei 12/2001 do 9 de xullo de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, que introduciu un novo apartado no artigo 52 do Estatuto dos Traballadores, polo que se autoriza a extinción do contrato por causas obxectivas: “No caso de contratos por tempo indefinido concertados directamente polas Administracións Públicas ou por entidades sen ánimo de lucro para a execución de plans ou programas públicos determinados, sen dotación económica estable e financiados mediante consignacións orzamentarias ou extra-presupostarias anuais consecuencia de ingresos externos de carácter finalista, pola insuficiencia da correspondente consignación para o mantemento do contrato de traballo de que se trate?”

E a partir de aquí e con esta referencia normativa a doutrina xurisprudencial considera que non xustifica a temporalidade que require este tipo de contratos laborais o feito de que a obra ou servizo a realizar ou prestar dependa dunha dotación orzamentaria allea á Administración empregadora, por canto que esa dependencia non demostra por si soa a temporalidade da obra a realizar ou servizo a prestar, nin é elemento decisivo e concluínte, porque non é esa a causa habilitante de tales contratos, o dato que a execución da obra ou servizo estea supeditada á correspondente asignación ou dotación orzamentaria de procedencia allea, limitadas no tempo e variables, podendo cualificarse de indefinida unha relación laboral, a pesar da existencia dunha subvención, pois evidentemente tamén poden financiarse servizos permanentes da Administración por medio de subvencións.

En síntese e como conclusión o criterio da doutrina actual respecto deste tipo de obras e servizos vinculados a unha subvención é o seguinte STS do 19 de marzo do 2002 (RJ 2002, 5989) e 21 do marzo do 2002 (FJ 2002, 5990):

- 1. A existencia dunha subvención non é elemento decisivo e concluínte, por se mesmo, da validez do contrato temporal causal.*
- 2. É preciso atender á natureza, permanente ou non, do servizo que non pode confundirse coa temporalidade das subvencións. Deste xeito se o servizo é permanente, o que pode presumirse se continúa a actividade tras finalizar a subvención, debe considerarse como despedimento improcedente unha extinción contractual que se ampare no termo da subvención.*
- 3. A perda ou insuficiencia da subvención debe determinar, se a natureza dos servizos é permanente, a extinción por causas obxectivas individual ou colectiva. A extinción da relación laboral por decisión unilateral da Administración podería levar a cabo por causas obxectivas artigo 52.e) ET, ante a perda ou insuficiencia da subvención.*

Por conseguinte, non pode entenderse minimamente cumprida a esixencia da

identificación precisa e clara da obra ou o servizo obxecto do contrato coa referencia a un “proxecto subvencionado” entre varias Administracións. Nin tampouco á constatación de que o mesmo finánciase con dotacións anuais, esíxese ademais que se identifique con precisión a obra ou servizo que de cobertura ao contrato a termo. Pero ademais do mesmo xeito que no caso de que o empregador fose unha empresa privada, é esixible con rigor que o traballador preste servizos no proxecto subvencionado cunha dotación procedente dunha entidade diferente do empregador (STSJ de Galicia de 20 de marzo do 2002 (AS 2002/898).

Polo tanto, á esixencia de que a dotación extra-presupostaria constitúa efectivamente unha subvención, que depende na súa continuidade dunha vontade externa á propia Administración contratante, súmanse as esixencias ordinarias de todo contrato de obra e servizo:

- *Identificación precisa da obra ou servizo*
- *Desempeño por parte do traballador de funcións exclusivamente ligadas co proxecto obxecto da subvención; e*
- *A natureza non permanente do servizo, que non pode confundirse coa temporalidade das subvencións. (...)”*

Así mesmo, tamén veñen efectuando observacións en relación ás contratacións laborais en xeral tramitadas polo servizo de Promoción de emprego e en particular nas que concorren as circunstancias de financiamento indicadas anteriormente, en razón a que na tramitación dos expedientes correspondentes debe incorporarse informe do Servizo municipal de Recursos Humanos.

En segundo lugar, tamén queremos referirnos a observacións que, con carácter preventivo e con idéntico alcance e condicións que as referidas anteriormente, viñéronse realizando na emisión de informes de fiscalización en expedientes tamén en materia de contratación laboral temporal, e neste caso en canto á limitación prevista na normativa vixente en relación á **sucesión ou concatenación de contratos temporais**.

Tal limitación vén dada pola transposición da directiva 70/99/CE, do 28 de xuño, para aplicar o Acordo Marco sobre o traballo de duración determinada, ao noso dereito interno a través do RD Lei 5/2001, do 2 de marzo, de Medidas Urxentes de Reforma do Mercado de Traballo, a Lei 12/2001 do 9 de xullo e, ante todo, a súa incidencia na fraude de lei ata alcanzar a reforma de 2006, operada inicialmente polo RD Lei 5/2006 do 9 de xuño e logo pola Lei 43/2006, do 29 de decembro, que persegue, do mesmo xeito que a de 2001 e 2002, lograr unha maior estabilidade no emprego.

Como é sabido o obxecto que a Directiva comunitaria indicada persegue é a mellora na calidade do traballo de duración determinada garantindo o respecto ao principio de non discriminación, o que afecta á fraude de lei, e establecer un marco para evitar os abusos derivados da utilización de sucesivos contratos ou relacións laborais de duración determinada, que se afecta á doutrina da fraude de lei cando unha utilización indiscriminada da contratación temporal de forma concatenada pon de manifesto o sometemento do traballador á realización de labores de carácter permanente, incumprindo, en consecuencia, a finalidade do contrato de

duración determinada e o seu obxecto.

En virtude da normativa indicada introduciuse unha nova regra a teor da cal adquiren a condición de fixos os traballadores que nun período de 30 meses sexan contratados para ocupar o mesmo posto de traballo na mesma empresa durante un prazo superior a 24 meses, con ou sen solución de continuidade, a través de dúas ó máis contratos temporais, baixo algunha das modalidades que se establecen, e tanto se foron concertados directamente pola empresa coma se esta fai servizo de empresas de traballo temporal.

A nova regra indicada aplícase tanto ás empresas do sector privado como ás Administracións Públicas e aos seus organismos autónomos, pero neste caso a consecuencia da superación do límite, non é a adquisición da condición de traballador fixo, senón a de traballador indefinido non fixo, pois a fixeza está condicionada á superación das probas de ingreso derivadas dunha convocatoria pública para a cobertura da praza, presidida polos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade (artigo 23 e 103 CE). Tal consecuencia o é sen prexuízo da obrigación da Administración correspondente de proceder á cobertura do posto de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios (disposición adicional 15ª Estatuto dos Traballadores).

Tamén queremos facer mención neste informe á dotación para grupos municipais. A Lei 11/1999, do 21 de abril e posteriormente a Lei 57/03, do 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificaron a redacción do apartado terceiro do artigo 73 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, habilitando a posibilidade de que o Pleno da Corporación con cargo aos orzamentos anuais, poida asignar aos grupos políticos unha dotación económica e obrigando aos mencionados grupos a levar unha contabilidade específica da dotación asignada, que debe estar a disposición do Pleno da Corporación sempre que este órgano o pida.

No exercicio 2008 asignouse unha dotación total de 98.940,51 euros con cargo á partida 1110.4890001 "Dotación Grupos Políticos", do orzamento do Concello.

O importe para cada grupo vén determinado por dous compoñentes, un fixo de 10.818,21 euros e outro variable de 2.462,44 euros, sendo os pagos efectuados no exercicio os seguintes:

Grupo Partido Popular	42.829,93 €
Grupo Partido Socialista	32.980,17 €
Grupo Bloque Nacionalista Galego	23.130,41 €

A Base 39ª das de execución do orzamento vixente para o ano 2008 regulou o réxime de xestión desta dotación económica establecendo que o seu control interno se levará a cabo pola Intervención Xeral mediante un sistema de fiscalización diferida ou control financeiro sobre o investimento ou destino dos fondos, que se realizará no exercicio inmediato seguinte. A día da data non se recibiu nesta Intervención Xeral a contabilidade e os seus xustificantes da dotación económica de ningún Grupo político, polo que os indicados pagos e gastos non foron controlados nin fiscalizados por esta Intervención Xeral como órgano de

control interno.

Finalmente, como sinalamos anteriormente os informes de fiscalización deben ser previos a cada fase de tramitación dos gastos e, en todo caso, previos á adopción do acordo ou resolución polo órgano competente.

A continuación facemos referencia a aqueles supostos de execución de expedientes de gastos tramitados no exercicio 2007, nos que non se observou o requisito aludido anteriormente, agrupados en tres categorías:

A) Acordos adoptados sen fiscalización previa:

Pola Secretaría da Xunta de Goberno Local e polas unidades xestoras, remitíronse a esta Intervención Xeral durante o ano 2008, expedientes de gasto contendo acordos adoptados por órgano competente, habéndose omitido nos mesmos o trámite preceptivo de fiscalización previa. En todos os supostos existía crédito adecuado e suficiente para afrontar o gasto e o órgano que adoptou o acordo era competente.

O montante total dos acordos adoptados sen fiscalización previa en materia de gastos durante o ano 2008 ascendeu a 5.230.312,66 euros.

O número de expedientes tramitados por este procedemento foron 53.

Atópase nesta Intervención a documentación relativa aos acordos que se adoptaron sen a preceptiva fiscalización, así como a copia do documento contable onde se fai constar a dilixencia de “toma de razón”.

B) Indemnizacións substitutivas por obrigacións nacidas dentro do orzamento.

De acordo co previsto na Base 26ª das de Execución do Orzamento, durante o ano 2008 informáronse 73 expedientes de indemnización substitutivas de actuacións e gastos por un importe total de 6.707.351,88 euros. Este procedemento seguiu nos expedientes que contiñan obrigas ou gastos nos que esta Intervención Xeral observou a súa realización sen ser obxecto de fiscalización previa. En todos os casos existía crédito adecuado e suficiente para facer fronte á correspondente obrigación no momento en que se realizou o gasto e no que se tramitou o expediente.

C) Indemnizacións substitutivas por obrigacións nacidas fóra do orzamento (Recoñecemento extraxudicial de crédito).

No transcurso do ano 2008 adoptáronse acordos pola Xunta de Goberno Local, de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 712.512,56 euros, imputándose na súa totalidade aos créditos do orzamento corrente mediante afectación de créditos. O número de expedientes afectados por este recoñecementos foi 21.

Este procedemento establece con carácter excepcional, sendo a súa finalidade facer fronte a obrigacións que xorden fronte a terceiros para evitar o

enriquecemento sen causa que puidese xerar como consecuencia do funcionamento anormal da Administración, en consecuencia, a súa utilización non pode xeneralizarse establecendo un procedemento case-habitual, de tal xeito que a Xunta de Goberno Local apareza como un órgano de “xestión”, situación que tería que corrixirse reconducindo a xestión do gasto público local conforme á normativa xurídico-financeira e procedemental que resulta de aplicación.

Atópase nesta Intervención a documentación relativa a estes expedientes, incluíndo o informe emitido por esta dependencia para cada caso.”

Durante o prazo sinalado no edito da Alcaldía, publicado no Boletín Oficial da Provincia do 12 de xuño de 2009, segundo certificación da Secretaría Xeral do Pleno de data 13 de xullo, non se presentou no Rexistro Xeral deste Concello ningunha reclamación.

Visto o anterior, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión Especial de Contas, en sesión do 31 de xullo, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe vimos aquí unha vez máis falar de números, de contas, de xestión municipal. O orzamento pasa por distintas fases. Hai unha primeira fase de elaboración no mes de outubro, logo comezan os documentos de execución do orzamento, preséntase a liquidación e o orzamento péchase coa aprobación da Conta Xeral que é o que se supón o punto final.

Pero eu non quero que este sexa o punto final dun orzamento e por iso eu hoxe non quero falar de cifras senón de persoas porque o que está detrás de cada unha das cifras que nós puxemos no primeiro orzamento que se aprobou en tempo e forma nesta cidade é unha familia, é unha persoa. Se nós propuxemos xa o 30 de outubro do ano pasado e lembro moi ben aquela data, nada máis chegaren o Grupo socialista, que queríamos 500.000 euros para un inglés gratuíto nas escolas públicas, estabamos defendendo unha educación igualitaria entre todos os rapaces, que os rapaces das escolas públicas tiveran as mesmas oportunidades que os das escolas privadas. O goberno socialista chegou e apostou polo ensino público, mentres que cando outros chegaron á Xunta o primeiro que fixeron foi retirar a gratuidade dos libros de texto. Esa é a diferenza entre o orzamento que defendeu o Partido Socialista nada máis chegaren ó goberno e o que están defendendo outros gobernos do Partido Popular cando chegan ó goberno.

Non imos falar de cifras pero cando nós puxemos no orzamento millón e medio para programas de emprego e propuxémoslle tres millóns á Xunta para máis programas de emprego, estamos falando de familias, de persoas que estaban en exclusión social, que estaban no INEM e máis agora, de persoas desempregadas que necesitaban unha nova oportunidade. Nós démoslles unha nova oportunidade a centos de persoas e de familias.

Se queren seguimos sen falar de números, pero cando nós puxemos no orzamento 150.000 euros para a supresión de barreiras arquitectónicas estabamos a pensar neses centos de persoas que hai na nosa cidade con dificultades de mobilidade que teñen problemas para subir unha beirarrúa, pensando tamén nas nais e pais que tiñan dificultades para subir as beirarrúas cos carros dos nenos, ou nas avoas que van co carro da compra e cando teñen que atravesar o paso de peóns o teñen que levantar. De novo estamos a falar de familias, de persoas con dificultades nesta cidade ás que lles resolvemos un problema cotiá.

Sigo falando dos dous millóns de euros para mantemento das nosas rúas porque, cantas persoas tropezaban nas lousas desta cidade? Cantas reclamacións había en Patrimonio porque un coche tropezara nunha focha? Puxemos dous millóns para que centos de persoas que circulaban no seu coche, centos de peóns que pasaban polas beirarrúas, non atopasen problemas.

Falo máis, falo de case catrocentos mil euros para parques infantís. Que é esta cantidade para parques infantís? Foi para máis de vinte parques infantís. Falo de parques infantís novos como o que está na rotonda de Navia, falo de moitos parques infantís novos repartidos como o de Valladares, para que os maiores poidan xogar a partida mentres os nenos xogan tranquilamente nun bambán; o mesmo que está pasando en Cabral xogando ó dominó o avó e o rapaz xogando no parque infantil. Máis de vinte parques infantís remodelados, ampliados, adaptados; iso é o que está nas cifras, familias ás que lles fixemos máis agradable a súa vida.

Por suposto que tamén alamedas en distintas parroquias coma a de Beade. Por fin Beade ten unha alameda digna, cun parque infantil, un sitio onde poden aparcar os coches tranquilamente, un sitio onde poden celebrar a festa, onde poden ir os maiores descansar. De novo centos de familias víronse afectadas positivamente por este orzamento.

Non me quero esquecer dos dez millóns de euros en humanizacións. Que é esta

cantidade en humanizacións? Foron actuacións na rúa Coruña, no barrio de Bouzas, no Mercado de Teis, en Sanjurjo Badía, en Balaídos, na zona de Castelao, Calvario, Povisa... De novo estamos falando de milleiros de familias que agora están circulando por un contorno moito máis humano, agradable e bonito, estamos embelecendo toda a cidade e non só o centro como fixeron algúns, as nosas actuacións están por toda a cidade. Vaian ó barrio que queiran, poden ir polo Calvario, Valladares, Cabral; vaian onde queiran porque estamos actuando en toda a cidade e iso é o que está detrás do orzamento e detrás da Conta Xeral.

Cunha pouca de melancolía onte fixen un repaso de todo o que aconteceu este ano, lembrei como estaba aquel mes de outubro preparando aquel orzamento e atopeime cun documento que eu mesma fixen nunha folla *excell* de comparanza co orzamento que fixeran vostedes. Vostedes sempre din que non tiveron orzamentos e é mentira porque vostedes si fixeron orzamentos, tiveron un orzamento no 2005 e nun orzamento plásmase o obxectivo que se quere para a cidade. Eu comparei ese obxectivo que vostedes tiñan para a cidade co orzamento que nós elaboramos en outubro de 2007. Onte asombrábame unha vez máis da diferenza entre a súa ideoloxía política e a nosa porque mentres vostedes poñían só catro millóns de euros para Benestar Social, que son precisamente os máis desfavorecidos, nós poñiamos máis de cinco millóns e medio; millón e medio de diferenza apostando polos máis desfavorecidos.

En canto ó urbanismo, nós en tres meses aprobamos un Plan Xeral que vostedes non conseguiron aprobar en tres anos e apostamos por levar a cabo ese Plan urbanístico. Vostedes só lle daban a Urbanismo catro millóns de euros e nós démoslle máis de cinco millóns de euros.

Apostamos por parques e xardíns, por embelecer a cidade, porque os nosos maiores poidan descansar, porque teñan un banco onde ir cos seus netos e mentres os netos xogan eles se senten nun banco, banco que hoxe eu tamén utilizo, miren por onde, séntome coa miña familia a tomar un xeadó e podo ver tranquilamente á xente pasar, porque nesta cidade vostedes nin sequera se decataram diso. Pasamos de cinco a sete millóns de euros en Parques e Xardíns.

Vostedes non se preocuparon da limpeza da cidade, en ningún momento remexeron os colectores, nin se preocuparon pola limpeza do botellón; destinaban menos de trinta millóns de euros á limpeza e nós trinta e cinco millóns de euros para a

limpeza da cidade.

En canto ó deporte, o mesmo. Vostedes destinaron tres millóns e nós máis de catro millóns de euros. Para as asociacións veciñais nós medio millón de euros máis do que vostedes propuxeron para que as asociacións veciñais poidan arranxar os seus espazos de reunión, arranxar un pequeno problema do baño, un espello, unhas luces, uns farois... Medio millón de euros para as asociacións onde se xuntan os barrios e as parroquias.

Tiñan vostedes no orzamento do 2005 en humanizacións un millón de euros. Esa era a súa aposta pola cidade. Nós apostamos por oito millóns de euros que coa remodelación da rúa Coruña transformáronse en dez millóns. O mesmo a aposta polo transporte público. Tiñan vostedes cinco millóns de euros e nós introducimos nove. Esa é a diferenza entre vostedes e nós, esa é a nosa aposta: polo público, pola xente, pola cidade.

Pódolle dar máis datos xerais, globais, pódolle falar de que se se reduciu a débeda viva, que se o resultado orzamentario neste momento supera os trinta millóns de euros que é moito mellor do que tiveron vostedes, que o índice de endebedamento reduciuse do 21.5% ó 17,7%, que o endebedamento baixou de corenta e sete a corenta e seis, que os investimentos acadaron case trinta millóns de euros, que os índices de execución foron de 0,8, de 0,81, 0,84... Podería falar de moitos números pero non o quero facer porque do que quero falar é das persoas que se beneficiaron deste orzamento: as clases sociais máis baixas, os máis desfavorecidos pero en xeral toda a cidade de Vigo foi a que se beneficiou dunha mellora xeral rúa por rúa, barrio por barrio, persoa por persoa. Estamos chegando a toda a cidade.

O que está detrás da Conta Xeral é a mellor xestión dos últimos anos e polo tanto o que está detrás desta Conta Xeral é que o Alcalde que temos hoxe aquí é o mellor Alcalde que pode ter a cidade de Vigo. Moitas grazas.

SR. CONDE GIL: Bos días a todos e a todas e especialmente á Sra. Díaz pola súa incorporación a este Concello, aínda que logo de escoitala a verdade é que me soa a despedida, parece que estea facendo recapitulación do que fixo neste tempo. Non sei se confirmarán entón as mensaxes que nos chegaron a través da prensa durante o pasado verán. En todo caso espero que estea ben de "saúde" e que siga adiante.

Pero lle digo outra cousa: non me estraña que non queira falar da Conta Xeral e que si queira centrar de novo o seu discurso nunha actitude didáctica á que xa nos ten acostumados, debe ser pola súa profesión universitaria, pero sobre todo demagóxica. Hoxe podemos afirmar que a Sra. Concelleira de Economía e Facenda aprendeu moito neste tempo, debe ser a reflexión da baixa, e converteuse aínda en máis demagoga do que adoitaba.

Pero non vou evitar falar dos temas dos que falou vostede, aínda que coido que eran máis propios dun debate en televisión ou noutro ámbito pero coido que nos debemos centrar en primeiro lugar naquilo do que vostede non quixo falar, a Conta Xeral que ven a este Pleno. Comezarei polo principio.

En primeiro lugar está o informe de Intervención que presentan coa Conta Xeral e que salienta aspectos moi interesantes. Non sei se pola súa recente incorporación tivo tempo do ler, pero dende logo debería facer reflexionar moi seriamente ó goberno. Quizais por estes informes é polo que vostedes hoxe nos falan do divino e do humano e ó final non falan de absolutamente nada.

No informe do Interventor temos que salientar en primeiro lugar o que xa ven sendo un costume neste Concello dende que goberna o Sr. Caballero: o escurantismo. Semella que se quere que as cousas flúan e que se agochen o máis posible. O que deducimos deste informe é que se intenta que o labor da Intervención tan importante e, por certo, baseada nas leis vixentes, pase o máis desapercibida posible e mesmo coido que alguén pensa que ogallá non se fixese e digo isto porque no propio informe se di: “Debemos significar que aquelas actuacións posteriores de comprobación víronse fortemente condicionadas limitando a posibilidade do seu exercicio dunha forma extremadamente significativa pola progresiva redución dos efectivos adscritos ó servizo municipal de fiscalización como consecuencia de xubilacións, traslados, falecementos, baixas por enfermidades; estas últimas en postos de máximo nivel, con labores directos ou de colaboración no desenvolvemento da función. Estas circunstancias tamén condicionaron a realización do control financeiro”.

É evidente que a vostedes non lles interesa o control porque puideron dotar á Intervención dos medios humanos necesarios e non o fixeron. Igual é que lles molesta o que lles digan dende a Intervención, cousa que se seguimos o informe non me estraña nada. Primeiro lles dan un bo pau coas contratacións. A min que se

fale case de fraude de lei nas contratacións cando se fan con cargo a subvencións doutras administracións públicas polo menos me sacaría as cores. Iso tamén son persoas, Sra. Díaz.

En canto ós acordos adoptados sen fiscalización previa, o montante en materia de gastos durante o ano 2008 ascendeu a máis de cinco millóns de euros en 53 expedientes. Se iso non é para que polo menos se poña vostede colorada e deixe de falaren tanto das persoas e se centre na Conta Xeral, que veña Deus e o vexa.

En indemnizacións substitutivas por obrigas nacidas dentro do orzamento hai 73 expedientes con 6.700.000 euros. Este é outro dato interesante. Indemnizacións substitutivas por obrigas nacidas fóra do orzamento; recoñecementos extraxudiciais de crédito: case 800.000 euros. Parece que o tema é bastante serio.

Pero non queda aí a cousa. Polo que vexo vostedes son uns auténticos “gurús”, aínda que, por certo, esta Conta Xeral non ven en tempo. A vostedes que lles gusta tanto e que presumen do tempo, saben que a hai que presentar antes do 15 de maio e presentárona o 26 ou o 27 de maio na Comisión de Xestión Municipal. Iso é ir fóra de tempo. Digo isto por seren vostedes tan puristas coas datas, aínda que veremos se este ano o son tamén.

Nótase que fixo vostede o orzamento nunha folla de cálculo. Supoño que logo lla corruxirían pero seguro que algunha deficiencia debe ter, nótase sobre todo no apartado de ingresos, aínda que tamén no de gastos, pero no de ingresos principalmente no tema de “outros ingresos”; neste caso as multas nas que vostedes presupostan 3.262.706,38 euros e as multas impostas por vostedes ós cidadáns son as que lles salvan os ingresos, senón estaríamos nun grave déficit. Digo isto porque a previsión de recadación destas multas ascende a 11.418.000 euros. Si, Sra. Díaz, esta é unha cuestión importante aínda que non me estraña que vostede non queira falar dela. Isto é o que aumentou a recadación por multas neste Concello.

Ás veces é importante facer algo desa historia que loxicamente nos leva ás hemerotecas e a cidadanía debe coñecer cal era a situación anterior. O Sr. Calviño dicía no ano 2006: “A falla de xestión do PP pode supoñer serios problemas económicos”. Isto era en relación co multa-móbil, dicía que a devolución das multas e unha serie de cousas máis podía levar a eses graves problemas. Dicían os xornais: “Xulio Calviño esixe ó PP a eliminación do multa móbil”. “O PSOE pide a

Corina que retire a función sancionadora do multa-móbil”. Agora resulta que os feitos son caprichosos e o tempo acaba poñendo as cousas no seu lugar porque vostedes utilizando este método, á parte doutros, fan que suba a recadación e a previsión de ingresos deste Concello en máis de oito millóns de euros.

Pero ademais agora, como o pasado venres demos unha rolda de prensa denunciando estas situacións, o Sr. Alcalde contéstanos dalgún xeito o domingo dicindo que vai eliminar o recargo das multas de aparcadoiro por non identificar ó condutor. Eu non sabía da capacidade legislativa do Sr. Alcalde para solucionar estes temas, pero os xornais dicían: “O Concello de Vigo suprime as polémicas multas de 300 euros”. Pero a polémica non é que se poida impoñer unha multa de 300 euros porque así está a lei e haberá que cumprila. Dende logo que nin o Alcalde, nin ninguén de nós somos quen para nos saltar a lei e facer o que queiramos con ela. Pero si que unha vez cumprida a lei o que non podemos é utilizar un método como é o das multas para recadar máis e equilibrar os orzamentos. A iso se lle chama mala xestión e débesele achacar a este goberno.

Por outra banda e en canto ós gastos estamos outra volta en máis do mesmo que vimos denunciando dende hai moito tempo e que a vostedes lles dá un pouco igual porque como o diñeiro sae do peto de todos os vigueses e viguesas impórtalles pouco.

O desfase en gastos de publicidade é algo impresionante, é máis dun 20%. Teño aquí as notas e verán que en azul está o que vostedes prevían para gastaren en publicidade e en vermello o gasto comprometido e vese que hai cousas increíbles.

En Muller presupostábase no seu día nesa folla de cálculo que logo lle corruxaron, que a publicidade se ían destinar 37.264,01 euros. Gastaron 130.536,36 euros. De Tenencia de Alcaldía xa nin falemos e en Protocolo pasa exactamente o mesmo.

Sei que lle aburren os datos, Sra. Díaz, xa dixo que non ía falar de datos, que ía falar de persoas e coido que é porque estes datos son así e non lle gustan. Vaia xestión, dende logo que se o que nos estaba salientando aquí era o seu resume de xestión política, que veña Deus e o vexa.

Hai un terceiro tema do que xa falamos neste Pleno nalgunha outra ocasión, en concreto no anterior Pleno co Sr. López Font a quen logo lle farei unha apreciación se non a toma a mal nin o considera unha alusión persoal. É o tema dun indicador moi negativo que é o empeoramento no período medio de pagamento ós

provedores. Neste caso non vou utilizar as miñas palabras, pero pasamos de 39,10 días ata 69,15 días no primeiro ano completo do seu orzamento. Vou ler a Memoria que asina vostede, Sra. Díaz, coma Concelleira-Delegada da área de Economía e Facenda, e o Xefe de Contabilidade.

“Coa finalidade de mellorar os indicadores de pagamentos, débense buscar fórmulas que permitan que queden pendentes de pagamentos tan só as obrigas relativas ó último mes do ano. Nos demais casos o ritmo de execución do orzamento de gastos debe procurar que teña unha certa homoxeneidade ó longo do ano. En canto ás xustificacións das subvencións procurarase adiantar o prazo de xustificación, de tal xeito que o mes de decembro sexa basicamente para facer os pagamentos. Unha mellor planificación da execución do orzamento terá efectos positivos nos indicadores orzamentarios e financeiros e contribuirá a mellorar a eficiencia orzamentaria”. Isto é o que di vostede co que está recoñecendo que existen estes problemas.

Teño a desgracia de ter boa memoria e lembro que no anterior Pleno o Sr. López Font nos acusaba e dicía que o noso goberno era o único que tiña facturas nos caixóns e que agora o pagamento era rápido. Voulle poñer só un exemplo que non é deste orzamento, é do vixente no 2009 pero coido que ven bastante ó caso e igual dá un pouco de luz para mellorar a xestión municipal. Neste Concello o 22 de decembro de 2008 ten entrada unha factura para aboar un vídeo que, por certo, ó Sr. Domínguez Olveira non lle gusta moito que fale del pero me dá exactamente igual e penso seguir falando o que queira sobre o tema. Foi un vídeo que lle custou nada máis nin nada menos que 180.000 euros ás arcas municipais e polo tanto ós cidadáns. Entrou a factura no Concello o 22 de decembro e resulta que o 3 de agosto, case nove meses despois, lévase a unha Xunta de Goberno o recoñecemento extraxudicial de crédito dunha partida que estaba consignada no orzamento para aboar esa factura.

Se iso non é atrasar os pagamentos, Sr. López Font e Sra. Díaz, que tamén veña Deus e o vexa; son oitos meses, pouco máis dos 69,15 días de media. Coido que o ano que ven terán a media un pouco máis alta.

Querería preguntarlle á Presidencia se vou ter algunha outra intervención. Digo iso porque o outro día houbo bastante lea coas intervencións.

A PRESIDENCIA: Non houbo ningunha lea. Parece que a lea a tiveron vostedes. Eu teño aquí o informe da Secretaria. Vostede ten as intervencións que lle corresponden que son esta e outra logo. En todo caso e con respecto a esta, téñolle que dicir que leva quince minutos e o seu tempo era de dez.

SR. CONDE GIL: Eu creo, Sr. Presidente, que o tema é da suficiente importancia como para falar quince, vinte minutos ou media hora.

A PRESIDENCIA: Eu só infórmoo da situación obxectiva.

SR. CONDE GIL: Entón resérvome para a seguinte intervención.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Querería agradecer en primeiro lugar as palabras do Sr. Conde Gil sobre que eu estea hoxe aquí presente pero dóeme que faga caso das especulacións, porque cando vostede enfermou dende o meu grupo non se especulou sobre se volvería, se estaría ou non. Eu non son futuróloga pero lle podo asegurar que eu estarei aquí os dous anos e de quererem o Alcalde os catro seguintes e os seguintes porque estou moi a gusto co labor que estou facendo. Sinto a palabra que vou utilizar porque é dura e non a utilizo nunca, pero coido que é de moi mesquiños utilizar a saúde dunha persoa para a atacar persoalmente no seu traballo; seméllame moi mesquiño.

Cando lembraba a historia dun orzamento, lembrábaa con nostalxia porque lembraba todos os pasos polos que pasamos o orzamento. Cando en outubro elaboramos este orzamento eu, que teño tamén boa memoria, lembro as súas palabras dicindo que era un mal orzamento, que este era un bi-goberno; xa antes se falaba de que nin seríamos quen de elaborar un orzamento, dicíase que non había acordos entre o Alcalde e o Tenente de Alcalde que era o vice-Alcalde, falábase así de dúas cabezas, de que se eramos un goberno bicéfalo... Había moitas dúbidas sobre se tan sequera seríamos quen de elaborar un orzamento. Pois non só fomos quen de elaborar senón que o aprobamos a tempo por primeira vez na historia de Vigo. Vostedes tiveron goberno e mesmo maioría absoluta e nós fomos quen de elaboralo en tempo e forma e así o 1 de xaneiro o orzamento entrou en vigor, algo que nin sequera vostedes con maioría absoluta conseguiran.

Lembro cada un dos pasos polos que pasou ese orzamento. Primeiro dubidaban de que o podíamos facer, despois de se o poderíamos levar a cabo e nós presentamos o primeiro estado de execución, algo que vostedes nunca fixeron. Nós presentámolo cos datos que nos daban, os mellores porque en tres meses xa levabamos executado gran parte do orzamento. Presentamos os seguintes meses o segundo estado de execución. Nese momento vostedes dicían que se non se pasara por Mesa de Contratación ou non sei que, pero o orzamento seguía executándose. O resultado está aí e é o que dicía sobre que non fai falla falar de números porque abonda con saír ás rúas e ver o que está pasando nesta cidade.

Así pasou o estado de liquidación e tamén hoxe a Conta Xeral, pero xa dixen que isto non é un punto final e, como xa dicía en outubro, esta é a primeira pedra. Quedeime curta cando falei da primeira pedra porque, cantos milleiros de lousas estanse poñendo nestes momentos na cidade? Eu non levo a conta pero son milleiros de lousas de granito as que se están introducindo nesta cidade. Eu falaba da primeira pedra pero isto é moito máis que unha primeira pedra, foi unha bola de neve. Comezamos sendo moi claros co obxectivo político que queríamos e levámolo a cabo. Transformamos toda a cidade de principio a fin.

Falou vostede de que se no informe de Intervención hai escurantismo e eu dígolle que por primeira vez a Conta Xeral está colgada na páxina web. Non só se fixo unha exposición ó público nunha sala que non se sabe moi ben onde está, senón que colgamos a Conta Xeral na páxina web para que todo o mundo a puidera ver completa. Non agochamos nada, está dispoñible para todos os cidadáns de Vigo, os que non teñen ordenador na súa casa pódense achegar ó Concello e aquí consultar a páxina web, páxina que, por certo, esta concelleira instalou, fíxose dende a miña concellería cando nós chegamos. Fixemos unha páxina web onde colgamos toda a información económica do Concello, fomos o primeiro concello en dar transparencia económica. Colgamos os orzamentos, as bases do orzamento, os estados de execución e, por suposto, tamén colgamos a Conta Xeral. Está aí para que a poida ver todo o mundo.

Falou de acordos que pasaron sen fiscalización, utilizou uns datos e comparounos. Comparemos pois todos os datos de fiscalización e pódese ver que hai uns gastos no ano 2008 de seis millóns e pico de euros, pero tamén explique a causa porque resulta que vostedes non tiñan ben as contas con SOGAMA e que nós fixemos un

contrato con SOGAMA e tivemos que actualizar todos os pagamentos atrasados que tiñan vostedes con SOGAMA, nós tivemos que validar esas facturas porque senón SOGAMA non seguiría recollendo o lixo e todo iso era porque vostedes deixaran o contrato sen actualizar. Nós actualizamos ese contrato, fixemos un contrato legal e pagamos todas as facturas atrasadas, foi un servizo prestado aínda sen contrato e un acordo sen fiscalización. Por iso existen eses seis millóns de euros. Pero se vostedes collen o ano anterior aínda tiñan máis e sen saber por que, sen ter explicación. Nós temos as explicacións, temos ese contrato con SOGAMA.

En canto ós recoñecementos extraxudiciais de crédito pode ocorrer que por unha urxencia unha factura non chegue antes de decembro. Falou de 700.000 euros, pero non sei que me contan porque vostedes tiñan facturas do ano 2005, recoñecementos extraxudiciais de crédito por 8.000.000 de euros, ou non lembran a primeira modificación orzamentaria que fixemos? Claro que non se lembran porque se ergueron, púxoselles a faciana de todas as cores cando viron que chegara eu e poñéndome a facer as contas descubro 8.000.000 de euros sen pagar con algunhas facturas do ano 2005.

Na modificación orzamentaria do outro Pleno, que defendeu o Sr. López Font, ían máis facturas de Alcaldía por importe duns 300.000 euros. As facturas están presentadas a este Pleno. Segue habendo facturas de vostedes do ano 2005 sen pagar e entón, que me falan vostedes dos períodos medios de pagamento e de cobramento? Logo me fai gracia que le unha frase da Memoria onde presentamos unhas suxestións para mellorar, porque o que queremos é mellorar. Pero por que non le o que hai dous parágrafos máis enriba? Cales foron as causas de que puntualmente se modificase ese período medio de pagamento? Dígollo eu: está na páxina 72 e aí se explica que pasou co período medio de pagamento, fálase do problema que houbo con SOGAMA, do que houbo con FCC porque vostedes durante todos os seus anos de goberno non actualizaron o prezo do servizo de limpeza. Nós actualizámolo.

Resulta que presupostamos a 1 de xaneiro que imos actualizar o prezo de limpeza, por trámites chega a 31 de decembro e así milleiros de euros chegan a 31 de decembro cando xa estaba presupostado a 1 de xaneiro. Pero pagamos; pagamos 5.900.000 euros que vostedes levaban en atrasos en limpeza, máis a obra pública do pazo de congresos de Beiramar que tamén se recoñeceu a finais de ano por

13.000.000 euros, á parte o de SOGAMA.

Colla todas estas cifras, estes feitos puntuais porque actualizamos o prezo do servizo de limpeza que vostedes non tiñan actualizado, pagamos o pazo de congresos, SOGAMA; mesmo pagamos un mes máis de limpeza, pagamos trece meses porque había un mes de atraso. Actualizamos todo. Se restamos todos eses feitos puntuais melloramos, Sr. Conde, e iso di a Memoria. Pero vostede iso non o di, di o que estamos presentando con humildade dende Intervención. Que podemos mellorar? Si que podemos. Tentamos que dende os servizos non cheguen as facturas o 31 de decembro, que veñan o 20 ou a medida que vaian chegando, iso é o que pretendemos, ogallá calquera empresa de Vigo tivera a ratio de 28 días que é o que se tarda en pagar dende que chega unha factura.

Dicía vostede que eu non quería falar de datos, pero non é iso, é que eu entendo moi ben o que pasa e por que Jordi Sevilla lle dixo a Zapatero sobre a Economía: “Isto llo explico eu en dúas tardes”, ou algo así, pero coido que o Sr. Conde vai necesitar algunha máis porque confunde moitos conceptos económicos. Eu sei que para entender certos conceptos necesítanse dúas ou máis tardes.

En canto ó das multas non se recadaron 11.000.000 de euros. As previsións de ingresos por multas son as que aparecen no orzamento que son eses 3.000.000 dos que falaban o outro día. Como resulta que hai problemas de notificacións na xestión, hai o que se chama “dereitos recoñecidos” que son os que aparecen como 11.000.000, pero que sexa un dereito recoñecido ou que se crea que se pode ingresar non significa que se ingrese. Se hai problemas en notificacións, se non se dá localizado ó condutor, a multa automaticamente pasa de 30 a 300 euros, pero se hai problemas para notificar, tamén hai problemas de localización para cobrar e polo tanto esas multas de 300 euros nas que non se dá identificado ó condutor tampouco se dá conseguido cobralas.

Fala vostede do informe do Interventor pero só para o que quere porque se eu collo tamén o informe de Intervención da liquidación dise: “Por multas de tráfico, por dereitos recoñecidos (é dicir, o que se debería, o que teoricamente tería que ser) son 11.200.000 euros, pero só foron recadados 5.700.000 euros”. Eses foron os ingresos por multas e os outros xa se sabe que son de difícil recadación.

Pero non me quero quedar só con iso, quero coller os datos do ano pasado.

A PRESIDENCIA: Sra. Díaz, ten os seus dez minutos cumpridos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Só dar o dato de que cando vostedes gobernaban as previsións de seu no orzamento eran de 2.000.000 e o que recadaron foron máis de 4.000.000. Vostedes 2.000.000 de previsión e recadaron máis de 4.000.000. Nós 3.000.000 de previsión e recadamos 5.000.000. Esa é a diferenza.

SR. CONDE GIL: Ordenarei un pouco o tema porque a Sra. Díaz segue no seu, segue mentindo. Alégrome de que estea ben, non tiven ningunha actitude mesquiña coa súa enfermidade. Alégrome moito de que estea ben e así llo dixen o día que viú aquí o Presidente da Xunta, sinxelamente falei do que viña na prensa, pero me alegre moito de que estea ben.

Efectivamente vou necesitar máis de dúas tardes, pero xa é por responsabilidade política porque se o efecto de ter dúas tardes para aprender Economía é rematar como ese desastre de Presidente de Goberno que temos, prefiro estar un mes, dous ou tres anos aprendendo Economía antes que facer o que está facendo el. Aínda no día de onte un gurú da Economía, Nouriel Roubini, dicía que España terá graves dificultades os próximos anos e vainas ter precisamente pola irresponsabilidade dun señor que se chama José Luís Rodríguez Zapatero a quen, como é o Presidente do seu partido, lles gusta imitar en malgastar, en aumentar o gasto, en subir os impostos e en temas que non son excesivamente bos para os cidadáns, así como en adoptar medidas como as que estamos vendo pola prensa. A verdade é que el se afunde só, aí están as enquistas e aí estarán as eleccións cando se convoquen.

Centrándonos na cidade que é o que nos ocupa e o que nos debería preocupar, hoxe vemos na prensa dous titulares que, Sra. Díaz, xa que vostede estaba tan melancólica e facendo tantas referencias á súa xestión durante o pasado exercicio presupostario, deberían facerlle reflexionar: "A cidade sofre dous cortes de auga cada día polo ruinoso estado de 117 quilómetros de canalizacións". Páxina 2 do "Faro de Vigo" de hoxe. "A ruta dos géiseres". A min caeríame a cara de vergoña de presentarme aquí presumindo de dez millóns en humanizacións cando non dedicaron un só euro ó saneamento e ó abastecemento da cidade. Pode vostede presumir da rúa Coruña, de Bouzas, de Teís, de Balaídos ou do que queira. Fíxo un recoñecemento que é de agradecer: que cambiaron as lousas. É bo que recoñezan

que non humanizaron, senón que cambiaron lousas. É importante.

Outro titular do día de hoxe que ven moi interesante para vostedes é: “O alto custo do solo en Vigo frustra un lobby de nove auxiliares de Citroën”. Isto é moi preocupante. Vostede falaba de emprego, pero que emprego? Este é o Alcalde do desemprego, en Vigo aumentou o desemprego máis ca nunca e os exemplo que temos dos plans de emprego son que o ano pasado se fixeron plans para o fomento de creación de empresas por cento e pico mil euros, dos que só se deron coído que 50.000. Este ano rebáixase esa cantidade de xeito importante, publícanse as axudas un 18 de agosto e remata o prazo o 31 do mesmo mes, se esa é unha maneira de xestionar a creación de empresas nesta cidade e de crear emprego... Porque non se esquezan de que a xeración de emprego ven pola creación de empresas, se non hai empresas non hai emprego. Coido que iso llo aprendeu o Sr. Sevilla ó Sr. Rodríguez Zapatero. Non por dar 420 euros ó mes ós desempregados vaise xerar máis emprego.

Falou de moitos máis temas, das persoas, do inglés, da retirada da gratuidade dos libros de texto. Ese é un discurso absolutamente demagóxico. Gustaríame tamén saber onde están os cartos para a supresión de barreiras porque os cidadáns estanse queixando constantemente de que cada día se lle poñen máis barreiras nesta cidade, estanse realizando unhas obras que dicía o Sr. López Font o outro día que esperemos velas ó 31 de decembro. Eu coido que se están poñendo candeas e lévanselle ovos a Santa Clara por veren se xa chega o 31 de decembro e podamos facer algo máis que dar tropezos. Pero é que aumentaron as reclamacións a este Concello debido ó deficiente mantemento das rúas, aumentaron as caídas, as reclamacións dos vehículos. Sra. Díaz, se ven vostede mentirnos aquí polo menos fágao ben porque os datos están aí.

Falou das alamedas que se fixeron. Vostedes que tanto criticaron as flores, veñen agora presumir das alamedas? Alégrome que sexan como aquel que caeu do cabalo e converteuse.

Falou da limpeza. Eu xa sei que estamos en época de crise e que hai que aforrar, seino, pero que se substituíran os medios mecánicos de arranxar o céspede por ter un burro, ou un asno, ou un “pony”, non sei exactamente que animal é, pastando no parque de Matías dende hai non sei canto tempo, arranxando o céspede... Acaban de inventar vostedes a pólvora.

Vostedes, que “tan ben” se levan coa Asociación veciñal, veñen aquí presumir desa relación cando aínda viña no periódico de onte o que pasa co local da rúa Ecuador. Ten risa a cousa.

Dixo que os índices melloraron gracias a vostedes. Se os índices en algo puideron mellorar foi gracias á xestión que fixo o Partido Popular ata o ano 2007 porque de chegaren continuar na situación na que nos atopábamos cando tomamos o goberno municipal, que veña Deus e o vexa.

En canto ás facturas, inventa cifras como a de 8 millóns que deixamos nós en facturas, falou de que na anterior modificación presupostaria que viu ó Pleno e que defendeu o Sr. López Font e tivemos un animado debate, viña unha cantidade que se inventou de facturas anteriores. Gustaríame facer dúas ou tres precisións ó respecto.

En primeiro lugar que eran 200.000 euros o importe desas facturas. En segundo lugar, nun novo caso, exemplo, circunstancia de escurantismo deste Concello non viñan esas facturas no expediente, non estaban, non aparecen por ningures. Puxeron o expediente a exposición pública sen saber exactamente de que se trata. Eu teño a miña propia teoría ó respecto e supoño que a cidadanía a compartirá tamén: que estas facturas non eran do noso goberno e eu constatee que non trataban de temas do noso goberno senón anteriores e por iso non lles interesaba poñelas aí para ter o discurso demagóxico que fixo vostede, ese de “levamos 200.000 euros para un suplemento de crédito...” que, por certo, tal e como está nin cumpre coa legalidade vixente. Pero vostedes saberán porque son máis papistas que o Papa e van quitar as multas porque ó Sr. Alcalde lle parece que é un bo titular de prensa. Pois movéndonos por titulares de prensa, así vai a xestión deste Concello.

Falou de FCC, de SOGAMA e dunha serie de cousas, pero non sei se lembra, porque ademais os informes e as memorias fan bastante referencia a iso, debe ser por lavarse a cara, que estivemos cun orzamento prorrogado e se iso foi así e só se aprobou un orzamento no ano 2005 foi pola súa irresponsabilidade, porque non están ó carón das persoas como din, senón que están ó carón do electoralismo, da publicidade e da propaganda que, como lles demostrei coas gráficas que mostrei anteriormente, ó final é o que lles gusta. Para publicidade, protocolo, propaganda, “autobombo”... para iso todo o que sexa.

Fágolles unha proposta que non sae moi cara e que lles pode axudar a mellorar a recadación porque hoxe vemos nos xornais algo preocupante e é que a recadación municipal cae un 30% cando as cidades só esperaban o 0,03%; claro que fala das sete grandes cidades e cos gobernos que teñen nada me estraña que fallaran estas previsións que vostedes tiñan. Xa lles digo que boten unha Primitiva os xoves e os sábados, un Euromillonario os venres e igual acadan un bote destes fabulosos e tampouco é tanto gasto a finais do ano.

Se vostede me di que comeza a liala coa previsión das multas, ó final as que pagan son as persoas. Ademais vostedes son cabezóns porque este ano outra vez, no presuposto para o 2009 ven outra previsión de recadación por multas de coido que 3.100.000 euros, non teñen en consideración o que pasou, polo menos para se cubrir un pouco as costas.

Ademais dise o 8 de febreiro de 2009: "O Concello dobrará as prazas da zona azul onde recadou en medio ano dous millóns en multas". "A XER ampliarase o próximo ano e haberá dous tipos de tarifas e horarios". "O Concello logra recadar dous millóns en seis meses polas multas da XER". É este o sistema que utilizan vostedes para recadar? Dixo que ó final só se recadaron cinco millóns. Entón me quere vostede dicir que hai seis millóns de déficit no orzamento?

Igual é que estou aínda na cuarta tarde e ademais agora como o Sr. Sevilla se foi á empresa privada non podo utilizar os seus servizos para que me aprenda. Pero claro que se vostede me di que o orzamento está equilibrado porque pon once millóns e logo me di que realmente son só cinco, faltan seis, haberá un déficit, non será un orzamento equilibrado como marca a lei.

Xa lle dixen que dende o 22 de decembro de 2008, preto do 20 que dicía vostede de entrada de factura, abóase unha factura neste Concello de 180.000 euros o día 3 de agosto, aí faise o recoñecemento extraxudicial de crédito por ese importe; máis de oito meses. Se esa é unha boa xestión xa non entro no fondo.

Presentara unha moción para falar do tema, para que o puidésemos comentar o Sr. Domínguez Olveira e máis eu, pero como neste Concello as mocións están sometidas á ditadura e parece que para o mes de xaneiro ou febreiro poderemos falar deses temas, agora non o podemos facer pero o feito está aí.

Hai un descenso no resultado orzamentario que pasa de corenta e catro millóns e medio de euros a 33.900.000; tamén o aforro neto experimentou unha caída

porcentual; a capacidade de recadación exactamente igual. A recadación quedou en 51,29%. Non falemos xa dos organismos autónomos porque se falamos da Memoria de Urbanismo hai unhas desviacións negativas de 3.283.000 euros. Tamén o IMD ten un resultado negativo de 139.000 euros. Xa non sei de verdade se quen necesita as dúas tardes son eu ou alguén que está gobernando nestes momentos. Xa para rematar e para non os aburrir máis e poder ir a esas clases que me recomenda, dicir sinxelamente que se poñan a traballar que como di vostede agora ven outro orzamento. Cremos que non se pode actuar de xeito irresponsable e anunciar como se anunciou que o orzamento municipal aumentará o próximo ano malia a crise económica, que deben ter un pouco de sentido común, de responsabilidade e de veren a situación á que nos abocou o goberno do Partido Socialista e, como dicía o Sr. Rubini, España terá graves dificultades os próximos anos e loxicamente Vigo tamén. Polo menos tentemos minimizar os danos que suporá a nefasta xestión de todos vostedes.

A PRESIDENCIA: Sra. Díaz, dado que o Sr. Conde Gil en troques de utilizar cinco minutos na súa última intervención, que era o que tiña asignado, utilizou dezaseis, significa que vostede pasa de tres minutos a nove.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Coma sempre o Partido Popular empeza as súas intervencións mentindo e dicindo que nós mentimos. Pois eu vou facer o mesmo, Sr. Conde, acaba de contaxiarme: Vostedes non fan máis que mentir e mentir e quen están utilizando continuamente a demagogia son vostedes.

Empezou falando na contra do Sr. Zapatero e claro que o fai así porque é do Partido Popular e está vostede na contra do que defende o Sr. Rodríguez Zapatero. O Sr. Rodríguez Zapatero está enfrontado coa Confederación de Empresarios á que vostedes defenden porque está en contra do despedimento libre. Están vostedes enfrontados ó Sr. Rodríguez Zapatero porque está incrementando as axudas sociais, algo que vostedes non queren. O Sr. Rodríguez Zapatero quere seguir aumentando os investimentos en servizos públicos, en infraestruturas nos concellos; algo que vostedes non queren. Vostedes queren recortar todo iso e é polo que están na contra do Sr. Rodríguez Zapatero, pero gracias a el temos centos de rúas humanizándose agora e vostede poderá circular moito mellor por estas rúas de

Vigo.

Polo tanto vostede tería que lle dar gracias ó Sr. Rodríguez Zapatero e ó noso Alcalde por acadar máis de cincuenta millóns de euros para investir na nosa cidade e crear aquí centos de empregos. Por iso vostede, máis ca estar en contra, debería estarlle máis que agradecido porque, por se non o lembra, cando o Partido Popular acadou o goberno en España e se atopou cun problema de crise moito menos grave do que temos agora, o que fixeron foi recortar todo tipo de gastos. Lémbrese perfectamente. Por iso están en contra do Sr. Rodríguez Zapatero, porque o Partido Popular cando goberna recorta gastos sociais e o Partido Socialista auméntaos. Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

Cando falaba das rúas dicía vostede que se me debería caer a cara de vergoña de vir aquí porque cada día temos dous cortes de auga na cidade, porque temos un ruinoso estado de canalizacións. En dous anos que estamos gobernando deterioráronse tanto ou quizais veñen así dende hai un pouco máis de tempo? Lémbrolle o que pasou hai uns días na rúa Colón? A beirarrúa si que estaba moi bonita, arranxada pola Sra. Porro, pero a canalización de abaixo estaba mal porque non a tocaron. Quen tivo que ir alí arranxar a canalización de Colón? Tivo que facer fronte a iso o Sr. Alcalde e non a Sra. Porro que arranxou a beirarrúa, deixouna moi bonita pero deixou abaixo o saneamento.

Dígolle máis, no primeiro orzamento destinamos case dous millóns de euros ó saneamento para esta cidade; iso foi no primeiro orzamento, ese do que ten vostede aí a Conta Xeral e en todas as obras que se están facendo, incluídas as do Plan ZP, imos repoñer case dez mil metros de canalización de saneamento. Imos investir catro millóns agora e oito millóns o ano que ven e iso do Plan ZP. Polo tanto, Sr. Conde, si que se está tendo en conta o saneamento, se rachan as canalizacións é porque outros non as arranxaron antes.

Outro titular: “O alto custo do solo en Vigo”. Lémbrolle quen aprobou o Plan Xeral, como e en que condicións? Quen meteu a vivenda protexida a toda costa e quen non a quería meter? Lembra vostede toda esa presión que houbo para non meter a vivenda protexida destinada precisamente a abaratar o solo? Que me está contando, Sr. Conde? Isto pasou hai menos dun ano, parece que se perden as datas pero acaba de pasar e agora resulta que nós somos os culpables do alto custo do solo en Vigo. De verdade, quizais necesite unhas tardes da súa economía porque a

que se aprende nas facultades dende logo que non é esa, cando se introduce a vivenda barata o custo do solo non sobe; cando se liberaliza o solo, que é o que defende o Partido Popular, é cando sobe. Iso é o que pasou. Nós precisamente fixemos todo o contrario.

Dixo que Vigo é a cidade con máis desemprego pero, canto se investiu agora en plans de emprego e canto investiron vostedes? Nós máis de tres millóns de euros, máis de cincocentas persoas empregadas. Vostedes pouco máis de cen. Esa é a diferenza, que vostedes, o Partido Popular, cando gobernaban en Vigo nos plans de emprego incluían a pouco máis de cen persoas e nós estamos incorporando a cincocentas persoas, as máis necesitadas, en risco de exclusión, con problemas para atopar un emprego; a xente con máis dificultade, a eses son ós que estamos atendendo e non ós empresarios que son ós que vostedes atenden. Esa é a diferenza entre o Partido Socialista e o Partido Popular.

Vexo que vostedes son futurólogos pero coma sempre malos porque din que non imos rematar as obras a fin de ano. Tampouco hai un ano coidaban que o AVE ía estar aí e aí están as tuneladoras. Estamos esperando polo churrasco, Sr. Figueroa, eu levo dous días a dieta agardando por ese churrasco porque as tuneladoras xa entraron en Redondela e polo tanto xa vou reservando un oco, mesmo teño días reservados na axenda para cando vostede me chame para ir tomar ese churrasco encantada e gozareino coma nunca.

Tamén dicían que non faríamos o pazo de congresos pero agora xa se ve. Que bos futurólogos son que dicían que non se faría o pazo de congresos cando agora todo o mundo que pasa por alí ve que xa están os guindastres. Tamén foron futurólogos cos orzamentos, dicían que se non os executaríamos e levamos dous. Agora si, agora xa saben que imos facer un orzamento, xa me advirten como teño que facer o terceiro orzamento porque xa saben que o imos facer. E así con todo. Coido que Paco Porrás ten máis futuro ca vostede, Sr. Conde.

Melloraron os índices de xestión no ano 2007 e no 2006 polas prórrogas orzamentarias? Lémbrolles unha vez máis que vostedes ó non ser quen de elaborar un orzamento non se podían endebedar, pero malia todo o fixeron con Zona Franca pola porta de atrás, pedíronlle un préstamo e Zona Franca, con Egerique do Partido Popular á cabeza, deulles ese préstamo. Malia iso vostedes endebedáronse sen que o soubera o resto do mundo. Os que foron incapaces de facer o orzamento foron

vostedes.

Dígolles máis, se eu chego seren concelleira no ano 2005 cando vostedes presentaron este orzamento, votaría en contra, votaría en contra dun orzamento que non defende o deporte, nin a cultura, nin a educación, nin o benestar social, nin á cidade; eu votaría en contra. Daquela o Partido Socialista abstívose e nos seguintes orzamentos votáronlles en contra e fixeron moi ben porque un Partido Socialista nunca defendería un orzamento coma o que vostedes presentaron.

Por fin recoñecen a crise económica e advírtenme que no orzamento teña coidado con esa crise e que teña uns orzamentos comedidos. Sr. Conde, farei os mellores orzamentos que mereza esta cidade, irei ó máximo posible que me permita esta cidade porque esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista. O Partido Popular en épocas de crise bótase para atrás, mete os aforros nos petos, gárdaos e non axuda a ninguén. O Partido Socialista en época de crise saca todo o que ten dentro, aposta pola xente e vai ata onde sexa posible. Iremos ó máximo que poidamos e presentaremos o mellor orzamento que podamos para esta cidade. Quero rematar con algo no que vostede insistiu moito: coa publicidade. Mágoa que hoxe non trouxera a documentación pero lle lembro os dous millóns de euros que se gastou a Sra. Porro en publicidade, por iso vostedes non presentaban os estados de execución. A xustificación diso está nos gastos de publicidade porque vostedes presupostaban unha cantidade pequena pero logo, pola porta de atrás, sacaban cartos dalgunhas partidas e lembro moi ben a web municipal; sacaban cartos da web municipal e levábanos a publicidade; sacaban cartos doutras partidas para todos os cidadáns e metíanos en publicidade e iso aparece no estado de execución. Aparece que en troques de 150.000 euros presupostados gastaron 2.000.000 de euros; por iso non presentaban os estados de execución. Lémbrolle ademais que en plena época electoral a Sra. Porro mandou unhas cartas a todos os cidadáns dende o Concello, pagadas por todos os cidadáns de Vigo e que a Xunta Electoral parounas. Hai acta da Xunta Electoral dicindo que se pare inmediatamente ese envío de cartas da Sra. Porro coa cabeceira do Concello de Vigo porque iso é o grave. Se a Sra. Porro quere facer publicidade que a faga dende o PP, pero non co nome do Concello de Vigo.

Por iso o que presentamos hoxe, Sr. Conde, son as mellores contas que pode

presentar calquera goberno. Eu síntome moi orgullosa dos meus compañeiros socialistas porque traballaron moi duro para facer eses orzamentos e para os levar a cabo; dos compañeiros do Bloque porque sei o que traballaron para sacar adiante estes orzamentos e eles saben moi ben como os sufoquei os últimos días para pechar o orzamento, estiveren mesmo pesada detrás deles dicíndolles que había que pechar. Lembro perfectamente a fase de elaboración e logo mandeilles circulares, falei persoalmente con eles para os executar..., estou moi orgullosa de todos eles, pero permítanme que lles diga que de quen máis orgullosa estou é do Alcalde. En primeiro lugar por me deixar ser concelleira porque podo estar traballando por todos e en segundo lugar porque el é quen está por riba destes orzamentos, el é quen fai esta política e polo tanto el é o mellor Alcalde para esta cidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase:

Primeiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2007), correspondente á Entidade Local, o Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, a conta 120 (Resultados de exercicios anteriores).

Segundo.- Ratificar os acordos adoptados pola Xunta Xeral de Accionistas da Empresa Municipal de Augas de Vigo en data do 3 de decembro de 2007, que está composta polos mesmos membros que conforman o Pleno da Corporación.

Terceiro.- Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2008, integrada por:

- A da propia Entidade.
- OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo.
- OA Escola de Artes e Oficios.

- OA Instituto Municipal dos Deportes.
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Empresa Municipal de Augas de Vigo

E composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balances.
- Contas de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidacións dos orzamentos
- Memoria, co desglose que establece a Instrución de Contabilidade modelo normal.

A documentación correspondente a Empresa Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, SA, está conformada polos balances antes da liquidación, polo balance final a 15 de novembro de 2007 e aprobación pola Xunta Xeral en sesión do 3 de decembro de 2007. Conta de resultados entre os anos 1990-2007. Verificación do Balance de Liquidación de EMAVISA realizado pola sinatura de Auditoría ACR AUDITORES GROUP, SL

Unha vez ditaminada, somete-la mesma ós requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3, e 4 do TRLRFL e a Lei galega.

Cuarto.- A remisión ao Tribunal de Contas e ó Consello de Contas de Galicia farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o acordo do Pleno do 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o acordo do Pleno do Consello de Contas de data 29 de maio de 2007 relativo á forma en que as Entidades Locais de Galicia deben render as súas contas xerais por medios electrónicos en soporte físico informático.

11.- (152).- DESAFECTACIÓN DA PARCELA NÚM. 10 DO INVENTARIO MUNICIPAL, "PARCELA CEMITERIO DE PUXEIROS". EXPTE. 18618/240

ANTECEDENTES.- Con data 4 de agosto de 2009, o xefe de patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG),
- L 33/2003 do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- L30/1992 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC). RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- Por Decreto do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal resolveuse en data 14 de abril de 2009, a incoación dun expediente de desafectación ó servizo público funerario da propiedade municipal núm. 0000010 do IMBD "Parcela Cemiterio Puxeiros" ó non se considerar aproveitable nun futuro uso funerario.

2.- Na instrución do expediente emitiu informe a Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 6 de maio de 2009, no que sinala con respecto ó Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, aprobado definitivamente pola Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes en data 16.05.2008, que dita propiedade figura en solo clasificado coma urbano consolidado remitido á ordenanza 12 co grao 3º de uso industrial, que corresponde á edificación entre medianeiras o en edificación illada, sendo o uso característico o industrial.

3.- A xefa do negociado de Cemiterios, coa conformidade da Concelleira Delegada da Área, en data 16 de xullo de 2009 informa que a parcela núm. 10 do IMBD non se adica ós servizos funerarios, carecendo de interese tanto na actualidade como nun futuro, dada a súa situación, motivo polo que non existe obstáculo para a súa desafectación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1.- A parcela obxecto do presente expediente de alteración da súa natureza xurídica, consta no IMBD como de titularidade municipal, baixo o nº de propiedade 000010 coa denominación de "Parcela Cemiterio Puxeiros" sito na Subida Cemiterio Puxeiros, coa natureza xurídica de ben de servizo público, destinado ó servizo funerario-cemiterio, dunha superficie de 930.37 m², adquirido mediante contrato de permuta a Da. Enriqueta Mariño Lago, en data 14.04.1979, formalizada en escritura pública co nº 1341 do protocolo notarial de D. Alberto Casal Rivas.

2.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecida no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do RD 1372/86 RBEL, ó dispor que dita alteración xurídica levarase a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade, requirindo a súa adopción o cumprimento de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

No presente caso, a alteración xustifícase ó non se destinar dita parcela ao servizo público de cemiterios, nin resultar de interese nun futuro para ditos fins, tal e como sinala o servizo municipal de cemiterios no seu informe do 16.07.2009, procedendo conseguintemente á súa desafectación do servizo público funerario ao que figura vencellado na ficha de propiedade do inventario municipal de bens, rectificándose, unha vez acadada a alteración da natureza xurídica, dita clasificación inventarial.

3.- De acordo coa normativa vixente, a alteración da natureza xurídica do ben, desafectándoo do servizo público co que consta reflectido no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, require como presuposto necesario, a adopción do acordo resolutorio que corresponda polo órgano competente, téndoa atribuída o Pleno do Concello de acordo co disposto no art. 123.1.p) da LRBRL en relación co art. 269.1 da LALG.

4.- O expediente someterase a información pública durante o prazo dun mes e polo procedemento regulamentario mediante as publicacións correspondentes no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, debendo resultar aprobado definitivamente se no prazo de información pública non se formulan alegacións ó mesmo e, noutro caso, trala resolución que para o efecto adopte o Concello en Pleno (art. 8.2.RBEL)."

Visto o anterior o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 20 de agosto o secretario xeral accidental do Pleno emite informe que se contén no expediente, favorable á anterior proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 31 de agosto, por unanimidade, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito, acordase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica da parcela municipal, denominada "Parcela Cemiterio Puxeiros" (propiedade municipal núm. 000010 do IMBD), sita na Subida ó Cemiterio de Puxeiros, desafectándoa do servizo público de cemiterio co que consta no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario do 4 de maio de 1993.

Segundo.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente a información pública, durante o prazo dun mes de acordo co art. 8.2 RBEL.

Terceiro.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que para o efecto emita

a Secretaría Xeral.

Cuarto.- Que pola oficina do Inventario municipal, se proceda, unha vez acadada a aprobación definitiva da presente alteración da natureza xurídica da propiedade núm. 000010, a efectuar a correspondente rectificación no Inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial resultante.

12.- (153).- RATIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE DE DATA 26.02.09, RELATIVO A OCUPACIÓN DE PARCELA NO MONTE DE UP NÚM. 563, SAN CIBRÁN, ARADAS E OUTROS. EXPTE. 18596/240.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de maio de 2009, o xefe de patrimonio, coa conformidade da xefa da área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- L 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (LM).
- D 485/1962, do 22 de febreiro, do Regulamento de Montes (RM).
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- A Entidade Local Menor de Bembrive en data 27.02.2009, remitiu certificación do acordo adoptado pola Xunta Veciñal da Entidade Local, na sesión realizada o 26 de febreiro do 2009, respecto á proposta da Alcaldía Pedánea relativa á cesión do dereito de superficie dunha parcela de 1.176 m² situada no MUP N° 563 "San Cibrán, Aradas e outros" propiedade da Entidade Local Menor de Bembrive a favor da Comunidade de Augas para uso doméstico "O Pouso".

2.- Requirida dita Entidade Local para a achega de copia do expediente administrativo tramitado ao efecto, foi cumprimentada dita solicitude en data 17 de marzo do 2009.

3.- Examinada a documentación que obra no expediente consta, entre outros, os seguintes trámites:

- Acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local do 16.05.2007 do inicio do expediente de cesión de terreos para a instalación de depósito para a Comunidade de Augas do Pouso.
- Concesión outorgada o 02.10.2008 polo Organismo Autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, á Comunidade de usuarios O Pouso dun caudal de augas públicas para uso doméstico, no lugar do Pouso-Xestoso, na parroquia de Bembrive do termo municipal de Vigo.
- Prego de condicións que rexerá a autorización da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia á Comunidade de Augas do Pouso para a ocupación por interese particular de 1.176 m² do Monte "San Cibrán, Aradas e outros" 563 UP para a construción dun depósito para abastecemento de auga no lugar da "Requeriña".
- Informe da Secretaría-Intervención da Entidade Local Menor de Bembrive do 23.02.2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- A LRBRL establece no seu art. 3.2 que gozan da condición de entidades locais:

a) As entidades de ámbito territorial inferior ao municipio, constituídas ou recoñecidas polas Comunidades Autónomas, consonte o art. 45 da lei. Dito artigo sinala que as leis das Comunidades Autónomas sobre réxime Local regularán as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio, para a administración descentralizada de núcleos de poboación separados, baixo a súa denominación tradicional de casaríos, parroquias, aldeas, barrios, concellos, pedanías, lugares anexos e outros análogos ou aquelas que establezan as leis. Así mesmo, a LALG no seu art. 2 configura como entidades locais non territoriais ás entidades locais menores, establecendo no seu art. 3 con carácter xeral de aplicación a todas as entidades locais, que estas se rexeran polo disposto na propia LALG e na normativa que a desenvolva, sen prexuízo do establecido na normativa básica estatal. A LALG regula no seu cap. IV do Tit. III o réxime xurídico de aplicación a ditas Entidades Locais Menores.

2.- O procedemento administrativo seguido pola ELM ten por obxecto o outorgamento dunha concesión por interese particular para a ocupación dunha parcela no monte de utilidade pública núm. 562 de propiedade de dita entidade local, coa finalidade da construción dun depósito de abastecemento de auga pola comunidade de Augas do Pouso.

Pola natureza xurídica do ben inmovible obxecto de ocupación, catalogado como monte de utilidade pública, resulta de aplicación, ademais da normativa do patrimonio das Administracións públicas, a sectorial reguladora dos montes, tanto a Lei de Montes do ano 2003 como, naquilo no que non a contradiga, o Regulamento de Montes do ano 1962.

A lei de montes clasifícaos, en función do seu titular, como públicos ou privados

integrando os primeiros aqueles pertencentes ás entidades locais (art. 11 LM), e sinala que son de dominio público ou demaniais e integran o dominio público forestal, por razóns do servizo público, os montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública (art. 12 LM). O réxime xurídico dos montes públicos previsto no Cap. II da LM, atribúe á administración xestora dos montes demaniais o outorgamento das autorizacións e concesións de todas aquelas actividades que impliquen unha utilización privativa do dominio público forestal, sendo de aplicación neste suposto, o procedemento regulado no RM,(art. 168 e ss).

No expediente tramitado, consta a elaboración pola Xunta de Galicia (Consellería do Medio Rural) o prego de condicións que rexerá a autorización da ocupación da parcela do monte pertencente a ELM, por razóns de interese particular e os fins solicitados, constando o outorgamento do trámite de audiencia á ELM (art. 170 RM), e a adopción do correspondente acordo da ELM ao respecto, do que se pode deducir manifestado o consentimento desta a dita autorización, tal como esixe o art. 173 do RM.

3.- Por todo o anteriormente exposto, en cumprimento das atribucións que en relación ás Entidades Locais Menores lle outorga a normativa vixente ó Concello respectivo e, en concreto, ao disposto no art. 45.3 da LRBRL referente á necesidade da ratificación daqueles acordos que estas poidan adoptar sobre as disposicións dos seus bens, propónse ao Pleno Municipal, tralo ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal, a adopción do seguinte acordo..."

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 26 de agosto o Secretario Xeral accidental do Pleno presta a súa conformidade ó anterior informe-proposta.

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 31 de agosto, por unanimidade, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito,

ACORDASE:

Ratificar o acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive, de data 26.02.2009, sobre a ocupación por interese particular de 1.176 m² do Monte "San Cibrán, Aradas e outros" nº 563 UP coa construción dun depósito para abastecemento de auga no lugar da "Requeriña", pola Comunidade de Augas do Pouso, consonte ao prego de condicións que rexerá a autorización da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

13.- (154).I- SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DE VIAIS NO BARRIO DA SALGUEIRA, FORMULADA POR D^a EUSTAQUIA CLAVO PAJARES E OUTROS. EXPTE. 12076/240.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de agosto de 2009, a técnica de administración xeral de Patrimonio, coa conformidade da xefa da área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, emite o seguinte informe:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Código Civil, aprobado polo Real Decreto do 24 de xullo de 1889 (CC).
- Lei 2/2006, do 14 xuño, de dereito civil de Galicia (LDCG).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG). Regulamento de Bens das Entidades Locais do 27 de maio de 1955 (RB 1955).
- RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Lei do 12 de maio de 1956 sobre réxime do chan e ordenación urbana (LS 1956).
- Lei Hipotecaria do 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Regulamento Hipotecario, aprobado por Decreto do 14 de febreiro de 1947 (RH).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Dona Concepción López Fernández, mediante escritura pública do 26 de setembro de 1955, autorizada polo notario de Vigo don Demetrio Méndez Curiel, co número 1.408 de orde do seu protocolo, acordou segregar unha parte da finca da súa propiedade denominada "La Luisa", sita no lugar de A Salgueira, dunha extensión de doce mil metros cadrados, cunha franxa de setecentos oitenta e cinco metros cadrados, para servizo da parcela que cruzaba a finca matriz de este a oeste, cunha largura de cinco metros.

A finca segregada, coa franxa de acceso e unha superficie total de 12.785 metros cadrados, foi vendida ó Concello de Vigo na mesma escritura, facéndose constar nela que no prezo estaban comprendidos "os setecentos oitenta e cinco metros da franxa de terreo".

Segundo.- A parcela matriz que restou tras a segregación da porción vendida ó Concello foi obxecto dunha posterior parcelación urbanística, mediante sucesivas segregacións e vendas a terceiras persoas de porcións de terreo da matriz con destino á edificación, tal e como resulta das escrituras públicas que figuran no

expediente núm. 12.076/240, á que de seguido nos referiremos.

Terceiro.- Con data 28 de xuño de 1998, dona Eustaquia Clavo Pajares, en representación dos herdeiros de don Antonio Salgado López, solicitou a inaplicación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana respecto das fincas antes descritas, toda vez que as mesmas, non obstante ser da súa propiedade, atópanse ocupadas por vías públicas de uso vecinal, nalgún caso asfaltadas, co que a propiedade das mesmas —di— pódese cualificar como ilusoria, existindo unha expropiación de facto pola que a solicitante non foi retribuída.

A dita solicitude deu lugar ó expediente número 12.076/240.

O Xefe do Negociado do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, con data de 29 de xuño de 1999, informou que o 12 de novembro de 1998 presentouse declaración da transmisión dos bens por herdanza de don Antonio Salgado López (expte. 7939/1998) a efectos do dito imposto, declarándose non suxeitos ó imposto os terreos que na relación de bens figuraban como camiños, ó non estar incluídos no Padrón do IBI.

Á vista deste informe o concelleiro-delegado de Patrimonio resolveu archivar o expediente, pero interposto pola solicitante recurso de reposición contra o dito arquivo en base á omisión de todo pronunciamento sobre a propiedade das parcelas ocupadas polos viais —cuestión á que se refería o escrito da recorrente, de data 19 de maio de 1999, achegado ó expediente—, por acordo plenario do 30 de decembro de 1999, acordouse incoar expediente administrativo de investigación para a determinación da condición de vías públicas municipais dos viais correspondentes ó Barrio da Salgueira do termo municipal de Vigo (rúas "Entrada a Barrio da Salgueira" e "Barrio Finca de Da Concha")

Cuarto.- Don Antonio Salgado López, causante dos reclamantes, fillo e herdeiro de dona Concepción López Fernández, a teor da escritura pública de partición de herdanza da súa nai, sería propietario da sexta parte indivisa de cinco parcelas que se describen como segue:

1) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos de cinco metros de ancho por uns cento sesenta metros de longo ou sexa dunha medida aproximada de oitocentos metros cadrados, na denominación de "A Luisa", no Lugar de A Salgueira, parroquia de San Pedro de Sárdoma, municipio de Vigo.- Linda: Norte, con terreo de don Antonio Quintana, herdeiros de González Casuso, terreo do Bispado Tui-Vigo e outros; Sur, coas casas un e tres de herdeiros de dona Concepción López Fernández e diversas casas e terreos; Este, co camiño de A Salgueira, e Oeste, con camiño que intermedia do Grupo Sindical de A Salgueira.

2) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, do municipio de Vigo, de cinco metros de ancho por uns cen metros de longo, ou sexa unha medida aproximada de cincocentos metros cadrados e linda: Norte, con casas e soares de don Marcial Rodríguez, Evencia Porto e outros varios; Sur, con terreo de Ventura Quíntela "Peitán" e nunha pequena parte máis de dona Concepción López;

Este, terreo da mesma dona Concepción López, e Oeste, camiño que intermedia das Casas Sindicais.

3) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos dunha media de cinco metros de ancho por uns sesenta metros de longo ou sexan uns trescentos metros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no Lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, do Municipio de Vigo.- Linda: Norte, co terreo a camiño que dá acceso ao Grupo Sindical dende o Camiño de A Salgueira; Sur, con terreo de Ventura Quíntela "Peitán"; Este, coa casa sinalada co número tres ao Barrio de La Salgueira, de dona Concepción López, e Oeste, Parcelas de Antonio Rosendo, José Fernández e outros.

4) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos dunha media de cinco metros de ancho por uns cento vinte metros de longo ou sexa seiscentos metros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: Norte, con casas e terreos de don Luís González Cobos, Joaquín Iglesias e outros varios; Sur, tamén casas e terreos de don José Amoedo, Branca Pérez, José Fernández e outros varios; Este, camiño de Concepción López, e Oeste, camiño que intermedia das Casas Sindicais.

5) Urbana.- Parcela de terreo a soar da medida aproximada de trinta e un metros vinte decímetros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: Oeste ou fronte, en liña de cinco metros, cinco centímetros, con camiño que intermedia das Casas Sindicais; Este ou costas, terreo de Ventura Quíntela "Peitán", en liña de cinco metros quince centímetros; Norte ou esquerda, en liña de seis metros vinte centímetros, con camiño aberto de Concepción López, e Sur ou dereita, en liña de seis metros oito centímetros con casas de Manuel".

Quinto.- Por acordo plenario do 30 de decembro de 1999, acordouse incoar expediente administrativo de investigación para a determinación da condición de vías públicas municipais dos viais correspondentes ó Barrio da Salgueira do termo municipal de Vigo: rúas "Entrada a Barrio da Salgueira" e "Barrio Finca de D^a Concha", cuxa titularidade resulta controvertida.

Durante a tramitación do expediente de investigación, realizáronse, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 06/04/2000.
- Oficios da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de datas 29/03/2000 e 24/04/2000.
- Alegacións do reclamante, de data 17/04/2000.
- Alegacións de D^a. Edelmira Pego Pego, de data 24/04/2000.
- Alegacións de D^a. Remedios Pego Pego, de data 24/04/2000.
- Alegacións de D^a. Manuela Pego Pego, de data 24/04/2000.
- Informe do Sr. Arquitecto da Oficina do Inventario Municipal, de data 11/05/2000.
- Durante o período probatorio presentáronse diversos documentos polos

reclamantes, así como as escrituras de compravenda das diversas parcelas resultantes da parcelación da finca "la Luisa" pola AAVV SALGUEIRA.

- Informe da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 06/06/2007.
- Informe da Asesoría Xurídica, de data 13/03/2008.
- Evacúase trámite de audiencia os reclamantes, que formulan alegacións en data 30/07/2009.
- Aclaración do informe do Sr. Arquitecto da Oficina do Inventario Municipal de 11/05/2000, de data 12/08/2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- O presente expediente de investigación ten por obxecto determinar se as fincas citadas no antecedente cuarto do presente escrito son de titularidade municipal ou se, pola contra, pertencen ós reclamantes.

Entre as facultades que o ordenamento xurídico outorga as Entidades Locais de carácter territorial en relación aos seus bens atópase a potestade de investigación (artigo 44.a) RBEL e 41 LPAP), manifestación da potestade de auto-tutela da que goza a Administración.

A investigación pretende determinar a titularidade pública dun ben ou dereito do que a Entidade Local carece de titulación, aínda que existe base, pola posesión ou pola inclusión no Inventario de Bens, para presumir a propiedade pública (artigo 49 RBEL). Así, no presente caso, segundo informa o Sr. Arquitecto da Oficina do Inventario Municipal, en data 11/05/2000, os terreos cuxa titularidade se trata de discernir no presente procedemento figuran inventariados como viais públicos baixo os códigos de rúeiro 10920, denominado RU SALGUEIRA ENTRADA (o terreo sinalado con nº 1) e 04630, denominado BA FINCA DONA CONCHA (os terreos sinalados cos nº 2, 3 e 4) e o terreo nº 5 é parte integrante dunha zona verde municipal, denominada alameda da Salgueira, inventariada co nº de propiedade 109.

2.- Respecto ó identificado polos reclamantes como terreo nº 1, non existe dúbida da propiedade municipal do mesmo, posto que foi segregado da matriz e cedido ó Concello de Vigo por dona Concepción López Fernández na escritura de compravenda dunha parcela de 12.000 m² segregada da finca "La Luisa", mediante escritura pública do 26 de setembro de 1955, autorizada polo notario de Vigo don Demetrio Méndez Curiel, co número 1.408 de orde do seu protocolo. Así resulta:

- a) Do expoñendo II da escritura pública de venda do 26 de setembro de 1955, cando define a parcela segregada a vender ó Concello como parcela de 12.000 m² de superficie, cunha franxa de 785 m² de superficie para servizo da parcela, en total 12.785 m² se superficie.
- b) Do expoñendo III da dita escritura pública, de acordo co cal trala segregación a finca matriz pasou dos seus 25.000 m² de superficie inicial a ter 12.215 m² de superficie, co que a franxa de 785 m² deixou de formar parte da matriz.
- c) Do mesmo expoñendo III no que se fai constar que a finca despois da

segregación conservou os mesmos lindeiros, excepto polo Norte, que pasou a lindar coa finca segregada, na súa franxa de acceso, "que —se especifica— vai ser propiedade do Excmo. Concello de Vigo".

- d) Do expoñendo V no que se fai constar que o Pleno do Concello de Vigo acordou por unanimidade adquirir por compra a finca descrita no antecedente segundo ó prezo de 45 Ptas./m², nese prezo os setecentos oitenta e cinco metros da franxa de terreo tamén segregado, por un importe total de 540.000 pesetas".
- e) Da cláusula QUINTA da escritura, na que se fai constar que dona Concepción López Fernández vende ó Concello de Vigo a finca descrita no expoñendo II, isto é a parcela segregada de 12.000 m² de superficie, coa franxa de acceso de 785 m² e unha superficie total de 12.785 metros cadrados.

3.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños e os parques de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

A adquisición de bens como dominio público pode operarse por medios ou modos de Dereito Administrativo e tamén de Dereito Privado, entre eles a prescrición adquisitiva ou usucapión. Neste senso, o artigo 8.4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais do 27 de maio de 1955, vixente no momento en que comezou a posesión, sinala que se entenderá producida a afectación de bens a un uso ou servizo público ou comunal, sen necesidade de acto formal, cando «a) a Entidade adquira por usucapión, con arranxo ó dereito civil, o dominio dunha cousa que viñer estando destinada a un uso ou servizo público ou comunal». No mesmo sentido exprésanse os artigos 8.4.C), 9.1, 10.D) e 14.1 do vixente Regulamento de Bens, que expresamente se refiren á capacidade das entidades locais para adquirir bens e dereitos por prescrición, con arranxo ás Leis comúns.

O único requisito esixible para prescribir o dominio e demais dereitos reais sobre os bens inmobles no caso da prescrición extraordinaria é a súa posesión non interrompida durante trinta anos, sen necesidade de xusto título nin de boa fe, e sen distinción entre presentes e ausentes (artigos 1930 e 1959 CC), posesión que ha de ser en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida, requisitos xerais que o Código Civil esixe a fin de que a posesión poida aproveitar para a usucapión de bens inmobles en calquera das súas modalidades (artigo 1941 CC).

As propiedades reclamadas son viarios que levan abertos máis de 30 anos ó uso público, estando destinados sempre a este mesmo uso, dándose ademais a circunstancia de que en ningún momento foron reclamados polos seus titulares. Estes datos nos levan soste que ó terse producido a prescrición adquisitiva a favor do Concello de Vigo non procede recoñecer que se teña producido unha expropiación de facto, tal e como manifestan os reclamantes.

En consecuencia, na actualidade os bens controvertidos forman parte do Patrimonio do Concello tal e como recollen os artigos 1 e 2 do Regulamento de

Bens das Corporacións Locais, por terse cumprido os requisitos necesarios (artigo 1941 CC) para que se produza a prescrición recollida no artigo 1959 do Código Civil.

Para un adecuado exame da concorrencia da prescrición extraordinaria convén indicar que no presente caso se poden apreciar todos os requisitos esixidos polo Código civil para a mesma:

1) Posesión en concepto de dono.

Polo que se refire ao alcance deste concepto, a Sala Primeira do TS reitera en numerosas sentenzas, como a de 29 de abril de 2005, que se refire ás de 7 de febreiro de 1997 e 14 de marzo de 1991, que «é doutrina desta Sala a que como de xeito expresa o art. 447 do Código Civil e reitera o 1941, só a posesión que se adquire e goza en concepto de dono pode servir de título para adquirir o dominio, e tan terminantes son estes preceptos que o Tribunal Supremo ao aplícalos houbo de declarar que tanto a prescrición ordinaria como a extraordinaria non poden ter lugar en harmonía co art. 1941 sen a base dunha posesión continuada durante todo o tempo necesario para prescribir en concepto de dono (sentenzas do 17 de febreiro de 1894, 27 de novembro de 1923, 24 de decembro de 1928, 29 de xaneiro de 1953 e 4 de xullo de 1963); que a posesión en concepto de dono, como requisito esencial básico, tanto da usucapión ordinaria como da extraordinaria, non é un concepto puramente subxectivo ou intencional, xa que o posuidor por mera tenencia ou por título persoal, recoñecendo o dominio noutra persoa, non pode adquirir por prescrición, aínda que queira deixar de posuír nun concepto e pasar ao "*animus domini*" (Sentenza do 19 de xuño de 1984) e, finalmente, para que poida orixinarse a prescrición adquisitiva, ata a extraordinaria, como medio de adquirir o dominio, requírese, non só o transcurso dos trinta anos sen interrupción na posesión, senón que esta posesión non sexa simple tenencia material ou posesión natural, senón que sexa a civil, é dicir, a tenencia unida á intención de haber a cousa como súa, en concepto de dono.

Así mesmo, a STS do 3 de xuño de 1993 reitera que a posesión en concepto de dono hase de basear en actos inequívocos, con clara manifestación externa no tráfico, sen que baste a mera tenencia material, senón que a ela engadirase a intención de haber a cousa como súa, e conclúe STS do 18 de outubro de 1994 que non é suficiente a intención (aspecto subxectivo) para posuír en concepto de dono, senón que se require un elemento causal ou precedente obxectivo que revele que o posuidor non é mero detentador».

Despréndese desta doutrina que a posesión en concepto de dono susténtase na manifestación externa e obxectiva da intención de haber a cousa posuída como propia, mediante actos inequívocos, circunstancias que hanse de estimar concorrentes nun caso como o presente no que se ten como certo que xa en 1958, data en que comezou a parcelación da finca "La Luisa" e a venda das parcelas resultantes como solares, segundo as escrituras públicas de compravenda achegadas ó expediente, os terreos en cuestión existían na súa configuración actual como viais (todas as parcelas lindan nalgún dos seus ventos con camiño), manifestación externa que no tráfico xurídico identifícase como expresión de bens de dominio público de titularidade municipal, segundo resulta dos artigos 1, 2 e 3

do citado Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1955, que inclúen entre os bens de dominio público de titularidade municipal as rúas e prazas, expresándose en semellantes termos os artigos 2 e 3 do Regulamento de Bens do 13 de xuño de 1986, demostrando de forma inequívoca o concepto no que se produce a posesión como tal ben de dominio público e de titularidade municipal, cuxa afectación ó uso público non precisa dun acto formal (artigo 8.4 RB 1955, artigo 8.4.C) RBEL 1986). Ademais, os reclamantes coñeceron ou a lo menos tiveron medios racionais e motivos suficientes para coñecer, que os terreos obxecto do presente procedemento estaban afectados ó uso público e posuídos, en consecuencia, a título de dono pola entidade municipal. Neste senso, manifestan os veciños do lugar (ver alegacións das Sras. Pego de data 24/04/2000) que no ano 1959, tal e como consta nas diferentes escrituras públicas de compravenda achegadas ó expediente, D^a Concepción López Fernández iniciou un procedemento de reparcelación en solares da finca matriz "La Luisa" da que era propietaria, comprometéndose a ceder para viais os terreos sobre os que se asentan as rúas cuxa titularidade se cuestiona. Desde entón ata a actualidade o Concello ten realizado numerosos actos dominicais tales como pavimentar os viais, implantar os servizos de abastecemento e saneamento de auga e alumeadado público e incluílos nas rutas de transporte público municipal. Así mesmo, segundo informa o arquitecto municipal, estas vías están afectadas polas aliñacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal. O mesmo se pode predicar no tocante ó terreo n^o 5 que forma parte dunha zona verde municipal, e por tanto ten a mesma consideración de ben de dominio público, ten sido obxecto de uso público polos cidadáns, ó igual que o resto da superficie da alameda da que forma parte, e o seu mantemento e conservación faise polos servizos municipais.

2) Carácter pacífico da posesión.

Non constan acreditados actos dos propietarios anteriores á reclamación que orixina este expediente encamiñados a interromper a posesión da Administración, do que se deduce consentimento ou pasividade dos propietarios ante o suposto despoxo, o que converte a esta Administración en posuidor pacífico ós efectos da usucapión.

3) Posesión ininterrompida durante o prazo de 30 anos.

Son feitos non controvertidos:

- Que os terreos litixiosos, designados cos núms. 2, 3 e 4 existían na súa configuración actual como viais desde 1958, formando parte da rúa BARRIO FINCA DONA CONCHA, e o terreo n^o 5 formando parte dunha zona verde municipal, a Alameda da Salgueira, con afección tácita ao dominio público.
- Que os reclamantes durante moitos anos coñeceron a configuración actual como viais e zona verde, respectivamente, dos terreos litixiosos sen facer manifestación en contra de tal situación senón ata 1999, data na que a usucapión xa estaba consumada e a acción real para reclamar a propiedade dos inmobles prescrita (artigo 1963 CC).

Non obsta o feito da prescrición adquisitiva operada, que as fincas figurasen

inscritas no Rexistro da Propiedade a nome de dona Concepción López Fernández e posteriormente ós dos seus herdeiros, pois a usucapión pode producirse contra tabulas.

3.- Durante o período probatorio os veciños do lugar presentaron ou ben individualmente ou ben a través da AVV SALGUEIRA, as escrituras de compravenda das súas parcelas. Do análise das mesmas despréndese que dona Concepción López Fernández realizou unha parcelación urbanística da finca "La Luisa", con posterior venda a terceiros das parcelas resultantes. En todas as escrituras as parcelas obxecto de venda descríbense como solares. De acordo coa lexislación urbanística vixente no momento no que se realizou a parcelación, para a que tomamos como data 1958, ano no que se venderon as primeiras parcelas, só podían ser cualificadas como solares as superficies do solo urbano aptas para a edificación e urbanizadas con arranxo ás normas mínimas establecidas en cada caso polo Plan, e, no seu defecto, debía reunir os seguintes requisitos: que a vía á que dea fronte o terreo teña pavimentada a calzada, encintado de beirarrúas e establecidos os servizos de saneamento e evacuación de augas e alumeadado público (artigo 63 LS de 1956). Esta parcelación realizouse sen solicitar a preceptiva licenza municipal (artigo 79 LS de 1956), se ben foi consentida de facto polo Concello, pois procedeu ó asfaltado dos viais e á instalación dos servizos requiridos para que os terreos alcanzasen a condición de solares e puideran ser edificados. Se ben a lexislación urbanística naquel momento non esixía con carácter obrigatorio a cesión de terreos para viais, a mesma configurábase como unha prerrogativa dos particulares que obtiñan a cambio determinados beneficios de índole urbanística. Así, no presente caso, aínda que os terreos inicialmente fosen de titularidade privada e formasen parte da Finca "La Luisa", non cabe dúbida que ó realizar a parcelación a Sra. López de facto cedeu os terreos obxecto do presente expediente para viais e así acadar o obxectivo de que estes acadasen a condición de solares. Afirmacións que se basean:

- En todas as escrituras de venda das parcelas resultantes da parcelación da Finca "La Luisa" estas clasifícanse como terreos de natureza urbana e se cualifican como solares.
- Na descrición dos seus lindeiros ventos consta que todas elas lindan nun dos seus ventos con "camiño", "camiño da Salgueira", "camiño aberto da finca matriz".
- No feito de que o Concello procedeu ó asfaltado das vías, ó encintado das beirarrúas, e ó establecemento dos servizos públicos de abastecemento de augas, desaugadoiros e alumeadado público para que os terreos resultantes da parcelación adquirisen a condición de solares e, en consecuencia, fosen edificables, todo isto co consentimento tácito da Sra. López.

Non se pode falar, en consecuencia, de expropiación de facto, tal e como manifestan os reclamantes nos seus escritos de alegacións. Nesta liña se expresa a sentenza, de data 27 de novembro de 2003, recaída no recurso contencioso-administrativo nº 02/4287/2000, interposto por don Antonio Salgado Clavo contra a actuación do Concello de Vigo, supostamente constitutiva de vía de feito, pola ocupación das repetidas fincas. Este recurso substanciouse ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A Sala declara na citada resolución que: "(...) aínda que poida falarse dunha actuación municipal formalmente irregular para a obtención e

creación desas vías, tamén é evidente, como poñen de manifesto a propia descrición dos terreos e os planos unidos aos autos, que esa actuación se realizou co pleno consentimento da persoa da que o recorrente trae causa por vía hereditaria -o que lle impide invocar a condición de terceiro hipotecario- por canto satisfacía plenamente os seus intereses, pois ao non existir dato ningún que probe, sequera indiciariamente, que na zona onde radican os terreos realizouse unha urbanización privada, coas correspondentes vías interiores da devandita natureza, hai que concluír que o que se levou a cabo foi unha parcelación urbanística de feito, con posterior alienación a terceiros das parcelas resultantes con finalidade edificatoria, que non podía executarse senón en solo urbano que tivese a condición de solar (artigo 63 da Lei do Solo de 1956 e 82 e 83 da Lei de 1976) por contar con calzada pavimentada, encintado de beirarrúas, subministración e evacuación de auga e enerxía eléctrica, dotación de servizos urbanísticos que obviamente realizou o Concello. O referido consentimento da persoa que realizou a parcelación vincula a quen lle sucede por vía hereditaria, como é o actor, o que por si só determina a desestimación do recurso e fai innecesario entrar a considerar -nos limitados termos que autoriza o artigo 4 da Lei xurisdiccional- se a Administración demandada adquiriu por usucapión, tras a súa prolongada posesión como ben de uso público, os viais litixiosos".

4.- Os reclamantes, no trámite de audiencia evacuado unha vez finalizada a tramitación do presente procedemento (artigos 84 LPJAP e 52 RBEL), entre outros extremos xa analizados no presente escrito, manifestan que as fincas obxecto deste expediente de investigación non son de propiedade municipal, pois a pesar da súa suposta inclusión no inventario municipal de bens e dereitos, non constan inscritas a nome do Concello no Rexistro da Propiedade. No entanto, o feito de que un ben conste inscrito no Rexistro da Propiedade non obsta para que poda ser adquirido por prescrición. Efectivamente, a lexislación hipotecaria admite a prescrición contra tabulas, en contra do inscrito, se o titular inscrito a consente. Unicamente prevalece a realidade rexistral fronte ós titulares inscritos que teñan a condición de terceiros con arranxo ó artigo 34 (terceiro que de boa fe adquira a título oneroso algún dereito de persoa que no Rexistro apareza con facultades para transmitirlo) sempre e cando non concorran ningún dos seguintes supostos:

- 1) o se demostre que o adquirente coñeceu ou tivo medios racionais e motivos suficientes para coñecer, antes de perfeccionar a súa adquisición, que a finca ou dereito estaba posuído de feito e a título de dono persoa distinta da súa transmitinte.
- 2) Sempre que, non tendo coñecido nin podido coñecer, segundo as normas anteriores, tal posesión de feito no momento da adquisición, o adquirente inscrito consintaa, expresa ou tacitamente, durante todo o ano seguinte á adquisición (artigo 36 LH).

Máis os reclamantes, herdeiros da persoa que no Rexistro da Propiedade aparecía como titular da finca, dona Concepción López Fernández, non gozan da condición de terceiro hipotecario, pois os adquirentes a título gratuito non gozarán de máis protección rexistral que a que tivera o seu causante ou transferente (artigo 34 LH). E en canto ó que prescribe e ó dono do inmovible ou dereito real que se estea prescribindo e aos seus sucesores que non teñan a consideración de terceiros, cualificarase o título e contarase o tempo con arranxo á lexislación civil.

Por outra banda, non resulta estraño que unha vez consumada a prescrición adquisitiva das fincas litixiosas polo Concello estas non fosen inscritas no Rexistro da Propiedade, pois ata a modificación do artigo 5 do Regulamento Hipotecario, operada polo Real Decreto 1867/1998, do 4 de setembro, que posibilitou a inscrición dos bens de dominio público, estes non tiñan acceso ó Rexistro.

Na actualidade, as Administracións públicas teñen a obriga de inscribir nos correspondentes rexistros públicos os bens e dereitos do seu patrimonio, sexan de natureza demanial ou patrimonial, que sexan susceptibles de inscrición, así como todos os actos e contratos referentes ós mesmos que poidan ter acceso a ditos rexistros (artigo 36.1 LPAP).

A inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ó dominio e demais dereitos reais sobre bens inmoables practícarase no Rexistro da Propiedade (artigo 1 LH) e terá que practicarse de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP (artigo 37.1 LPAP).

5.- Impón a regulación do expediente de investigación que se a resolución que pon fin ó expediente declara a titularidade pública do ben ou dereito investigado, se proceda a súa taxación e posterior inclusión no Inventario Xeral de Bens da Corporación, así como á adopción das medidas tendentes á efectividade dos dereitos da Corporación (artigo 52 RBEL).

No presente caso, os terreos designados cos núms. 1, 2, 3 e 4 xa figuran inventariados, polo que non procede a realización deste trámite. No entanto, con respecto o terreo nº 5 manifesta o arquitecto municipal que o mesmo forma parte da Alameda da Salgueira, propiedade municipal 109, se ben a súa superficie non consta incluída na descrición dos lindeiros da mesma, polo que procede a súa rectificación inventarial, ó obxecto de modificar a súa cabida incluíndo na mesma a superficie correspondente o terreo nº 5.

6.- Tendo en conta o carácter declarativo do acto que pon fin ó expediente investigador, admítase contra o mesmo unha dobre vía de impugnación: os actos administrativos son susceptibles de recurso contencioso administrativo, mentres a declaración de titularidade poderá ser impugnada, mediante o exercicio da acción civil procedente ante os Tribunais desta orde xurisdiccional (artigo 55 RBEL).

7.- Resulta competente para aprobar a resolución que pon fin ó presente expediente investigador, declarar a titularidade municipal dos bens controvertidos e para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 33 RBEL), previo informe da Secretaría do Pleno (artigo 53 RBEL)."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O secretario xeral accidental, con data 26 de agosto, emite informe que se contén no expediente, favorable á anterior proposta.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 31 de agosto, por unanimidade, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito, acordase:

Primeiro.- Declarar a titularidade municipal dos seguintes terreos:

- 1) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos de cinco metros de ancho por uns cento sesenta metros de longo ou sexa dunha medida aproximada de oitocentos metros cadrados, na denominación de "A Luisa", no Lugar de A Salgueira, parroquia de San Pedro de Sárdoma, municipio de Vigo.- Linda: Norte, con terreo de don Antonio Quintana, herdeiros de González Casuso, terreo do Bispado Tui-Vigo e outros; Sur, coas casas un e tres de herdeiros de dona Concepción López Fernández e diversas casas e terreos; Este, co camiño da Salgueira e Oeste, con camiño que intermedia do Grupo Sindical de La Salgueira.
- 2) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, do municipio de Vigo, de cinco metros de ancho por uns cen metros de longo ou sexa unha medida aproximada de cincocentos metros cadrados e linda: Norte, con casas e soares de don Marcial Rodríguez, Evencia Porto e outros varios; Sur, con terreo de Ventura Quíntela "Peitán" e nunha pequena parte máis de dona Concepción López; Este, terreo da mesma dona Concepción López, e Oeste, camiño que intermedia das Casas Sindicais.
- 3) Urbana.- Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos dunha media de cinco metros de ancho por uns sesenta metros de longo ou sexan uns trescentos metros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no Lugar de La Salgueira, parroquia de Sárdoma, do Municipio de Vigo.- Linda: Norte, co terreo a camiño que dá acceso ao Grupo Sindical dende o Camiño de A Salgueira; Sur, con terreo de Ventura Quíntela "Peitán"; Este, coa casa sinalada co número tres do Barrio de A Salgueira, de dona Concepción López, e Oeste, parcelas de Antonio Rosendo, José Fernández e outros.
- 4) Urbana.-Terreo actualmente destinado a camiño de servizo de varios terreos dunha media de cinco metros de ancho por uns cento vinte metros de longo

ou sexa seiscentos metros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: Norte, con casas e terreos de don Luís González Cobos, Joaquín Iglesias e outros varios; Sur, tamén casas e terreos de don José Amoedo, Branca Pérez, José Fernández e outros varios; Este, camiño de Concepción López, e Oeste, camiño que intermedia das Casas Sindicais.

- 5) Urbana.-Parcela de terreo a soar da medida aproximada de trinta e un metros vinte decímetros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: Oeste ou fronte, en liña de cinco metros, cinco centímetros, con camiño que intermedia das Casas Sindicais; Este ou costas, terreo de Ventura Quíntela "Peitán", en liña de cinco metros quince centímetros; Norte ou esquerda, en liña de seis metros vinte centímetros, con camiño aberto de Concepción López, e Sur ou dereita, en liña de seis metros oito centímetros con casas de Manuel.

O terreo sinalado con nº 1 forma parte do vial público denominado RU SALGUEIRA ENTRADA, que figura inventariado baixo o código de rueiro 10920. Os terreos sinalados cos nº 2, 3 e 4 forman parte do vial público denominado BA FINCA DONA CONCHA, que figura inventariado baixo o código de rueiro 04630. O terreo sinalado co nº 5 é parte integrante da Alameda da Salgueira inventariada co código de propiedade nº 109.

Segundo.- Proceder á rectificación do Inventario da propiedade municipal nº 109, Alameda da Salgueira, ó obxecto de modificar a súa cabida incluíndo na mesma a superficie correspondente o terreo nº 5, que se describe a continuación:

Urbana.- Parcela de terreo a soar da medida aproximada de trinta e un metros vinte decímetros cadrados, ao nomeamento de "A Luisa", no lugar de A Salgueira, parroquia de Sárdoma, deste municipio.- Linda: Oeste ou fronte, en liña de cinco metros, cinco centímetros, con camiño que intermedia das Casas Sindicais; Este ou costas, terreo de Ventura Quíntela "Peitán", en liña de cinco metros quince centímetros; Norte ou esquerda, en liña de seis metros vinte centímetros, con camiño aberto de Concepción López, e Sur ou dereita, en liña de seis metros oito centímetros con casas de Manuel.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Rexistro da Propiedade ós efectos de promover a concordancia entre o Rexistro e a realidade.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación municipal e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas de la violencia de xénero.

CUESTIÓN DE ORDE

INTERVENCIÓN DO SR. LÓPEZ CHAVES CASTRO: Unha cuestión de orde. Acabamos de escoitar agora e vímolos na acta do mes de xuño, que o Grupo Municipal do Partido Popular interveu nunha moción presentada polo Bloque en dúas ocasións e non só eu, senón que o meu compañeiro, Sr. González Sagarra, sen intervir o outro Grupo municipal ou o goberno interveu tamén en dúas ocasións.

Sen embargo no Pleno do mes de xullo cando este Concelleiro quixo facer a segunda intervención o Alcalde prohibiullo dicindo textualmente: “A intervención de grupo é única e vostede está intervindo agora coma grupo porque non son propoñentes. Ten unha intervención”. Eu lembreille que no Pleno do mes de xullo eu interviñera dúas veces; vostede dixo que non e reiterouno en varias ocasións, dixo que non interviñera dúas veces no Pleno de xuño. A acta de xuño que acabamos de aprobar demostra que si intervíñ dúas veces no mes de xuño. Non dicía a verdade cando fixo esa afirmación e isto afectou ó funcionamento das mocións. En xuño interveu dúas veces o Grupo Municipal do Partido Popular.

A PRESIDENCIA: Formule a moción. Este non é un estadio de debate. Por favor, formule a moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sinxelamente que é grave o que pasou.

A PRESIDENCIA: Formule a moción. En que artigo do Regulamento se basea, por favor?

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No artigo 94.2 do ROF en canto á posibilidade dos concelleiros de formular en calquera punto da orde do día unha cuestión de orde.

Pregúntame o artigo e eu respóndolle.

A PRESIDENCIA: Iso é a substancia de que vostede pode presentar unha moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Artigo 94.1, en canto á tramitación das mocións no Pleno do Concello.

A PRESIDENCIA: Formule a moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Pero xa abonda a xustificación. Non é unha moción, é unha cuestión de orde.

A PRESIDENCIA: Formule a cuestión de orde.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: A cuestión de orde é se neste Pleno vai suceder como no anterior, se nos vai impedir intervir dúas veces. Como se van formular as mocións? Como en xuño que intervimos dúas veces ou como en xullo que me fixo quedar de mentireiro? E non era que interviñese dúas veces e vostede non dixo a verdade ou actuou de forma irresponsable ó faceren unha afirmación categórica que non tiña...

A PRESIDENCIA: Faga a cuestión de orde e non un debate político. Non faga debate político.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Como vai ser a tramitación das mocións neste Pleno porque hai discrepancias na tramitación entre xuño e xullo e o Grupo Municipal do Partido Popular interveu dúas veces en xuño, unha en xullo. Cantas vai intervir neste? Polo tanto a cuestión de orde é saber como vai dirixir neste Pleno o Presidente porque cada Pleno diríxeo de maneira distinta.

A PRESIDENCIA: Como é unha cuestión de orde voulle contestar moi rapidamente. Mentres eu presidín fíxose a forma de intervención de acordo co criterio que presentei eu que foi exactamente o que dixen. Presidindo eu este Pleno as

intervencións fixéronse sempre da mesma forma.

En segundo lugar e coma vostede sabe para eliminar estas incertezas decidimos que a Secretaria elaborara un informe porque esta é a forma de proceder, nestes temas convén non facer debate político e proceder consonte co que os técnicos digan sobre o mecanismo de actuación neste Pleno.

Eu teño aquí o informe feito pola Sra. Secretaria que lles vai ser repartido. Ía aclarar agora o debate desta cuestión. A Secretaria dinos que de acordo co costume, as mocións son: propoñente, goberno municipal, grupos municipais, propoñente, goberno municipal e propoñente. Vaise aplicar exactamente así que foi coma eu dixen. Este é o informe da Sra. Secretaria. Repíto: propoñente, goberno municipal, grupos, propoñente, goberno municipal e propoñente. Este é o informe da Sra. Secretaria e polo tanto os grupos interveñen de acordo co que a Secretaria nos firma que é o que vimos aplicando sempre. Este é un informe asinado pola Secretaria do Pleno. Eu prégoles que esperen no debate a ler o informe que polo tanto imos aplicar.

Esta vez vai haber unha proposta asinada por unha membro do goberno, como membro do Grupo Socialista, o goberno non vai intervir, intervirán os grupos, enténdase que Grupo Popular e BNG, e rematará a propoñente. Se o goberno decide intervir, interviría, pero esta vez o goberno vai decidir non intervir porque a propoñente é o membro do goberno que leva esa área. Polo tanto esta moción se vai debater: proposta, grupos e pecha o propoñente.

14.- (155).- MOCIÓN GRUPO DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL. DOC. 90125770.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de agosto de 2009, número 90125770, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“Dada a situación de absoluto deterioro na que se atopa a Estrada Provincial, as inquietudes manifestadas polos veciños e o inminente comezo do curso escolar e dado que están situados dous colexios nas súas inmediacións, é polo que dita

estrada é usada acotío por centos de alumnos, nais e pais.

Ante a inseguridade cidadá que esta situación supón, o Grupo Municipal do Partido Socialista propón ó Pleno que tome o seguinte acordo:

Instar que de xeito inmediato á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra que inicie a humanización de dita estrada, como se ten comprometido no Pleno da Deputación votando por unanimidade unha moción neste sentido presentada polo Grupo Provincial do Partido Socialista.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión que tivo lugar o día 31 de agosto de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O 26 de setembro do ano 2008, no Pleno da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e no punto número 17 apróbase a moción do Grupo Provincial Socialista instando a execución inmediata das obras de mellora e acondicionamento da Estrada Provincial. Posteriormente e por parte do Grupo Provincial Socialista faise outra pregunta sobre cando se vai arranxar esa estrada. A moción votouse por unanimidade dos tres grupos -BNG, Partido Popular, PSOE- e ademais o Grupo do Partido Popular puxo de manifesto a oportunidade desa moción porque seica xa tiñan pensando arranxala.

Lémbrolles que hai un ano que se volveu facer esa pregunta na Deputación de Pontevedra, que en Vigo se fixo esta pregunta en maio de 2008, que estamos en setembro do ano 2009, que a Estrada Provincial segue sen arranxar, que van empezar as clases e os dous colexios que hai na zona, un público e un privado, seguen tendo dificultades para poder acceder ás instalacións e os rapaces e rapazas, pais e nais se seguen xogando a vida por aquela zona que está chea de fochancas e precisa dunha atención específica, neste caso por parte da Deputación de Pontevedra.

SR. ALONSO PÉREZ: O BNG engádese a esta moción pero coido que esta Corporación e os vigueses e viguesas deben coñecer que é o que está pasando entre a Deputación e a cidade de Vigo. Atrévome a dicir que non hai institución en

todo o Estado español nin en Europa que actúe de xeito tan partidista; é máis, vou poñer o cualificativo real: tan caciquil. Está actuando en función de quen goberna na cidade. Cando era da mesma cor política que este goberno había un investimento e agora que cambiou a Corporación da cidade a actuación da Deputación é totalmente caciquil. Vou dar datos porque aquí todo o mundo enche a boca falando de crise económica ou de creación de emprego.

Quero dicirlles ós compañeiros do Partido Popular que non o saiban e a todo o mundo que no último Pleno da Corporación da Deputación Provincial acábase de aprobar un plan de investimentos do ano 2009 ó 2011, para enfrontar a crise económica e para facer fronte á elevada taxa de destrución de emprego, de setenta millóns de euros. O acordo di que non é para os Concellos pequenos. Pero, saben vostedes, compañeiro do Partido Popular, Sr. Conde, que acaba de intervir falando da crise económica, cantos euros destina a Deputación neste Plan de Emprego para paliar a crise á cidade de Vigo? Destina cero euros, nin un so emprego.

A Deputación no último Pleno decide, que para paliar a crise e para dar resposta á creación de emprego, destinar á cidade de Vigo cero euros. Isto é moi grave. Esta é unha Deputación que actúa de maneira caciquil e os cidadáns de Vigo téñeno que saber. É máis, non lles chega con destinar cero euros á cidade de Vigo para paliar a crise, senón que o Presidente da Deputación Provincial, Sr. Louzán, resérvase o 20% de investimento, 14.000.000 de euros para decidir el persoalmente onde os vai destinar.

Isto está pasando aquí e resulta que os compañeiros do Partido Popular danos leccións na prensa de canto diñeiro se emprega no Plan de Emprego da cidade para paliar a crise e eles, que son membros dun partido que está gobernando o ente provincial, calan cando esta cidade leva cero euros de setenta millóns e cando o Presidente da Deputación decide que catorce millóns os inviste onde quere.

Imos aprobar a moción da Sra. Abelairas, pero a cidade de Vigo ten que saber que hai un ente político, unha Deputación que segue ancorada no século XVIII ou no XVII, segue actuando de maneira caciquil e segue desprezando a esta cidade.

Imos dar o noso apoio como BNG á moción do Partido Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Parécenme moi ben as intervencións dos representantes do

PSOE e do BNG. Eu coido que aínda seguen vostedes un pouco nerviosos, evidentemente que perder unhas eleccións cando pensaban que as ían gañar lles xera certo nerviosismo que aínda non son quen do asimilar.

A Deputación si que asimila perfectamente o que está a facer e ademais asume ese compromiso coa cidade de Vigo. O que ocorre é que en Vigo hai un goberno incompetente e sobre todo os membros do BNG.

A Deputación presentou para esta cidade un proxecto cun investimento de trinta millóns de euros e vostedes rexeitárono única e exclusivamente porque era un investimento da Deputación de Pontevedra. Goberno incompetente, son vostedes uns incompetentes. Dende logo que eu se fose o goberno de Vigo e perdera un investimento de trinta millóns de euros por unha cuestión partidista e por seren a Deputación de Pontevedra de distinta cor política, presentaría a dimisión ó día seguinte que é o que tiñan que facer vostedes.

Eran trinta millóns de euros con custo cero para as arcas municipais da cidade de Vigo. Queren que lles mostre o proxecto? Iso é o que teñen que saber os vigueses e as viguesas, que hai un grupo municipal de incompetentes e o Alcalde, como esa parte pertencía ó Bloque Nacionalista Galego, foi submisivo e non foi quen de dicir nin que si, nin que non. Trinta millóns de euros que perdeu a cidade de Vigo por ter un goberno de incompetentes.

Pero non só isto, senón que estamos esperando á cesión duns terreos para construír o Colexio Alemán e levan un ano e medio e non son quen de facer a cesión. Segunda incompetencia deste goberno, perden outros cinco millóns de euros. En definitiva, pola incompetencia deste goberno de non ceder uns terreos en Navia e non ceder uns terreos en Coia, perden trinta e cinco millóns de euros de investimento. Iso chámase incompetencia, actuar dun xeito partidista porque miren vostedes o que significarían para a cidade de Vigo trinta e cinco millóns de euros.

O máis grave é que ademais hai algún deputado que nin se le os orzamentos, van a Pontevedra e non se decatán nin do que está incluído nos orzamentos. Eu direillo cando o teña que dicir á prensa porque vostedes non merecen nin ese respecto porque evidentemente non len os orzamentos, nin a Sra. Abelairas nin o representante do Bloque Nacionalista Galego; pasan os orzamentos por diante deles e non saben nin cales son as partidas. Xa llo direi cando e onde o teña que dicir.

Pero o que si está claro é que por culpa de vostedes, do Alcalde e do Tenente de Alcalde, do Bloque e do PSOE, a cidade de Vigo non ten un investimento de trinta e cinco millóns de euros; por incompetentes que é a única palabra e o único cualificativo que hai que manifestar aquí.

En absoluto nos estraña porque están preocupados só de venderen propaganda e publicidade, iso si que o fan magnificamente. Só hai que coller os xornais da cidade de Vigo porque hoxe saíu a nova de que as canalizacións, o saneamento e o abastecemento están totalmente destruídos. Iso non preocupa, como tampouco que en saneamento os investimentos sexan case de cero. Tampouco preocupa que as empresas marchen a Portugal e algunha persoa ven dicirnos que liberalizar o solo é un problema do Partido Popular e que o Plan Xeral aprobouno o Partido Popular cando foi goberno. O problema é que absolutamente ninguén se quere instalar nesta cidade porque teñen solo máis barato noutros lados e porque o Plan Xeral destruírono.

Sr. Alcalde, vou aproveitar para dicir algo máis. Vostede está facendo moita demagogia ultimamente con moitos temas relacionados coa Xunta. Eu só lle vou facer unha pregunta para que miren a incompetencia deste goberno. Hoxe en día non hai terreos para construír a Cidade da Xustiza porque ese proxecto, o Sr. Alcalde sábeo, que conformou o BNG, o bipartito, non cabe na actual delimitación que ten o Plan Xeral para a construír. O Alcalde sábeo e enganou á cidadanía. Hai documentos do bipartito que dicían claramente que ese proxecto que aprobou para a Cidade da Xustiza e que está pagado non cabe e tense que modificar o Plan Xeral para que se poida construír. Iso sábeo o Alcalde porque llo comunicaron dende o bipartito. Enganou e está enganando á cidade. Esas son mostras de incompetencia, de non saber o que se traen entre mans.

Logo tamén falaremos do albergue porque imos presentar unha moción por urxencia. Habería que lle preguntar a alguén que fixo algunhas declaracións dicindo que de haberen algún morto máis nos próximos meses será competencia da Xunta. De quen é a competencia dos mortos que houbo ata o día de hoxe por non ter albergue? Dalgún corporativo? Pois no ano 2008-2009 gobernaba o bipartito BNG-PSOE na Xunta de Galicia e nesta cidade tamén.

Este é o goberno que temos. Din que a Sra. Porro está presente en todo, que ten a culpa de todo, ata xera a división do PSOE, menos mal que os xornalistas xa

empezan a falar e algún medio de comunicación no día de onte ten titulares como: "Efecto Porro no PSOE vigués". Isto é o que di algún comentarista político. Así van. Pero non me quero saír do tema, quérome centrar no que vostedes están denunciando no día de hoxe. Nós dicímoslle ós vigueses e viguesas que pola culpa do goberno BNG e Partido Socialista, do Alcalde e do Tenente de Alcalde, a Deputación non pode facer un investimento de trinta e cinco millóns de euros na cidade de Vigo. Iso a maiores do que hai nestes momentos e así poden preguntar ó sector da cultura ou do deporte se están ou non satisfeitos co labor que está a facer a Deputación que ten moito máis investimento na cidade de Vigo que o propio Concello e iso en deportes, cultura, benestar social, apoio ós menos favorecidos, turismo, etc. Pregunten á cidadanía.

En calquera caso o máis triste e lamentable de todo é que teñamos deputados provinciais que non saiban nin que partidas conteñen os orzamentos, iso é o máis grave de todo. A demagogia consiste niso, en tentar culpar ós demais do que un non é quen de facer en moitos casos.

A Sra. Abelairas xa sabe que este proxecto da Estrada Provincial está aprobado, que está a piques de saír a licitación desta obra e que se adxudicará inmediatamente logo das propostas correspondentes. Pero baixo ningún concepto imos permitir que alguén fale de discriminación por parte da Deputación cara á cidade de Vigo, si que hai que falar da incompetencia dun goberno que non é quen de facilitar nin os medios, nin os terreos para que a Deputación poida construír.

Fan isto porque non queren que a Deputación invista na cidade de Vigo, é máis fácil, demagórico e rendible dicir que a Deputación non inviste que dicir que a Deputación pode facer dous grandes proxectos da cidade de Vigo, un en Coia e outro en Navia que era o que estaba contemplado e que ademais o sabe o Alcalde porque o Presidente da Deputación llo dixo claramente nas reunións que tiveron. Aínda estamos esperando que nos cedan os terreos para o colexio alemán e que así se poida construír un centro de lecer, recreativo, cultural e social en Navia con custo cero para as arcas municipais.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: De seren eu concelleira en Vigo (que o son) e Vicepresidenta da Deputación de Pontevedra daríame vergoña e agocharíame debaixo das mesas de ter que facer o discurso que está a facer vostede, Sr.

Figueroa. Non pode estar vostede mentindo coma o está a facer.

A moción era polo arranxo dunha rúa. Tentou vostede levar o debate a non sei onde, pero a min me daría vergoña seren Vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, seren ademais concelleira en Vigo e consentir que o Presidente da Deputación de Pontevedra, como lle dá a gana e como queira, leve catorce millóns de euros para non sei onde e para Vigo cero; investimentos da Deputación en Vigo cero.

Non se escude vostede no colexio alemán porque, onde quería que o meteran se non cabía na parcela que vostedes tiñan reservada? Como fala vostede de que o Concello de Vigo participe nunha ilegalidade manifesta? Como fala vostede da Cidade da Xustiza se non sabemos o que quere facer a Xunta de Galicia? Como fala vostede de discriminación?

Voulle dicir como gobernan o Partido Popular, Sr. Figueroa: Cero euros de investimento dende a Deputación de Pontevedra e son tan cutres e están tan rabiosos co que está a facer o goberno socialista, son tan pouco respectuosos democraticamente que ata son quen de privar ós veciños de Teis de 172.000 euros, dos que o 70% son de Fondos Europeos, quítanos de aí e poñen como escusa (falo da Xunta de Galicia) que son para os levar a un goberno do Partido Popular, á parroquia de Bahiña de Baiona; privan ós veciños de Teis de 170.000 euros en saneamento e isto vostedes que están ameazando e que falan da propaganda. Eu lembro que en campaña electoral dixen: onde están eses cartos da ING? Aí queda. A min ninguén me contestou.

Todos os pedimentos que se fixeron, tanto polos deputados e deputadas do Partido Socialista, como polo Alcalde ó Presidente da Deputación, absolutamente ningún o tiveron en conta: cero. O que fixeron durante o goberno do Partido Popular en Vigo foi coa Deputación de Pontevedra, investiron cartos da Deputación de Pontevedra, algo que están negando agora.

O que lle estamos pedindo con esta moción, Sr. Figueroa, é que arranxen as estradas de seu, as que son da Deputación e logo cédenas ó Concello para o seu mantemento.

Seguen vostedes mentindo porque, onde están eses trinta millóns que din vostedes? Díganos onde están porque estou completamente segura de que o goberno acéptaos agora mesmo. Como menten tan descaradamente, Sr. Figueroa?

Mira para os medios, para min xa non é quen de mirar directamente. Como menten con semellante descaro? Trinta millóns de euros que nós rexeitamos? Onde? Falamos do colexio alemán? Da Cidade da Xustiza onde o presidente nin sequera di que quere? Non lle imos dicir nós ó Presidente da Xunta de Galicia..., que nos diga o que quere que nós estamos dispostos. Pero se temos que saír falamos do Xulgado do Mercantil e doutras moitas cousas.

Hai algo detrás de todo isto e é o que é realmente o Partido Popular. O Partido Popular, como realmente está atrapado, dedícase a desacreditar permanentemente ás institucións, vostedes Sr. Figueroa, con pouco respecto ós que están do outro lado. Están vostedes agora mesmo nunha desfeita tremenda, absolutamente botados ó monte. Respecten as regras do xogo e non se limiten única e exclusivamente a desacreditar.

Repito que me diga vostede onde están os trinta millóns de euros porque estou completamente segura de que agora mesmo llos aceptamos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, solicitando se inste á Deputación Provincia que inicie a humanización da Estrada Provincial, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (156).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE CONVOQUE DE XEITO URXENTE A COMISIÓN DE RUÍDOS. DOC. 90091965.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño de 2009, número 90091965, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

“A aprobación inicial da Ordenanza e das ZAS publicouse no BOP o 18 de abril de 2007, quedando aberto dende ese momento o período de exposición pública, froito do traballo realizado polo anterior Goberno do Partido Popular e de todos os representantes políticos da Corporación, técnicos locais e colectivos implicados a

través da comisión de ruídos.

Posteriormente se procedeu á aprobación da modificación da ordenanza municipal de ruídos na sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2008 (BOP nº 69 do 10 de abril de 2009), así como da declaración de Zonas Acusticamente Saturadas (ZAS) aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2008 (BOP nº 69 do 10 de abril de 2009).

En definitiva, gracias ao consenso e á implicación de todos a través da citada comisión, puxéronse os vimbios para xestionar, resolver e dar solución ao problema da contaminación acústica, sensibles á necesidade de mellorar o benestar de moitos cidadáns e garantir o dereito ao descanso por enriba do lecer.

Dende o grupo Municipal do Partido Popular cremos sen embargo que a maioría das medidas adoptadas por medio desta normativa, na práctica non están xerando os efectos esperados. Para isto debería existir un control axeitado sobre o seu cumprimento dende a administración local e, ó mesmo tempo, o Goberno desta cidade debería expor con transparencia unha listaxe exhaustiva dos establecementos e das actuacións que se teñen levado a cabo para corrixir as irregularidades que no seu caso constate, tanto no que se refire á reposición da legalidade como no ámbito sancionador.

Todo isto debería facerse a través da Comisión de Ruídos, que permitise realizar con maior solvencia, control e eficacia tales xestións, xerando ademais confianza entre os veciños.

Polo exposto o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Convocar de xeito inmediato a Comisión de Ruídos, co obxectivo de adoptar as medidas apropiadas acordadas coa normativa, ademais de trasladar e expoñer as actuacións levadas a cabo en cada momento.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Logo de escoitar esta mañá todo o que se falou aquí, a verdade é que non podo dicir outra cousa máis que me ratifico na presentación desta moción, aínda que sexa do pasado mes de xuño. Digo isto sobre todo e fundamentalmente polo que dixó a Sra. Díaz falando de cuestións medioambientais, da limpeza desta cidade, de que non removemos os colectores. Non sei se referiré ós colectores soterrados, eses que aínda dous anos despois non puxo en marcha e que son responsabilidade de seu. Non sei se referiré tamén a aquela famosa “Vasoira de platino” resultado da xestión do Partido Popular no

anterior mandato, durante nos anos 2005-2006, que tivo o descaro de querer axenciarse. Ata niso a Sra. Díaz fai demagogia. O informe que saíu hai uns días referente ós parques e xardíns a verdade é que deixa bastante que desexar con respecto ó que expuxen aquí...

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, acábolle de dicir á Sra. Abelairas que se cinguise ó punto da orde do día e reitérolle a vostede que tente cinguirse porque, que eu saiba, Parques e Xardíns e Limpeza teñen pouco que ver coa Comisión de Ruídos, agás que vostede me convenza de que efectivamente é así.

Coido que neste Pleno nos deberíamos ater dentro do que é un ámbito político razoable ó que estamos presentando e non facer de cada punto un debate total porque eu agora lle teño que dar a palabra á Sra. Díaz por alusións e non lla quero dar. Faga o favor, céntrese porque cada punto non é un debate á totalidade, tentemos atérmonos a el.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Efectivamente. Como dicía ratíficome nesta moción referida á necesidade de convocar de inmediato a Comisión de Ruídos que é ó que instamos ó goberno porque nesta cuestión de tipo medioambiental se fixo un gran traballo no anterior mandato, un traballo no que se implicou a numerosos técnicos e asociacións na resolución destes problemas, en levar a cabo a xestión correcta deste problema. Iso sen ningunha dúbida facíase a través da comisión de ruídos.

Dous anos despois, sen convocar esta comisión, pensamos que as medidas adoptadas por medio da nova normativa que entrou en vigor no presente mandato e que se desenvolveu xa no anterior, na práctica non está xerando os efectos esperados e sen ningunha dúbida isto débese a que falla unha xestión e un control axustados da administración local ó mesmo tempo que unha maior transparencia, unha das cousas que máis botamos de menos dende o Grupo da oposición do Partido Popular.

Esiximos por iso tamén un listado exhaustivo dos establecementos, das actuacións porque todo isto se debe facer a través da Comisión de Ruídos que case dous anos despois de solicitar a súa inmediata convocatoria neste mesmo Pleno segue sen seren convocada. Aínda que logo de veren a resposta a unha das preguntas presentadas no anterior Pleno de xullo quédome moi sorprendido posto que a Sra.

Lago, responsable da convocatoria desta Comisión e do departamento de Medio Ambiente, dinos literalmente: “Informámoslles que a Comisión de Ruídos convocouse como ven sendo costume nos últimos anos neste Concello. Ampliouse a participación das asociacións de veciños porque coidamos fundamental achegar a administración ós cidadáns”.

Sra. Lago, como que ven sendo costume nos últimos dous anos se leva dous anos sen convocala e ademais se solicitou neste mesmo Pleno xa hai case dous anos? Non podemos comprender que por riba nos responda desta maneira totalmente impresentable e vergoñosa, como cada unha das actuacións que se están levando a cabo dende o departamento de Medio Ambiente, logo tamén lle farei un resume. Realmente é unha vergoña que por riba nos responda deste xeito.

Polo tanto mantemos a moción, segue en vixencia e urximos a que convoque a comisión como se facía antes, con todos os grupos políticos integrados e con todas as partes e asociacións implicadas ás que tamén se lles convocaba. Non entendemos por que variou o método e tampouco por que non nos convocou a nós.

SRA. LAGO REY: Eu tamén lle podo facer un resume da súa xestión do medio ambiente cando gobernaban vostedes. Fago un resume que remata axiña, por exemplo da acumulación de queixas na época estival nas praias, un número de 325. Por certo, a Comisión de Ruídos convocouse e vostedes non estaban alí.

En primeiro lugar téñolle que dicir ó Sr. González Sagarra que chega tarde coa súa moción, coma sempre, como pasa con todas as reivindicacións e con todas as mocións que presenta neste Pleno.

A Comisión de Ruídos realizouse o día 10 de xullo pasado na sala anexa a este Pleno ás 11 horas e convocouse a todas as asociacións veciñais, tamén á Federación de Hostalería, á Federación de Empresarios de Discotecas e Locais de Ocio e ós tres sindicatos. Asistimos tres concelleiros: o de Seguridade, Sr. Calviño, o de Urbanismo, Sr. Mariño, e máis eu. Vostedes non estaban e iso tan preocupados que están polo ruído.

Logo me poderá resumir todo o que fixeron vostedes no tema do ruído porque tivo que chegar un goberno socialista para que se aprobara a ordenanza de convivencia cidadá e ocio, precisamente co obxectivo de garantir ós veciños e veciñas de Vigo o seu dereito ó descanso, á intimidade persoal e familiar, á saúde e a un medio

ambiente axeitado. Unha decisión valente deste goberno para rematar coa contaminación múltiple que produce ruídos de elevada intensidade e un cúmulo moi importante de residuos.

Quérolle lembrar tamén que o Alcalde desta cidade e máis eu reunímonos previamente á comisión coa Asociación Viguesa contra o ruído con quen estamos de continuo en contacto, como con todas asociacións que piden información en canto ós expedientes e que a teñen ó momento, e alí decidiuse cando e de que xeito realizar esta comisión.

En febreiro de 2008 aprobamos definitivamente a declaración das zonas acusticamente saturadas e a modificación da ordenanza municipal de Protección do Medio contra a contaminación acústica que presentou este Goberno Socialista e non vostedes. Como consecuencia da decisión adoptada tamén prohibimos ós establecementos comerciais sitios nestas zonas (ZAS) a venda de bebidas alcólicas dende as 10 da noite ata as 9 do día seguinte. Segunda medida que fixo este goberno.

Foi tamén este goberno quen decidiu declarar zonas protexidas as rúas Ecuador entre o tramo Simón Bolívar e Fisterra, a rúa Venezuela no mesmo tramo, a rúa Simón Bolívar entre Ecuador e Venezuela, a rúa Panamá tamén neste tramo, a rúa Joaquín Loriga entre Ecuador e Venezuela e a rúa Fisterra.

Tamén este verán os socialistas, este goberno, iniciamos outro expediente para declarar zona protexida a Praza do Berbés, Teófilo Llorente e as súas inmediacións; o seu prazo de exposición ó público coido que rematou hoxe.

Paralelamente ó operativo establecido para controlar estas actividades acusticamente molestas, estase a denunciar ós locais que incumpren o horario de peche dos establecementos incoándose o correspondente expediente sancionador.

Teño que dicir tamén que nestes últimos dous anos a Concellería de Medio Ambiente incoou setenta e cinco expedientes. Nos anos tres anos e medio que estiveron vostedes foron noventa. Nós levamos unha media bastante elevada e ademais impuxemos medidas correctoras e de peche.

Outra novidade que aportou este goberno foi que os locais que non teñen licenza de actividade antes só eran sancionados por Urbanismo, agora teñen unha dobre sanción e un seguimento. Tramitamos un expediente sancionador paralelo ó de Urbanismo de contaminación acústica. Ademais a Policía Local fixo nestes dous

anos duascenas cincuenta intervencións en locais por incumprimento de peche. Hai moito que facer, pero levamos moito máis do que vostedes fixeron en case catro anos, moito máis, non faga vostede o ruído que non fan os cidadáns. Os bos resultados obtidos dende a aplicación da ordenanza, como sabe vostede gracias á magnífica actuación da Concellería de Seguridade e Transporte e da Policía Local, anímanos a estender a restrición a outras zonas coma a do Berbés, A Pedra e Teófilo Llorente. O goberno do Partido Popular non adoptou ningunha medida extraordinaria como as que veño contar, á parte da recadadora que si é obriga deste Concello, pero tamén hai obriga de presentar medidas extraordinarias como as que lles acabo de expoñer. Agora se quere faga un resume do que fixeron vostedes no medio ambiente durante eses case catro anos e a iso tamén lle poderei responder eu.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sra. Lago, o que lle digo é que vostede está mentindo e que é absolutamente nefasta a súa xestión. Está mentindo tal e como nos ten acostumados neste Pleno. Acotío mente pero hoxe está levando o premio gordo. Voulle facer un resume de esa nefasta xestión. Vostede vai pasar ó Libro Guinness dos récords precisamente pola súa incompetencia e pola súa mala xestión. Como lle dixen, logo lle farei un resume porque lle dá o mesmo botar a perder os cartos dos cidadáns. Dálle exactamente o mesmo que se perdan cento cincuenta mil o máis euros por unha nefasta xestión que fixo este verán, mentres estaba de vacacións. Claro que leva de vacacións dous anos así que póñase a traballar, Sra. Lago, porque xa vai sendo hora de que faga algo útil, nunha empresa normal vostede a estas horas estaría noutro sitio.

Pero falando desta moción, dígame onde está a convocatoria da Comisión de Ruídos que imos esixir por escrito porque non chegou. É totalmente mentira, é falso que vostede convocara esa Comisión de Ruídos e que convocara á oposición como se facía antes que se comunicaba a todos os grupos políticos. Imos esixir esa convocatoria por escrito porque está vostede mentindo, agás que convocara telepaticamente, ó mellor é esa a vía que utilizou para convocarnos á Comisión de Ruídos a que ademais convocou supostamente un sábado pola mañá, iso saía nos xornais.

Di que non fixemos nada. Como pode ter a desvergonza política de dicir iso? O ZAS deixouno preparado, listo e xestionado o Partido Popular no anterior mandato. Onde está o mapa de ruídos no que vostedes non fixeron ningunha modificación nos últimos dous anos? A nova ordenanza referente á contaminación acústica deixouna preparada, publicada no BOP e lista para a súa aprobación o Partido Popular no anterior mandato. Como pode ter a desvergoña de dicir o que está dicindo? É realmente lamentable.

Pero se imos ó Pleno que se realizou aquí en novembro de 2007, vostede dicía: “Se non se convocou a Comisión de Ruídos que, repito, que non é unha comisión legal, senón de feito...” Agora resulta que non era unha comisión legal, onde está a convocatoria legal, como dicía vostede, ó Partido Popular da Comisión de Ruídos? Onde fixo a convocatoria, ante notario, ante a Secretaria? Onde a fixo? É absolutamente lamentable que agora nos diga iso logo de dicir o que dixo aquí. Ese é o problema das hemerotecas, Sra. Lago, que todo queda por escrito e as palabras pódeas levar o vento, pero isto está escrito aquí.

Tamén dicía que a esta comisión faltáballe unha ordenanza, unha periodicidade... A ordenanza deixámoslla feita xa.

Claro que se fixeron cousas a través da Comisión de Ruídos, ademais se convocou en numerosas ocasións e fíxese que lle vou ler por quen estaba constituída: Plan Comunitario do Casco Vello, Asociación de Veciños do Casco Vello, Federación Veciñal “Eduardo Chao”, Federación de Hostalería -ADCOR-, Asociación Viguesa contra o Ruído... Fórzame vostede a ler outra vez o xa dito neste Pleno hai dous anos. Vostede insiste en cometer os mesmos erros. Tamén lle dixen que esta comisión convocouse durante moitos anos, no anterior mandato e en moitas ocasións, se quere fágolle o resume porque tamén o teño aquí escrito.

Pero voulle facer tamén un resume como fai vostede que nos ten acostumbrados a ler os informes que lle dan os técnicos e que nin sequera parece que os lese en casa porque dá a impresión que non os comprende, coido que non os leu porque senón mesmo sería máis grave.

Léolle unha nova do 5/09/2008: “Espada critica a desidia sobre o ruído”. O Presidente da Asociación Viguesa contra ruído dicía: “Todo o que se dixo é mentira, non se fixo nada en absoluto”. “Soportamos demasiados ruídos” “Freixeiro, parroquia cargada de historia pero que ostenta na actualidade a dubidosa honra de

ser a segunda con máis contaminación acústica no municipio”.

Vostede tampouco lles atende porque por parte dos cidadáns hai moitas reivindicacións e solicitudes para que os atende e os escoite, pero é que a súa axenda sempre está cargada, sempre está a tope porque se está de vacacións non pode ter axenda, é absolutamente inviable. Sigo con novas: “Expedientes por ruídos a locais de copas caducan polo atraso ó comunicar as sancións”. Que nos está contando vostede aquí? Repítolle que está lendo o informe que lle fixeron os técnicos e nin sequera prestou o suficiente interese para o entender. “Seis dos trinta e cinco expedientes tramitados caducaron xa ó superar o prazo legal de seis meses para resolvelos”. Esta nova é de 18/12/2008. “Ata febreiro por falla de persoal en Medio Ambiente tras producirse traslados no departamento”. Sabe que lle pasou? Que a súa xestión é tan nefasta e tan lamentable que ninguén quere traballar con vostede. Algúns técnicos do seu departamento se foron porque estaban fartos da súa mala xestión, da súa inoperancia, da súa incompetencia, Sra. Lago. O problema realmente é que houbo desercións porque están fartos.

Entón incorporouse unha asesora xurídica externa para empezar a moverlos e logo a praza ocupouse de forma definitiva” O pub Pérez de Zeta, no que reside o Presidente da Asociación contra o Ruído e que di: “A situación foi a peor. O expediente non se abriu ata abril e o mes pasado comunicáronlle que caducou”. “Os afectados por ruídos animan a acudir ós tribunais tras fallar un xuíz que é delito”. Claro que ante a ineficacia do departamento de Medio Ambiente prefiren ir os tribunais, Sra. Lago.

“A Comisión Municipal de Ruídos agrupa ós representantes políticos da Corporación...” Ó mellor isto téñollo que repetir máis veces porque, sabe vostede cal é o grupo político maioritario nesta Corporación? Supoño que si sabe que é o Partido Popular a quen vostede non convocou. Déanos por escrito a convocatoria, onde está? “...e ós colectivos implicados, entre eles os hostaleiros, Federación Veciñal e asociacións de veciños”. Leva dous anos sen se convocar e os problemas seguen sen se resolver.

Como pode ter a ousadía de vir aquí contarnos unha *milonga*? Por favor, están dicindo os membros desa comisión que non se convocou, que non os escoitou porque nunca ten un oco na súa axenda, Sra. Lago. “Non se fixo nada”. “Todo mentiras”. “Estamos esperando dende maio pola Comisión de Ruídos”. Outra nova

do 04/12/2008 di: "O Valedor do Pobo require ó Concello sobre a eficacia das zonas saturadas de ruído". "O Concello colocará un sistema de control de ruídos nas zonas máis contaminadas. A Concillería ten previsto instalar no 2009 un sistema de control de ruídos nas zonas con maior contaminación acústica da cidade". Iso parécenos moi ben, pero é que logo di: "O anunciado para xullo posponse por segunda vez". Agora a data é setembro e non agosto. Hai constantes cambios e pola mesma razón, porque vostede é completa e absolutamente inoperante, a súa xestión é nefasta.

Unha apreciación persoal: cando saio de Vigo dáme vergoña falar do medio ambiente de Vigo porque é vergoñento e lamentable falar da mala xestión que está levando vostede a cabo. Vostede, como lle dicía antes, vains levar ó récord Guinness pola súa nefasta e lamentable xestión. Dáme mágoa, prefiro mirar cara outro lado cando me preguntan na Coruña ou en Lugo.

Outra nova do 10 de xaneiro de 2009 di: "Os locais non se cortan e soben a música pola ineficacia do Concello". Se é que todo o achacan á súa ineficacia, é responsabilidade de seu, Sra. Lago, aínda que non lle guste. "O Valedor do Pobo require ó Concello sobre a eficacia das zonas saturadas de ruído". Deixámosllo todo feito pero vostede é incapaz de traballar sobre iso cando xa o ten mastigado, ese é o problema. "Mesmo os policías anuncian baixas masivas polo ruído enxordecedor das obras en López Mora". Disto non a podo culpar a vostede porque é responsabilidade da Subdelegación de Goberno pero o problema é que vostede non fai nada.

Malia presentar esta moción en xuño hai cousas que aparecen logo nos medios de comunicación referentes ó tema dos ruídos e así o 22/06/2009 sobre a Asociación do Casco Vello dise: "Explica a asociación que moitos dos procedementos sancionadores caducaron por ineficiencia administrativa do propio Concello". Vólvoo repetir porque se repite nos medios de comunicación constantemente. Responsabilidade de seu, Sra. Lago. É unha incompetente, se vostede tivera vergoña xa non estaría aí. "Non se reuniu a Comisión Municipal contra o Ruído". Isto di a Asociación do Casco Vello. "A Asociación Casco Vello denuncia que a situación dos veciños é dramática".

Pero hai máis, aínda non rematamos porque estas novas chegan mesmo ata hai unhas semanas. O 19 de agosto de 2009: "Duscentas oitenta e oito familias que

viven noutros tantos pisos da urbanización Sotavento-Alcabre, e unhas poucas máis que residen nun edificio ó outro lado da circunvalación, xa en territorio de Bouzas, soportan dende hai anos un nivel de ruídos que supera os límites permitidos". "Chus Lago non nos recibe, segundo a súa secretaria porque está moi ocupada". Sr. Alcalde, é que vostede tería que poñela a traballar hai dous anos e non agora que di que corta as súas vacacións, é que leva dous anos de vacacións a Sra. Lago, Sr. Alcalde, e iso é responsabilidade de seu tamén porque fai oídos xordos ás protestas e ás queixas que manifestan os cidadáns vigueses. O problema é que ó final vostede é o máximo responsable da nefasta e vergoñosa xestión que se está realizando neste e noutros temas de medio ambiente.

Non o conseguiron e cando reiteraron telefonicamente o seu pedimento a secretaria da Sra. Lago "...díxonos que estabamos na lista pero que non sabía cando podería atendernos porque está moi ocupada". É que sempre está ocupada pero noutras cuestións que non son as que lle deberían ocupar. Sra. Lago, vostede está para atender e escoitar ós cidadáns vigueses e tentar resolver os seus problemas, pero polo menos para os escoitar, polo menos ter a "vergonza toureira" de escoitar ós vigueses, os seus problemas e, de poderen, resolvelos. Iso é o mínimo que tería que facer vostede pero logo farei un resume total da súa xestión. Pero a máis teño que dicir que esa suposta convocatoria desa Comisión de Ruídos que esiximos dende o Grupo Popular por escrito, onde está? Di vostede que se convocou. "Apareceu un membro da Federación de veciños para dicir que lle indignaba a falla de respecto deste goberno". Porque tampouco os invitaron, entrou, fixo acto de presenza e dixo que non se lle había invitado e que marchaba. Esa é a forma de actuar, con absoluta falla de transparencia, de dignidade e de competencia de seu; esa é a forma de actuar do Sr. Alcalde, da Sra. Lago e do Sr. López Font que, por certo, acusounos de que fomos informados e iso é totalmente falso.

A PRESIDENCIA: Voulle ter que dar a palabra por alusións. Faga o favor de non dirixirse a el.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: É mentira, é completamente falso, é falso de toda falsidade, Sr. López Font, pillárono nunha rolda de prensa e vostede evadiuse e

acusounos a nós de ser informados e de non quererem ir. É absolutamente lamentable a xestión que fixeron vostedes neste sentido.

SRA. LAGO REY: Vostede si que é un récord Guinness, dos malos pero si o é. Leo o que me dá a gana porque sei ler. Vostede non é ninguén, nin llo crea. Eu din a volta á terra de norte a sur, de leste a oeste; subín onde subín e volvíñ superando condutas como as de seu que onde van as décadas que deixei atrás, que é o máis importante, moito máis que onde cheguei deportivamente. Non fixen todo iso, Sr. González Sagarra, para volver á miña casa, á miña cidade, a este Pleno que considero un lugar sagrado dentro do Concello, para que vostede que non é ninguén tente faltarme ó respecto.

O único que estivo de vacacións en Medio Ambiente foi o Sr. Figueroa durante tres anos e medio e senón cóntenos que fixo co ruído, co río Lagares, cos vertidos, co socorrismo, coas trescentas vinte cinco denuncias de usuarios das praias a Medio Ambiente. Por que a mesma empresa se presentou durante catro anos para prestar o servizo de socorrismo cando tiña trescentas vinte e cinco denuncias acumuladas? Por que non se presentaba ningunha empresa e só esta? Que lle debía esa empresa a este Concello?

A PRESIDENCIA: Sra. Lago, isto vai de Comisión de Ruídos. Por favor, céntrese en Comisión de Ruídos.

SRA. LAGO REY: Como o de seu é un récord Guinness eu voume centrar no que fixo este goberno porque teño seguridade en mi mesma e sobre todo en que este departamento de Medio Ambiente, como o de Seguridade Cidadá, responderon no que vostedes non foron capaces. En febreiro de 2008 aprobamos definitivamente a Declaración de zonas acusticamente saturadas, sacámola dun caixón e aprobámola. Tamén prohibimos a venda de alcol nos establecementos dende as dez da noite ata as nove da mañá nas zonas ZAS. Foi este goberno tamén quen decidiu declarar zonas protexidas as zonas de Ecuador, entre Simón Bolívar e Fisterra, a rúa Venezuela no mesmo tramo, a rúa Simón Bolívar entre Ecuador e Venezuela, a rúa Panamá no mesmo tramo, a rúa Joaquín Loriga entre Ecuador e Venezuela e a rúa Fisterra. Leo para que non quede nada por dicir do que fixo este goberno.

Tamén iniciamos expedientes para declarar zonas protexidas na Praza do Berbés, Teófilo Llorente e nas súas inmediacións, expedientes que veñen de rematar o seu prazo de exposición.

Paralelamente ó operativo establecido para controlar estas actividades acusticamente molestas, denúnciase ós locais que incumpren o horario de peche dos establecementos, incoándose os correspondentes expedientes sancionadores. Lémbrolles que nos dous anos que levamos fixemos setenta e cinco e nos catro anos que estiveron vostedes noventa. Claro que lle parecerán poucos pero levamos unha media moi superior á súa.

Ademais este goberno está a facer algo que o seu goberno tampouco facía nada e é que os locais que non teñen licenza de actividade, á parte de seren sancionados por Urbanismo, sono tamén por ruído pola Concellería de Medio Ambiente, algo que no seu goberno non pasaba, digamos que tiñan licenza para facer todo o ruído que lles dera a gana. Ademais a Policía Local fixo duascenas cincuenta intervencións nos locais para comprobar o cumprimento do horario.

Polos bos resultados coa ordenanza, repito que gracias á magnífica actuación da Concellería de Seguridade, estúdase que se fagan restricións nas zonas do Berbés, A Pedra e Teófilo Llorente.

Agora é o seu momento para dicir o que fixeron vostedes porque á parte de descualificar non está para facer outra cousa, nin aportar medidas, nin nada. A ver se se centra na política e non en vostede mesmo que sempre acaba centrar a atención sobre o tema persoal, sobre vostede mesmo. Niso si que gaña vostede o récord Guinness. De subiren vostede ó Everest veríámolo flotando.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: A única que falta ó respecto aquí é vostede permanentemente en cada un dos seus comentarios e respostas. Como que eu non son ninguén? Eu represento a 66.000 votos nesta cidade ata o momento. Vostede a cantos? Brinde. Iso si que é unha falla de respecto, Sra. Lago, é ó que nos ten vostedes acostumbrados, a faltar ó respecto.

Voulle facer o resume da súa xestión en Medio Ambiente que é o peor que podemos facer nesta cidade porque é o máis grave que ocorreu...

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, a moción vai de ruídos.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: É o máis grave que ocorreu nesta cidade dende hai moito tempo. O primeiro ó que nos acostumou é a axenciar contratos a dedo.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, deteña a intervención. A moción vai de ruídos, se rachamos esa norma... É algo de convocar a comisión ou algo así? Por favor, atéñase á moción.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Por alusións ó que dixo ela.

A PRESIDENCIA: Non, pareina inmediatamente cando fixo unha alusión ó Sr. Figueroa.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Si que é de ruídos, Sr. Alcalde, é unha cuestión de medio ambiente, como a adxudicación do concurso de socorrismo que é o máis grave que ocorreu nesta cidade nos últimos vinte anos. Que ocorran cousas como a apertura ilegal dos sobres, que non sabemos...

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, voulle retirar a palabra. Chámoo á orde. Esta é a primeira chamada á orde. Atéñase á cuestión que é sobre ruídos e non é socorrismo.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Estamos falando de ruídos tamén.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, primeira chamada. Atéñase á cuestión. Chámoo á orde.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Eu teño que responder ás cuestións...

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, primeira chamada á orde. Continúe.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sra. Lago, nos xornais dise o 19 de agosto: "O ruído da circunvalación amarga a existencia de trescentas familias". "O Concello de Vigo

perdeu 150.000 euros por atrasar a adxudicación dos “chiringuitos”. Sra. Lago, hai moitas cousas polas que vostede vai pasar á historia desta cidade: pola súa mala xestión, pola súa nefasta e vergoñosa xestión e tamén na cuestión dos ruídos por non cumpriren coas súas obrigas que é atender ós cidadáns. Ese é o problema.

Dende logo que a vergoñenta xestión do departamento de Medio Ambiente vai pasar á historia e ademais se empeza coñecer en toda Galicia e máis nalgunhas partes de España. Ese é o legado que nos vai deixar vostede, o resultado que nos vai deixar neste Concello da súa xestión.

A única que falla ó respecto é vostede, faio cando di que un concelleiro do Partido Popular non é ninguén. Esa é a forma de entender a democracia do Partido Socialista, é a súa forma de entender as cousas e a democracia. Iso quedou completamente palpable aquí nesta moción. A verdade é que é lamentable, Sra. Lago.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, solicitando a convocatoria urxente da Comisión de Ruídos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (157).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A INSPECCIÓN E REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS DAS PISTAS DEPORTIVAS DE CANDEÁN, MATAMÁ E CABRAL-FEIRA. DOC. 90091969.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño de 2009, número 90091969, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

“O pasado mes de setembro a cancha aberta da Praza da Feira na parroquia de Cabral, foi asfaltada. Dende o grupo Municipal do Partido popular nos satisfai calquera iniciativa deste tipo que mellore as instalacións deportivas en parroquias como a nomeada e outras que están igualmente necesitadas como ocorre en Sampaio, Candeán ou Matamá, e que veña reparar e mellorar as deficiencias que

poidan padecer en relación a servizos que consideramos indispensables.

É evidente que a práctica deportiva mellora a calidade de vida dos cidadáns e, por outra parte, a numerosa xuventude destas parroquias ben merece a posibilidade de exercer o seu dereito ao lecer e ao goce do seu tempo libre de xeito saudable, a través da práctica deportiva.

Isto queda de manifesto a través dunha participación masiva en parroquias como as nomeadas, dos numerosos equipos pertencentes ás mesmas, nas competicións ao longo de todo o ano e en especial das que se están a celebrar actualmente.

Sen embargo os propios veciños nos teñen trasladado a súa desconformidade e queixas polo que consideran remodelacións inconclusas e deficientes.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular nos referimos neste senso ás deficiencias detectadas fundamentalmente no asfaltado, tendo observado agretamentos nas mesmas que impiden a correcta práctica deportiva.

Por outra parte, en casos como o da pista de Cabral-Feira consideramos imprescindible que dende o Concello se proceda a dotar á mesma dos servizos que completen a súas necesidades, como son os vestiarios e a instalación de puntos de luz para a práctica en horas nocturnas e de cara á vindeira tempada.

Por todo isto dende o Grupo Municipal do Partido Popular formulamos a seguinte proposta ó Pleno para a súa aprobación:

Instar ó goberno Municipal a inspeccionar as citadas pistas de Sampaio, Candeán, Matamá e Cabral-Feira e reparar as deficiencias detectadas ou reclamar a quen correspondan estas actuacións, así como dotar dos servizos necesarios como son os vestiarios e puntos de luz no seu caso.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Esta moción refírese a algunhas pistas deportivas dalgunhas parroquias de Vigo. Concretamos algunhas como as de Sampaio, Candeán, Matamá ou Cabral, pero tamén hai moitas outras, polo tanto se pode facer extensible a tantas outras parroquias nas que detectamos deficiencias ou nolas transmitiron os cidadáns. O que máis lamento é ter que defender agora esta moción que estaba presentada o 15 de xuño porque perdeu actualidade.

Perdeu actualidade por dúas cousas, a primeira é que en xuño, cando se presentou esta moción non foi nin polo meu capricho nin do Partido Popular, senón que daquela había moitas competicións e torneos deportivos de verán e polo tanto era

ese o momento que pensabamos que tiña unha máxima actualidade xa que os cidadáns, as asociacións e os equipos de Vigo estábannos transmitindo problemas referentes a esas pistas.

A outra razón era que presentándoa en xuño aínda había tempo suficiente para que se arranxasen e corríxisen esas deficiencias e así na presente temporada que comeza agora en setembro, os equipos puideran practicar o deporte axeitadamente. Lamentablemente, polo caciquismo e polo despotismo ó que nos acostumou o Sr. Alcalde nos últimos tempos, temos que defendela dous meses e medio despois. Aínda así o vou facer o mellor posible e imos tentar que esta moción siga tendo a máxima actualidade.

A moción refírese a unhas deficiencias e ás necesarias remodelacións nalgunhas pistas dalgunhas parroquias. Falábamos das da Asociación de Candeán, o campo do colexio público de Igrexa de Candeán, o de Cabral-Feira onde consideramos oportuno que se corrixa a deficiencia da inexistencia duns vestiarios necesarios; outras pistas coma a de Matamá, a que está ó carón da Asociación de San Xoán Poulo e a que está máis arriba da asociación veciñal.

Instamos polo tanto ó goberno municipal a que inspeccione as devanditas pistas e corrixa as deficiencias.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe e agora estamos falando do mantemento das pistas deportivas. Si que é certo que ó longo da cidade hai unha serie de pistas deportivas situadas nos espazos verdes da cidade e polo tanto son competencia de Parques e Xardíns, pero tamén é certo que nos vinte anos que levan estas pistas feitas ninguén foi quen de reparalas, melloralas ou acondionalas.

Nestes momentos, nos orzamentos do ano 2009 por primeira vez se incorporou unha partida de medio millón de euros precisamente destinada á recuperación destes espazos deportivos. É a primeira vez en vinte anos que se fai unha actuación deste tipo.

Precisamente estamos co Plan de mellora dos espazos deportivos. Este ano atenderemos arredor duns oito espazos deportivos de maior calado, pero en xeral si que estamos facendo actuacións como a reposición de redes ou melloras do pavimento. Pero quero tamén deixar constancia de que polo menos en Cabral, aínda que poidan faltar cousas por facer, si se fixo unha pista porque antes nin

sequera había iso.

Como recoñecemos que existen moitos pistas deportivas e que temos que proceder ás súas reformas e cambios, aínda que xa estamos traballando niso, eu propoño unha emenda a esta moción que di: “Instar ó goberno municipal a inspeccionar as pistas deportivas localizadas nos distintos parques municipais, deterioradas polo seu abandono nos últimos vinte anos e proceder á súa reforma tal e como xa iniciou este goberno”. Recoñece que temos pistas, que as temos que inspeccionar e reparar, pero tamén que xa estamos traballando nelas.

SR. ALONSO PÉREZ: Hai que diferenciar a responsabilidade do que son as instalacións deportivas que competen á Concellería de Deportes, como son os pavillóns polideportivos, campos de herba, piscinas, do que son uns espazos verdes que existen na cidade. Efectivamente dentro dos parques haberá algunhas instalacións nas que se practique deporte e a min, como Concelleiro de Deportes, interésame que o goberno dea resposta e así efectivamente falamos xa coa concelleira responsable de que estean en bo estado de uso para que se aborde, por fin, logo de vinte anos, a mellora destes espazos.

Pero o que non pode ser, o que está politicamente moi mal é utilizar a rapaces e rapazas que non saben de urbanismo para facer campañas en Cabral-Feira. En Cabral-Feira hai un espazo no que dende a Concellería de Deportes, para que os rapaces xogaran en bo estado porque antes xogaban nun lameiro e nunca se lles respondera a esta demanda que xa tiñan as concelleiras de Deportes e de Parques e Xardíns anteriores, asfaltóuselles para que xogaran e puxéronse porterías en boas condicións.

Agora hai unha campaña na que está detrás o Partido Popular instigando a que se poñan uns vestiarios no Campo da Feira pero hai que saber o que se pide porque non se poden poñer uns vestiarios nunha praza pública.

Eu estou sempre ó seu dispor para que coñezan as cousas e así dígolle, Sr. González Sagarra, que dentro do Plan Xeral o Campo da Feira está coma un espazo verde, como o que é; non se poden poñer aí uns vestiarios para a competición deportiva. Hai que diferenciar. Este concelleiro que lle fala cando entrou fíxose responsable deste departamento e veu como había un pavillón no Carballal no que non se podía facer deporte porque o goberno anterior o tiña pechado; abrímolos e

estase facendo deporte. Onte o seu compañeiro, Sr. Conde, estivo comigo entregando no Carballal os trofeos do Campionato de Balonmán do Carballal. Entón é no Carballal onde se pode facer competición deportiva.

Esta Concellería ademais está negociando para facer un convenio cos clubs deportivos do barrio para mellor uso desa instalación deportiva. Aí cabe a competición deportiva dos rapaces de Cabral-Feira perfectamente e é o que teñen que facer e non pedir vestiarios onde non se poden facer por mor do Plan Xeral.

Eu estou ó seu dispor para llo explicar ben e a modo, non ten por que o saber vostede pero eu si xa que é a miña obriga. Entón como pide algo que é ilegal, eu explícollo, dígolle que non pode ser, non se poden facer vestiarios nun espazo onde o Plan Xeral non o permite. Hai vestiarios no pavillón do Carballal onde si se pode facer competición deportiva regulada. É distinto un espazo verde, onde poden xogar os rapaces, dunha competición deportiva.

Engádome á proposta da emenda da Sra. Díaz para dar resposta, que é o que nos interesa ó goberno, a unha demanda que durante vinte anos non se atendeu porque aínda que non é a miña competencia directa como Concelleiro de Deportes, si é a miña competencia que os espazos onde se faga algún tipo de actividade deportiva teñan a resposta deste goberno e como por fin a teñen, engadímonos polo tanto á emenda.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non podemos admitir esa emenda por un motivo; non podo admitir que vostedes digan que en vinte anos non se tiveron en conta nin se desenvolveron as cuestións deportivas nesta cidade. Non podemos admitir que digan vostedes agora que durante os últimos vinte anos as cuestións de deporte esquecéronse. Iso parécenos inaceptable sobre todo porque houbo outros gobernos e considero que todos nos últimos vinte anos tentaron desenvolver á súa maneira as cuestións deportivas nesta cidade. Polo tanto non podemos aceptar iso, non podemos votar a favor de dicir que as instalacións se abandonaron.

Tampouco podemos admitir que se abandonaran, faltarían os orzamentos, unha mellora da xestión, habería deficiencias, pero non podemos admitir iso. Non só en canto ó mandato anterior do Partido Popular, senón a todos os demais. Non podemos entender que poñan iso na emenda.

Sr. Alonso, dinos que utilizamos ós rapaces e rapazas en Cabral-Feira. Non, nós non

utilizamos a ninguén, son vostedes quen dende a Concellería de Deportes distribuiron, tirando ademais o papel deste Concello, estes panfletos informativos que teño aquí e que din: “Nota informativa da Concellería de Deportes do Concello de Vigo. Todos os veciños de Vigo, incluídos os da parroquia de Cabral, teñen a posibilidade de participar...escolas deportivas municipais, Vigo en Xogo...” Este último programa lévase desenvolvendo dende hai moitos anos. Parece que sexan cousas novas que xestionen vostedes. Pois non. Falan tamén de tres novas piscinas e teñen a desvergoña de falar da piscina de Valladares coma inaugurada e das da Miño e Barreiro que están en construción. Estas piscinas adxudicáronse polo Partido Popular. Manipulacións son as súas, Sr. Alonso, iso si que é manipular. Este panfleto distribuíuse de xeito masivo na parroquia de Cabral-Feira. Tomarnos por ineptos, por parvos ou algo semellante xa é o colmo.

No pavillón de Carballal si que se fixeron obras e tamén o Partido Popular fixo obras, fixo unhas modificacións e deixouno listo. Agora o único que fai falla é poñer persoal para que poida ser utilizado e rendibilizado na súa maior expresión. Non se require nada máis que unha persoa que se responsabilice de abrir e pechar as portas.

Vou seguir lendo a nota informativa á que se dedican vostedes dende a Concellería de Deportes, teño aquí varias follas por se algún medio de comunicación as require. É realmente sorprendente que vaian vostedes gastando os cartos da Concellería de Deportes facendo propaganda barata. Miren o que son capaces de dicir dende a súa Concellería: “Na actualidade o Presidente da Asociación Veciñal de Cabral-Feira ven facendo unha campaña manipulando ós rapaces...” Din isto cando vostedes apareceron por alí dun xeito prepotente, mesmo diría algo máis pero prefiro calar porque penso que non é este o sitio para dicir esas cousas, dicindo que só poderán xogar federados e que se constrúen uns vestiario: “Esta Concellería non vai ceder a ningunha chantaxe para que se realice na parroquia de Cabral-Feira unha obra ilegal”.

Eu tamén me informei deste tema, Sr. Alonso. Xa sei o que di o PXOU, téñoos aquí: “Espazos libres e zonas verdes. Artigo 9.14.2 Tipos de espazos libres. Áreas axardinadas, zona de xogo de nenos, zonas verdes de barrio, categorías 2 e 3”. Antes están os espazos libres de categoría 1. Suxírolle, Sr. Alonso, que se informe ben porque nestes parágrafos dise que nos tipos de espazos libres cabe

perfectamente a localización dun vestiario na zona de Cabral-Feira. Eu tamén me informei e me asesorei xuridicamente. Estúdeo ben porque di: “Áreas de espaxamento relativamente próximas a vivendas e excepcionalmente inmediatas ás mesmas se destinan ó espaxamento en intervalos de ocio en xornadas de traballo ou escola. Poden ter un tratamento como os espazos libres as de menor tamaño e as de maior tamaño se asemellan máis ás zonas verdes de cidade”.

Pois ben, Sr. Alonso, nas zonas verdes de cidade caben estes vestiarios perfectamente. É nada máis que unha cuestión de vontade política. Se vostede non a ten o que non pode é dicir que nós imos manipulando, que estamos detrás e demais. Non estamos detrás, estamos facendo o noso traballo que é ir ás parroquias escoitar ós cidadáns. Aínda que a vostede non lle guste iso seguiremolo facendo.

En todo caso si ten que quedar claro é que se poden englobar nese Plan de ordenación ó que vostede facía referencia e polo tanto solicitamos que os faga. Non lle custa nada poñer alí uns vestiarios porque os equipos de rapaces e rapazas de Cabral-Feira que están xogando alí teñen que ir outras zonas, xa solicitaron poder xogar nun municipio distinto de onde viven. Solicitaron en Mos que atendan ós seus pedimentos para poder xogar alí, practicar deporte os seus equipos porque vostede non lles deu ningunha saída.

Sr. Alonso, dende logo vostede actúa dunha forma bastante sectaria e parécenos lamentable que estean illando completamente e marxinando a determinadas zonas desta cidade como son estas parroquias, á Asociación de Veciños de Cabral-Feira ou tamén a de Becerreira.

Remato pedindo que estuden o tema, que reparen esas pistas e así imos estar todos de acordo.

SR. ALONSO PÉREZ: Reiterar unha cuestión que coido fundamental. Os rapaces e rapazas da zona teñen a opción no propio Cabral-Feira de facer competición deportiva no pavillón de deportes que está alí. Eu xa lles dixen expresamente que está ó seu dispor un pavillón con vestiarios, con duchas e en condicións e que a posibilidade de construír uns vestiarios nunha praza pública nin é recomendable, nin o queren os veciños, nin é legal.

Ós problemas hai que lles buscar solucións. Os rapaces de Cabral-Feira poden

xogar no pavillón e eu reitero aquí o que lle dixen a eles, que poden xogar de maneira federada no pavillón do Carballal que ademais abrín eu, preocupeime diso porque estaba pechado, abríno e agora está en funcionamento.

Este goberno tamén o que quere é que, se hai unha preocupación polas instalacións localizadas nos espazos verdes, ten unha disposición a aprobar a moción. Estamos abertos a aprobala e a única cuestión que vostede dixo en contra da emenda que propoñía o goberno era o dos vinte anos. Pois ben, suprimímolo e a emenda quedaría así: "Instar ó goberno municipal a inspeccionar pistas deportivas localizadas nos distintos parques municipais, deterioradas polo seu abandono e proceder á súa reforma tal e como xa ten iniciado este goberno municipal". Con isto adquirimos o compromiso de inspeccionar e facer a reforma das instalacións deportivas en parques que o precisen e eliminamos o dos vinte anos. Esa é a posición do goberno.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Imos aceptar a emenda pero imos pedir que se cumpra de verdade co acordado aquí porque o 80% das mocións que se votan a favor neste Pleno e saen por unanimidade, logo quedan na absoluta nada. Esa é a máxima responsabilidade tamén do Sr. Alcalde. Imos votar a favor.

En canto ó pavillón do Carballal, vostede abriríao pero o abriu coas obras rematadas, Sr. Alonso, froito da xestión do Partido Popular no anterior mandato.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. González Sagarra. Hai un rato estaba escribindo unha carta ó Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia dicindo que había unha moción deste Pleno sobre o solo correspondente á Cidade da Xustiza que votáramos a proposta do Partido Popular, pedindo que fose a Xunta de Galicia quen puxera os terreos e os expropiara. Treme que non a imos cumprir se a Xunta de Galicia di o contrario. O que quero dicir con isto é que algunhas decisións que se van tomando aquí están suxeitas, como neste caso, a ter que seren revisadas.

Emenda "in voce" formulada conxuntamente pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez e máis polo concelleiro do Grupo do BNG, Sr. Alonso Pérez:

Substituír o texto da parte dispositiva da moción polo seguinte:

Instar ó Goberno municipal a inspeccionar as pistas deportivas situadas nos

distintos parques municipais deterioradas polo seu abandono e proceder á súa reforma xa como tal ten iniciado o Goberno municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Instar ó Goberno municipal a inspeccionar as pistas deportivas situadas nos distintos parques municipais deterioradas polo seu abandono e proceder á súa reforma xa como tal ten iniciado o Goberno municipal.

17.- (158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE OS CONCERTOS DAS FESTAS SE CELEBREN NO AUDITORIO DO PARQUE DE CASTRELOS. DOC. 90092076.

INTERVENCIÓN DA SRA. MUÑOZ POSSE: Esta moción está presentada o 18 de xuño e hoxe é 7 de setembro, polo tanto perdeu totalmente actualidade. Pedir a estas alturas que co gallo das festas os concertos teñan lugar no Auditorio de Castrelos cando xa van quince días que remataron, non vale para nada e polo tanto a moción retirámola.

Pero si dicir que o problema é que as mocións non se discutan no momento que se presentan, de seren discutida a moción en xuño falaríamos de se sería ou non bo celebrar os concertos en Castrelos. Aínda sen discutiren a moción o tempo deume razón porque hai que dicir que os concertos no peirao de transatlánticos foron un auténtico desastre, concertos con duascenas ou con catrocentas persoas.

Polo tanto a moción queda retirada por mor desta nova moda de non meter as mocións no tempo no que se presentan.

A PRESIDENCIA: Que conste a retirada da moción. Sinxelamente dicirlle, Sra. Posse, que coido que levamos tres Xuntas de Voceiros onde ó Partido Popular se lle dá a potestade de decidir as mocións que quere introducir. Vostedes puideron perfectamente introducir esta moción no Pleno do mes de xuño pero se negan a dicirnos que mocións queren e o que fai o goberno é aplicar estritamente a orde de

aparición das mocións no Rexistro.

Se vostedes quixeran presentar esta moción en tempo o tiñan moi fácil, introdúcena na Xunta de Voceiros e xa está.

A concelleira do Grupo Popular asinante, Sra. Muñoz Posse, retira a moción da orde do día non sendo sometida a debate nin votación.

18.- (159).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INCREMENTE O NÚMERO DE TRABALLADORES SOCIAIS NAS UBAS. DOC. 90091982.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño de 2009, número 90091982, a concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Hai moitos anos que dende o Concello se desenvolven accións con distintas entidades e persoas para tratar situacións de emerxencia social: comedores, aloxamentos provisionais...

O obxectivo é o de prestar a debida atención a persoas que, por diversos motivos, estean a atravesar circunstancias difíciles. As novas realidades sociais como a da inmigración e a crise económica que estamos a sufrir, fan aínda máis necesarias estas accións por parte das administracións.

A Concellería de Benestar Social debe ter, entre as súas prioridades, a implicación do tecido social da cidade nun achegamento aos colectivos en situación de desvantaxe social.

Neste marco, deben promoverse proxectos de integración laboral, como actuacións cara á inserción social das persoas, ademais dun programa eficiente de apoio á escolarización mediante axudas municipais escolares.

Debido á falta de recursos persoais e o incremento de solicitudes que motiva a grave situación económica que coma o resto de España está a pasar a nosa cidade, fan que o servizo nas UBAS (Unidades Básicas de Acción Social) estea colapsado. O atraso nas resolucións fai que non se cumpran os prazos aos requirimentos da poboación máis necesitada da nosa cidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

Incrementar o número de traballadoras sociais, segundo as necesidades específicas

de cada UBA.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

A presente moción formulouse fóra da orde do día no Pleno realizado o día 29 de xuño, séndolle rexeitada a urxencia.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Ó contrario da miña compañeira, nós dende a área de Benestar Social o que estamos percibindo é que cada vez a actualidade é maior porque cada vez as deficiencias son moito maiores.

Concretamente con respecto ás Unidades Básicas de Acción Social os atrasos cada vez van en aumento, o colapso nas unidades está á orde do día e iso vai en detrimento dun beneficio para todas aquelas persoas máis necesitadas desta cidade que son as que acoden a este servizo.

Por todo iso instamos ó goberno local a incrementar o número de traballadoras sociais segundo as necesidades específicas de cada UBA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Quero agradecerlle ó Partido Popular a presentación desta moción porque se está vendo que efectivamente amosan un interese por este tema e non só iso, senón que ademais nos dan a oportunidade ó goberno de expresar aquí o que se está a facer a nivel de benestar dende que este goberno tomou posesión e dende que esta concelleira preside a área de Benestar Social, como ben dicía.

Sra. García, vin na parte expositiva desta moción que os obxectivos a desenvolver polos Servizos Sociais son os de prestar atención ás persoas que, por diversos motivos, están a atravesar situacións difíciles. Estamos de acordo con esta afirmación que vostede fai nesta parte expositiva pero queda un pouco curta porque realmente esa era a filosofía do Partido Popular: o asistencialismo.

Os Servizos Sociais van moito máis aló do asistencialismo e esta é a visión que ten este goberno e que tivo o goberno bipartito. Os Servizos Sociais son o cuarto pilar do benestar e como tal teñen que seren universais. Esquece vostede que a atención primaria neste Concello é universal e polo tanto accesible a toda a cidadanía de Vigo, ós douscentos noventa e oito mil habitantes vigueses e viguesas desta cidade. Todos os vigueses e viguesas teñen dereito ó benestar e á calidade

de vida e polo tanto a acudir ós Servizos Sociais.

Pero os Servizos Sociais, como todo sistema universal, ten moitas fortalezas pero tamén algunhas debilidades que dalgún xeito son unha fortaleza. A principal, que ademais é a que achacan cando analizamos un sistema universal, é que cantas máis prestacións se dan máis demanda hai. Iso pasa sempre, pasou coa Sanidade, coa Educación e agora cos Servizos Sociais. Evidentemente aumentou a demanda, Sra. García, porque este goberno está dando moitas máis prestacións das que se daban hai tres ou dous anos cando vostedes estaban gobernando. Aumentou a demanda pero pola contra do que vostede di, non aumentou a lista de espera porque, logo da reestruturación que fixemos dun departamento desestruturado que deixaron vostedes, fomos quen de aumentar a eficiencia do departamento e do sistema.

Efectivamente duplicamos orzamento, número de programas, de servizos e prestacións; tamén aumentamos evidentemente o persoal. É certo que tamén aumentaron as demandas diante da crise do modelo económico neoliberal defendido polo seu partido. A nós están acudindo todas esas familias que agora mesmo están a perder as súas prestacións porque o sistema, o modelo económico neoliberal crebou, modelo económico alentado polo seu partido.

Pero precisamente diante desa creba esta concellería e este goberno si que está dando saídas. Unha demostración tívoo vostede na presentación do outro día das bolsas de comedor. Mentres vostedes na Xunta de Galicia retiran as prestación, a gratuidade dos libros de texto, nós incrementamos o orzamento e cubrimos libros de texto e bolsas de comedor. Incrementamos o orzamento tras da modificación de crédito que trouxemos o outro día sumando todo en 114.000 euros só para axudas a familias; 114.000 euros máis este ano para bolsas de comedor e axudas para libros.

Este ano van ter bolsas de comedor 1.370 nenos e iso polo momento porque de aquí a decembro queremos aumentar moito máis. En troques moitos destes nenos non van poder comer nos comedores para os que nós lles damos bolsas e iso porque vostedes dende a Consellería de Educación non son quen de facer os comedores e de achegar o diñeiro ó que se comprometeu o goberno bipartito para arranxar comedores e centros educativos. Nós, a Concellería de Benestar, si damos as bolsas de comedor, si damos axudas para libros, pero vostedes non son quen de

poñer orzamentos enriba da mesa para arranxar os comedores, para que todos eses nenos que agora teñen necesidade poidan entrar dentro deses comedores.

Sra. García, si que incrementamos as axudas municipais. Aumentamos nun 40% as axudas para emerxencia, para esas familias que non teñen nada, para os inmigrantes e para a xente que quedou no paro. Evidentemente hai máis demanda porque puxemos en marcha unha serie de programas como o do “*Bono-Taxi*”, cun orzamento de 75.000 euros, do que se están a beneficiar nestes momentos cen persoas con discapacidade. Si, Sra. García, claro que aumentamos e fixemos programas novos e a xente sábeo e ven xunto nós para os pedir porque teñen dereito.

Outro programa que tamén implementamos como o de “Xantar na Casa” neste momento estano a recibir setenta e cinco persoas. Vostedes non o puxeron en marcha, púxoo xunto con este Concello o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar que vostedes queren facer desaparecer. Pero no “Xantar na Casa” xa temos lista de espera e iso é porque estamos agardando a que dende o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar se nos dea resposta ás demandas que nós estamos a ter neste Concello. Pero non houbo resposta. Temos xa lista de espera e malia que este Concello ten cartos, non podemos facer entrar á xente porque o Consorcio non dá resposta. O Consorcio daba resposta cando estaba o goberno bipartito e colaboraba con este Concello. Agora non, Sra. García.

Quere que lle siga lembrando cousas ou programas? Temos máis. No Servizo de Tele Asistencia vostedes deixaron unha lista de espera de máis de cen persoas e agora non temos lista de espera. Logo da modificación de crédito, a estas alturas estamos dando o Servizo de Axuda a Domicilio cun orzamento de dous millóns de euros. Vostedes tiñan 1.250.000 euros. Sabe en canto superamos este ano en número de horas as dadas por nós mesmos o ano pasado a estas alturas? Nada máis e nada menos que en setembro do ano pasado estabamos dando 48.000 horas e este ano 72.000 horas. Son 24.000 horas máis as que estamos a dar á xente que o necesita, á xente da dependencia.

Vostedes, que se din defensores das persoas con menos recursos, non foron quen de facer nada por elas e este goberno, a miña Concellería, puxo en marcha un programa de dous pisos para estas persoas sen recursos, son trece persoas as que van caber neses pisos, 110.000 euros de orzamento, Sra. García, para que esas

persoas entren nos pisos e xa entraron unhas cantas.

Si, traballamos tamén pola discapacidade e pola accesibilidade universal e por iso co Plan E puxemos en marcha todo un programa de accesibilidade nos edificios municipais, dende os pavillóns polideportivos ata os mercados, pasando pola Casa da Muller, que vai dar a posibilidade de que a xente que ten discapacidade teña acceso. O compromiso da actual delegada do goberno, Sra. Molares, de que todos os servizos deportivos fosen accesibles, non foi quen do cumprir. Este goberno e esta concellería si somos quen.

Poderíamos seguir falando de todo o que este goberno puxo en marcha. Logo dareille máis datos porque nós estamos cumprindo e imos cumprir. Lémbrolle ó final de todo o que vostedes preguntaban: quince días de lista de espera, o mesmo que o ano pasado a estas alturas e quince días menos que hai tres anos. Iso é cumprir, o demais non.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Non sei a que concello se está a referir pero dende logo que ó de Vigo non. As traballadoras sociais informan constantemente do colapso, dos atrasos nas axudas para as persoas que máis o necesitan. Son axudas de 395 ou 420 euros para comer. Cando o Concello de Vigo ten que tardar un mes en enviar o informe á Xunta de Galicia está tardando catro meses co que o atraso na resolución e en percibir a axuda está indo a cinco ou seis meses.

Abriu vostede tantos frontes que non sei ben por onde empezar, Sra. Méndez, pero o vou facer por unha intervención que fixo vostede no mes de xuño cando eu presentei esta moción na que si falaba da Xunta de Galicia e dicía que nestas épocas de crise que estamos a atravesar vai permitir atender todas as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos: “Incrementáronse os convenios de colaboración coas entidades que máis o necesitan e que están resolvendo moitos casos da problemática das persoas que están en exclusión social. Para un recurso que nunca houbo en Vigo como un centro para acoller a xente sen teito... Xa ven que este goberno si sabe utilizar ben o diñeiro”.

O diñeiro en publicidade que están gastando en todas as áreas dos servizos sociais, dende Cedro, pasando por Muller e Benestar Social. É autenticamente sorprendente que vostede poida falar do incremento nun orzamento do que vimos un destes días a súa liquidación e o sorprendente é que en publicidade gastan 93.142 euros en

Benestar Social, no Centro Municipal de Drogas 17.697 e en Muller 101.596. Reduciron o orzamento en Tele Asistencia, da que tanto presumen. Por que non invisten os 1.300.00 euros da Universiada en bolsas para libros e comedor? Ou no programa de Inclusión Social tan importante para esta cidade que pasou de 20.000 a 0 euros? Ou o convenio para o Centro de Día que tamén se reduciu enormemente. Esa é a política de atención ós maiores?

Facendo unha pequena referencia ó tema da inclusión social, non vou falar do albergue pero si quero amosar o escurantismo que dende a súa concellería hai con respecto a toda a información dese piso que acaban de inaugurar de “transición á vida autónoma”.

Vostedes non pasan a información, non nos deixan facer o noso traballo e o curioso é que o convenio asinado na Xunta de Goberno Local do 15 de decembro de 2008 o que informa na cláusula quinta é: “Toda actividade de información ou divulgación relativa ó programa contará coa autorización da concelleira-delegada de Benestar Social”. Suponse que nós non temos este documento porque non nolo facilitaron e á persoa coa que asinou vostede o convenio prohibiulle reunirse co Grupo municipal do Partido Popular. Esa é a súa política de escurantismo real que é o que estamos padecendo.

Exactamente o mesmo co Servizo de Axuda a Domicilio. Saíron na prensa todas as deficiencias na calidade do servizo. En canto á accesibilidade sacaron a información da praia do Vao a finais do mes de agosto, exactamente igual que cos “chiringuitos” da praia, sempre despois.

Dixo que dobraron orzamentos e servizos e que a Xunta de Galicia non está respondendo. O bipartito non deixou diñeiro para poñer en marcha todas as necesidades das persoas con dependencia. Deixaron iso sen resolver e están esixíndolle agora ó novo goberno da Xunta que resolva os seus anteriores problemas. Pasa tamén co servizo de “Xantar na Casa” que é do único que saben falar e que realmente é un servizo moi efectivo, non imos dicir o contrario, pero se a dependencia estivese ben resolta e fixeran os deberes non terían que poñer este servizo porque se cubriría esa necesidade; non terían que ir persoas de fóra levar os alimentos e a comida á casa dos maiores, terían unha persoa que podería realizar moitas máis cousas.

Cremos que está realizando a mesma política que D. Anxo Quintana cando foi

vicepresidente da Xunta coa imposición da lingua e a privatización dos servizos, así coma exemplo temos o Servizo de Axuda a Domicilio ou o programa “Serenos” que están privatizando e a dilapidación absoluta en publicidade, propaganda e vídeos promocionais.

Esa é a súa política do benestar social, Sra. Méndez.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Estou vendo que a gráfica que tiña estana pasando entre os concelleiros, vale para un roto e para un descosido, encántame, dánme a idea de facer unha gráfica desas característica e empezala pasar por todo o goberno. Acaba de dármonos unha idea xenial.

Aclararlle que eu son feminista, sempre o fun e vouno seguir sendo. Non confunda Benestar con Muller. Nos gobernos nacionalistas e do Partido Socialista tentamos diferenciar o que é Muller e Benestar porque precisamente vostedes a queren meter coma un pequeno punto máis para que apareza desapercibida. Xamais loitaron pola igualdade e nunca van loitar. Nós, si. A Concellería de Igualdade é unha cousa e a de Benestar é outra.

Nós non gastamos en publicidade. Miren os orzamentos e non mintan. A Concellería de Benestar os únicos cartos que gastou foron para lle dar publicidade ás bolsas de comedor. Foron 6.833 dípticos de bolsas de comedor. Sra. García, móstreme vostede algún pasquín que saíra nos xornais a respecto da Concellería de Benestar. Nós non fixemos como a Sra. Porro que publicitou o Plan Coia e logo non fixo nada. Non fixemos coma fixeron vostedes, nós traballamos caladamente e con eficiencia e a única publicidade que se fai é nos centros escolares dándolles o que necesitan. A publicidade das bolsas de comedor é a publicidade da Concellería de Benestar, Sra. García. Fomos, somos e seremos transparentes e o que non lle imos facer é o xogo ó Partido Popular.

Para falar de eficiencia: No ano 2007 foron 15.000 os expedientes tramitados e no 2008 foron 18.226 expedientes os tramitados e 25.000 usuarios. O incremento da xestión foi dun 20% e a lista de espera exactamente a mesma. Iso quere dicir que incrementamos a eficiencia. Só en setembro do ano 2009 levamos xa 17.000 expedientes. Lembre que no ano pasado en decembro levamos 18.226. Foron 22.884 os usuarios atendidos entre nos servizos municipais, saque os datos e sexa realista. Foron 29.000 as intervencións realizadas. Esta é a eficiencia dun

departamento do que dos seus traballadores sociais, dos auxiliares e dos conserxes me sinto absolutamente orgullosa.

Vostedes non foron quen de incrementar o número de traballadoras sociais, agás no último ano porque había eleccións que tamén o hai que recoñecer. Este goberno a estas alturas leva cinco traballadoras sociais en RPT, dous contratos laborais, seis para obras e servizos; isto só de traballadoras sociais e nestes momentos temos cinco auxiliares máis. Todo isto foi en dous anos e consonte coa Concellería de Persoal. Iso é eficiencia e apostar polos servizos sociais, todo o contrario ca vostedes.

Nestes momentos temos o problema de que cando se necesita un centro de día atopámonos con que non o podemos dar porque por exemplo o Centro de Día da rúa O Grove rematouse a 31 de decembro de 2008. Estaba listo para inaugurar pero como había eleccións non se inaugurou en marzo cando só faltaba persoal para o atender. Estaban convocadas unhas oposicións que vostedes paralizaron. Hoxe, en setembro, setenta prazas que se fixeron polo goberno bipartito coa colaboración deste Concello e que precisan os nosos maiores están paralizadas, nunca tivo tantas este Concello e non podemos abrir o centro. Hai setenta persoas maiores que non poden ir a un centro de día porque vostedes non o deron aberto e a directora xeral de Servizos Sociais non foi quen de recibirme malia que ten dúas cartas enriba da súa mesa.

Hai problemas graves nesta cidade, temos que facer un orzamento e non sabemos que vai facer a Xunta de Galicia. O ano pasado e os dous anteriores si que o sabiamos porque había diálogo e colaboración. Agora non hai nin unha cousa nin a outra. Vostedes son os que pensan nos maiores e non son quen de abrir ese centro de día rematado a 31 de decembro? Vergoña deberíalles dar. Iso é o que ten que saber a xente, é o que lle teñen que pedir ó seu presidente Feijóo e á súa conselleira de Benestar e Traballo porque se lles enche a boca dicindo que eles si traballan polas persoas maiores. Non señores, abran o centro, inicien os traballos porque está a licenza dunha galescola que agora se chama escola infantil: "A galiña azul" ou "A gaviota azul" no parque tecnolóxico de Valladares. Inicien os traballos que está paralizado. Este Concello deu licenza. Onde están a escola infantil de cento cinco prazas e o centro de día de noventa prazas? Por que non lle dan vostede a orde á empresa correspondente para que comece?

Se lles parece deixamos para outro momento o albergue municipal. Quedamos emprazados. Moitas gracias.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Lémbrolle que se tardou oito meses en abrir o Centro de Día de Teis e que nós aínda non levamos oito meses de goberno.

Fala de todo menos do tema central, do importante porque hai seis mil persoas nesta cidade a día de hoxe que non teñen nada para comer e que a axuda de emerxencia que ten que ser para mañá ou para esta noite, para lle dar de comer ós seus fillos, vai tardar seis meses pola súa mala xestión. Non poña esa cara porque só se ten que reunir coas traballadoras sociais deste Concello que é o que fago eu.

Falou da publicidade das bolsas de comedor e eu non sei en que concellería traballa vostede. Eu fun cara á oficina de Benestar Social e voulle dar só unha mostra dos catálogos que ten porque, non hai nada de promoción da Concellería de Benestar Social? Os catálogos din: “Traballando para a xente. Convocatoria de subvencións 2009”. O nunca visto porque todas as asociacións que precisan pedir unha subvención ou se lles avisa por carta ou sae unha convocatoria na prensa, pero non se fai un saúda do tenente-alcalde cun catálogo “*a todo tren*” informando dun prazo determinado que nin sequera aparece porque di que hai trinta días pero non se sabe ben dende que data. Só da área do Bloque Nacionalista Galego: Benestar Social, Deporte, Xuventude, Patrimonio Histórico, Igualdade. Sabemos moi ben o que é a igualdade, non fai falla que vostede nola lembre e alegrámonos moito de que sexa feminista.

Falaba da publicidade das bolsas de comedor. Non aparece, aparece a de “Quérote”, a da rede de centros de “Asesoramento afectivo sexual para a mocidade” co incremento de pílula do día despois que temos en Galicia. Pero o “asesoramento afectivo-sexual” parece que é o que máis lles preocupa a vostedes porque hai como tres ou catro trípticos de información sobre este tipo de cousas. Hai publicidade tamén do transporte adaptado que non existe na nosa cidade. Logo unha información dunhas xornadas da CIG. Iso é o que temos e por suposto algunha información dalgún centro de día privado.

Entón si que están facendo a mesma política que facía Vicepresidencia, coa privatización dos servizos, da falla de información útil porque non hai información sobre comedores sociais, de onde pode acudir a xente, en que horario, onde pode ir

darse unha ducha, onde pode ir recoller roupa; de axuda no fogar, do “Servizo de Axuda no Domicilio”, con que teléfono se poden poñer en contacto, das actividades de maiores, da accesibilidade... Non hai información.

Espero a que remate de falar por teléfono? Iso é o que lle importan a vostede as seis mil persoas que teñen fame hoxe nesta cidade.

Se seguimos falando dos centros de drogodependencias, unha persoa toxicómana que acuda á Concellería de Benestar Social tampouco sabe onde acudir porque a información que hai é da convocatoria de subvencións, de exclusión social, sobre menores maltratados pero o teléfono do menor non aparece alí.

Que haxa máis de cincocentos mil galegos que non superen o albor da pobreza é algo significativo, pero cando trinta e cinco mil persoas padecen esa situación en Vigo si é importante e si hai colapso.

Hai novas na prensa que lemos absolutamente todos: “Aumentan os fogares á intemperie”. Vostede debería estar informada, como tamén de que se non tes casa non podes recibir o RISGA porque é necesario estar empadroadado e por iso a xente ten que acudir a esas organizacións que vostede chama “asistenciais”. Menos mal que hai asistencialismo porque coa súa política de benestar mal vai a xente que pasa fame nesta cidade.

Outra nova: “A crise leva a Cáritas a dobrar as súas asistenciais, a maioría estranxeiros”. “A crise reduce á metade as doazóns de particulares a bancos de alimentos”. “Os novos pobres xurdidos coa crise abarrotan os comedores sociais”. Cambiou tamén o perfil das persoas que acoden ós comedores sociais: “Familias novas con nenos e homes separados son os novos usuarios. O número de demandantes de axuda creceu un 44% na nosa cidade”. Este é o resume da política de benestar social que temos no Concello de Vigo: 6.000 persoas que pasan fame a día de hoxe e vostede falando por teléfono.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello

Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, solicitando o incremento de número de traballadores sociais nas UBAs, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (160).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CONTINUACIÓN DOS TRABALLOS DO ARQUIVO PACHECO. DOC. 90091983.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño de 2009, número 90091983, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Hai un ano instabamos ao goberno local ante este Pleno a que aprobase un plan director para o Arquivo Pacheco e a que dispuxera os recursos precisos para continuar os traballos de conservación e investigación dos seus fondos, así como a súa tarefa divulgadora.

No debate suscitado por esta moción tivemos a oportunidade de comparar as accións emprendidas sendo alcaldesa dona Corina Porro quen, ao feito ata entón, engadiu o nomeamento dun director, a dotación de persoal para as tarefas de conservación e dixitalización dos fondos, a elaboración e redacción dun programa que concretase os fins e os plans de traballo do Arquivo e paralelamente a súa difusión mediante actividades divulgativas e didácticas; coa situación de estancamento das actividades e de peche ó público no que o meteron os actuais responsables da institución.

Non coñecemos que pasou co Arquivo dende maio de 2007 ata agora e se o goberno ten a intención de determinar cal vai ser o seu futuro orgánico e funcional.

No tempo transcorrido dende a presentación da moción, a penas mudou en nada a situación do Arquivo, polo que vémonos na responsabilidade de denunciar o paso atrás dado polo goberno nesta cuestión.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que se continúen os traballos de conservación, catalogación, difusión e se abra ó

público o Arquivo Pacheco.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

A presente moción formulouse fóra da orde do día no Pleno realizado o día 29 de xuño, séndolle rexeitada a urxencia.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Sra. Larriba, pensei que vostede tamén ía retirar esta moción porque se a anterior estaba fóra de tempo, esta é aínda máis extemporánea.

Teñen vostedes dous temas que me tocan a min e ós que lles dan voltas, son as festas e o Arquivo Pacheco. Dous temas que ademais se fundamentan en mentiras e manipulacións, dous temas que non teñen ningún fondo e sen embargo os seguen mantendo. Maxino que se só manteñen isto é porque no resto estámolo a facer moi ben, cousa que me tranquiliza moito.

Hoxe retiraron a moción das festas e coido que acertadamente porque creo que as dúas últimas edicións, aínda que non vou entrar debatelo, mereceron o recoñecemento dos vigueses e viguesas agás dalgúns de vostedes e digo dalgúns porque algúns dos seus compañeiros, Sra. Muñoz, felicítáronme en privado polas mesmas.

Sra. Larriba, tal e como fixen hai algo máis dun ano, cando presentou unha moción similar a esta, non lle vou pedir que retire esta moción e que lla dirixa a quen daquela era voceira do seu grupo, Sra. Porro, porque ela era perfectamente coñecedora de como quedou o Arquivo Pacheco cando vostedes perderon o goberno desta cidade. Deixárono pechado, sen persoal e quixéronlle dar “carpetazo”. Non llo vou pedir porque se daquela non retirou a moción, maxino que hoxe tampouco o fará; en segundo lugar porque a Sra. Porro non forma parte desta Corporación e en terceiro lugar porque quen si coñece perfectamente cal é a situación do Arquivo Pacheco é o seu compañeiro, Sr. López-Chaves, quen daquela era responsable de Cultura. Quizais deberíalle presentar a moción a el.

Lémbrolle novamente que cando asumimos a responsabilidade deste goberno municipal en xuño de 2007 o Arquivo Pacheco, logo do goberno dirixido pola daquela alcaldesa Sra. Porro, logo do goberno do Partido Popular no que era responsable o seu compañeiro, Sr. López-Chaves, quedou en situación de “carpetazo” definitivo porque non era posible pedir nada a ese Arquivo porque non tiña persoal, porque nin os investigadores podían acceder a el e porque evidentemente estaba pechado ó público. Só mantiveron por aquilo das aparencias a figura da Dirección compartida xuntamente co Verbum. Existía un director que compartía responsabilidades pero non había absolutamente nada detrás del.

Nós tivemos que comezar novamente de cero, en primeiro lugar nomeando un coordinador, D. Víctor Vaqueiro que é o máis importante especialista no Arquivo Pacheco; en segundo lugar elaborando un programa de actuación perfectamente secuenciado; en terceiro lugar dotándoo de persoal para facer traballos, tanto de investigación como de catalogación e conservación.

Dende hai meses o Arquivo Pacheco atópase aberto para que investigadores e o público poidan acceder a el, para que os vigueses e viguesas poidan coñecer o seu gran patrimonio, o seu enorme valor estético e documental.

Ademais e paralelamente a toda planificación e a todos os pasos que fomos dando, leváronse cara adiante unha serie de accións como a de editar a primeira das axendas monográficas que evidentemente terán continuidade ano a ano; elaborar un programa de exposicións que xa este mesmo ano verá a luz e que tamén serán exposicións que se realizarán periodicamente e comezar cunha serie de publicacións que serán periódicas.

Vostede chéganos agora con esta moción pedíndonos que se continúe cos traballos de conservación, de catalogación, de difusión e que se abra ó público en xeral. Non hai, Sra. Larriba, nin unha desas demandas que non estea absolutamente ben atendidas dende hai tempo; nin unha delas. Por iso digo que non sei por que manteñen esta moción.

Maxino que cando se refire a que se continúen os traballos, referirase a que continuemos os traballos que nós reiniciamos porque vostedes o tiñan a cero, non existía traballo no Arquivo Pacheco, ou non é así? Dáme que non, que vostede tiña outra interpretación.

No “*argumentario*” desta moción fala vostede ademais do estancamento e peche ó

público polo actual goberno. Sra. Larriba, dígollo outra vez: pechárono vostedes. Nós abrimos o Arquivo Pacheco. Sinceramente, deben estaren de broma. Non sei se sabe que hoxe non é “Santos Inocentes”. Imos votarlle en contra desta moción.

SR. LARRIBA LEIRA: Sr. Concelleiro, admírame como defende o indefendible, que vostede estea podendo dicir aquí que o Arquivo Pacheco leva aberto dende hai meses. Ó mellor é que non lle pasan a vostede un informe de prensa detallado pero lle podo ler novas do 22 de xullo publicadas en todos os xornais da cidade e de ámbito galego nas que vostede fai declaracións ó respecto de “O Pacheco volve para se quedar”, “O Arquivo Pacheco reabre dando acceso a parte dos seus fondos...”, “Vigo rescata a mirada do Pacheco”. Poderíalle ler todas as novas que saíron uns días despois de que nós presentáramos a segunda moción pedindo que se abriera o Arquivo.

Di que nós temos temas reincidentes con vostede. Efectivamente, espero non ter que presentar outra moción relativa ó Arquivo Pacheco. Esta é a segunda e dende unha á outra mediou un ano, sen embargo a situación do Arquivo non cambiou, seguiu pechado ó público, as portas estaban pechadas, moita xente foi aló, mesmo persoas achegadas e as portas estaban pechadas. Sen embargo vostedes mantiñan un hipotético horario na páxina web. Pero vou ir máis aló. Vostedes mesmos encargáronlle a unha empresa de expertos seleccionada por vostedes que analizaran a situación museística de Vigo e se quere lle leo o informe encargado por vostedes que di explicitamente que o Arquivo está pechado ó público. Iso recoñéceno no seu propio informe.

Así que de verdade me admira como é quen vostede de vir aquí e defender o indefendible. O informe realizado por vostedes o ano pasado di claramente que o Arquivo está pechado ó público.

Pero centrareime na cuestión porque como di téñoa tomada con vostede, é un tema reincidente. Direille que teño outras inquietudes en temas de cultura pero que pola estrutura deste particular bi-goberno da cidade non lle toca a vostede defender, como pode ser a biblioteca do Estado ou outros temas. Asegúrolle que non é só o Arquivo Pacheco o que me preocupa nin moito menos, aínda que me preocupa moito.

En canto ó peche do Arquivo, pregúntelle ó seu recén nomeado supervisor de

museos que foi o último director que tivo o Arquivo Pacheco quen foi quen pechou o Arquivo Pacheco. Vostede quere levar ó debate que tivemos hai un ano, pero non, lamentablemente a circunstancia non cambiou moito pero dende logo non vou repetir o mesmo debate.

Como dicía, a día de hoxe segue sen se determinar o futuro orgánico e funcional do Museo e iso que xa dispoñen dun informe-diagnose que lles fala non só da situación do Arquivo Pacheco, senón dos fondos e coleccións de propiedade municipal e vostedes seguen sen definir cal é o seu funcionamento. Non ten persoal técnico de dirección senón asistencias técnicas que se asignaron de xeito pouco transparente porque se realizaron sen concurso público. Lémbrolles que vostedes criticaron ata a saciedade o concurso público convocado polo PP durante o seu mandato anterior para precisamente contratar unha asistencia técnica. Está claro que vostedes se complican bastante menos na xestión porque o adxudican directamente “a dedo”.

Paralizaron os traballos de inventario e catalogación como recoñece o informe que vostedes mesmos encargaron. O seu propio informe recoñece que o labor, non tanto de inventario senón de catalogación, é inexistente e levan dous anos de mandato. Carecen dun programa de conservación para uns materiais que vostedes saben perfectamente que están nun proceso de degradación imparable.

Pero o que é máis curioso, nada aparecía nos orzamentos iniciais deste ano con respecto ó Arquivo Pacheco, o que era moi preocupante. Agora tivemos a oportunidade de analizar a liquidación do orzamento e curiosamente aparecen dous gastos comprometidos para traballos técnicos e para catalogación e dixitalización de fondos que vostedes non previran no orzamento inicial. Onde está a planificación de traballos que estiveron esixindo á oposición e ós que se comprometeron cara ós cidadáns?

O Arquivo estivo pechado todo este tempo e, aínda que houbera un traballo, non tivemos a oportunidade de asistir a ningún resume de actividades, só se trasladaron á prensa promesas sucesivas do que se vai facer pero a día de hoxe aínda non temos resume das actividades que supostamente, durante dous anos, estivo a facer o Arquivo Pacheco aínda que dende logo non ó público, senón internamente. A isto hai que engadir a pouca xestión, o pouco que lles preocupou o Arquivo.

Diríalle que para non facer un relatorio de toda a actividade divulgativa que fixo o

gobierno do Partido Popular, suxírolle que lea a acta do Pleno onde se debateu a primeira moción ó respecto, coido que aí fixen un relatorio exhaustivo de todas as actividades.

Só houbo unha actividade desenvolvida nestes dous anos de lexislatura que puido transcender á cidadanía. A única actividade divulgativa que tivo o Arquivo Pacheco, á marxe das súas aparicións en prensa dicíndonos o que vai facer e o que vai ser o Arquivo, foi unha reprodución de fotografías nunha ducia de paneis que se situaron en distintos lugares do centro. Esta foi a actividade divulgadora do Arquivo Pacheco.

Por outra banda publicaron unha axenda fotográfica. Lembro que houbo certas críticas a aqueles proxectos de recoñecemento de imaxes por parte do BNG e este catálogo que acaba de ver a luz non é máis que unha axenda con reprodución de fotografías herdeira dun traballo emprendido polo Partido Popular. Si que agradecer ó conselleiro que fose quen de recoñecer a importancia para Vigo que tivo este proxecto da galería do que é conclusión o catálogo que vostedes publican agora, como ten a ben recoñecer no saúda que prologa este catálogo.

Como digo, este traballo estaba completamente feito, redactado e pagado cando rematou o mandato do Partido Popular pero non houbo orzamento para o editar, cousa que fixeron vostedes dous anos despois. Contaron coa posibilidade de ter orzamento durante dous anos e este traballo que segundo vostede mesmo indica é moi importante para a historia local de Vigo, tardou dous anos en publicalo. Unha vez máis lémbrolle que volve ser un recompilatorio de retratos; iso que vostedes tanto criticaron. Pero algo é algo.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Sra. Larriba, vostede sabe ler. Aquí sacou unhas notas de prensa nas que se di claramente que o Arquivo Pacheco reabre ó público e efectivamente está aberto, abrímolos logo da situación de peche no que vostedes o deixaron.

Evidentemente que hai un traballo intermedio que pasaba por facer un programa de actuación serio, dotalo de persoal e comezar a facer os traballos para que se puidera reabrir ó público. Iso está feito e por iso falaba eu do fóra de data que ven moción.

Dixo que no Plan Museístico se di que o Arquivo Pacheco estaba pechado.

Efectivamente estivo pechado, pero pechado por vostedes. Mire as datas dese Plan Museístico porque o que non me pode traer son cousas de atrás cando logo se fixeron outras cousas.

Evidentemente nós fixemos cousas e algunha cousa viña de atrás. Claro que vostedes non tiñan orzamento, no mes de xuño todo o que tiñan para o Arquivo Pacheco eran 124 euros. Todo o orzamento do Arquivo Pacheco gastouse fóra del. Claro, logo deixan as cousas sen facer pero estamos nós para seren serios e facer as cousas ben feitas.

Eu tamén a remito á acta do Pleno de hai algo máis dun ano pero só lle vou lembrar tres cousas, cal é a actividade divulgativa do Partido Popular. Quérollo lembrar porque realmente isto clama ó ceo. O 22 de setembro do ano 2005 solicítanse fotos do Arquivo Pacheco para facer unha publicación sobre a Festa da Coca. A resposta literal foi: “Lamentamos informarlle que neste momento non é posible atender calquera demanda relacionada coa colección fotográfica do Arquivo Pacheco xa que estamos nun proceso de reforma interna do mesmo que o impide”. A ver cal é a actividade divulgativa cando hai unha reforma interna.

O 9 de abril do ano 2007 a Consellería de Vivenda pide tres fotos de tres edificios. A resposta do Sr. López-Chaves foi: “Estamos a recompoñer o Arquivo aínda que carecendo de persoal suficiente para atender demandas como a presente”. Gastou noutro lado e ben que o sabe vostede. O 9 de abril dese mesmo ano a Biblioteca Central é quen se dirixe ó Arquivo Pacheco solicitando unha serie de fotos. A resposta foi: “Comentareille que o Arquivo Pacheco está baixo mínimos”. Vese unha actividade divulgativa moi grande, é dicir, atrévase a falar do grande traballo e da enorme preocupación do daquela goberno polo Arquivo Pacheco. Ademais segue dicindo: “Comentareille que o Arquivo Pacheco está baixo mínimos xa que se está a traballar na posta a punto da base de datos e noutros traballos internos (por certo, todo mentira) que impiden unha apertura ó público”. Impedían a apertura ó público malia as continuas demandas neste sentido. Pero, como se atreven a dicir e a repetir que pechamos nós o Arquivo Pacheco? Mire para atrás.

Non por moito repetir unha mentira convértese en verdade. Esas son as súas formas, os seus métodos, son tristes. A verdade é que a min se me caería a cara de bochorno por estaren mentira tras mentiras.

Vostedes deixaron o Arquivo fotográfico Pacheco sen fondos económicos, sen

ningún persoal máis que, como dixen antes, a figura de dirección compartida porque nin sequera se lembraron da eliminar porque non tiña ningún tipo de función. Vostedes deixaron o Arquivo fotográfico Pacheco pechado ó público. Todo o máis que digan, demóstrano.

SRA. LARRIBA LEIRA: Estiven a punto de caer na tentación de reiniciar o debate que xa tivemos aquí porque vexo que vostede non me contesta e emprega os mesmos argumentos que utilizou hai un ano, pero eu teño argumentos novos que lle vou dar agora.

De todos os xeitos dígolle que deixou sen contestar onde está o plan orgánico e funcional, non me dixo nada. Non me dixo nada da designación “a dedo” das asistencias técnicas que ten o Arquivo. Non me dixo nada de por que non aparece unha partida específica para o Arquivo Pacheco no orzamento deste ano; por que non houbo unha actividade máis aló que a publicación dunha axenda e dun catálogo que xa fixéramos no mandato anterior e uns paneis que adornan a cidade. A todo isto non contestou pero lle vou dar máis argumentos para lle demostrar que a moción ten plena vixencia.

Como dixen non cumpren os seus compromisos cos cidadáns porque vostede se comprometeu hai un ano a cumprir as obrigas adquiridas co legado Pacheco ó recibiren a colección, como era un concurso para a convocatoria dun premio de ensaio fotográfico. A día de hoxe as bases dese premio que vostede anunciou hai un ano, que sería unha actividade nova do Arquivo Pacheco, nin se informaron polo interventor, nin pola secretaria, nin pasaron por Xunta de Goberno. Estas bases que non foron nin aprobadas nin publicadas sen embargo si se difundiron e por elas, que tivemos a ocasión das consultar, sabemos que por exemplo entre outros requisitos os traballos débense presentar en galego, nin sequera nas dúas linguas oficiais, só en galego. Nós preguntámonos que proxección terá este premio que ía poñer en valor o Arquivo Pacheco fóra de Galicia. Ó mellor se o idioma de presentación do traballo é o portugués, idioma polo que claramente vostedes manifestan máis respecto e máis cariño que polo castelán, como ben demostraron na nova rotulación do Arquivo e na última publicación que lles mostrei, onde se manteñen os textos dos autores no seu idioma orixinal porque hai dúas colaboracións de dous eruditos portugueses e na publicación deste catálogo

mantense o idioma portugués. Pero de verdade, o Partido Popular pregúntase e dubida moito de se vostedes manterían o texto en castelán se os autores desas colaboracións no catálogo as houberan redactado en castelán. Pero como digo, deste premio “Pacheco Prósperi” non se volveu saber nada e é a única actividade novidosa que vostedes promocionaron nestes dous anos de lexislatura.

Aínda que non o crea todas as mocións que presentamos en relación co Arquivo Pacheco tiveron sempre un sentido positivo. Para o Partido Popular Vigo necesita un centro que rescate, protexa e divulgue o legado documental e gráfico da cidade e que conserve os fondos e coleccións propiedade do Concello dando prioridade, cousa que vostedes non están a facer, á protección, a restauración e a reprodución dixital destes materiais; vostedes acaban de facer unha modificación orzamentaria para se ocupar disto. Estes materiais estanse a degradar de xeito imparabile pola súa delicadeza e polas malas condicións que lles proporciona o lugar onde están almacenados.

A pregunta é, cantos materiais se perderon xa ou son irrecuperables? A nosa información é que un terzo da colección perdeuse xa e segundo as nosas informacións tamén contrastadas, non hai restauradores especializados en materiais fotográficos ocupándose no Arquivo deste asunto. Na selección que vostede fixo de asistencias técnicas, sabendo que os materiais se degradan, non tivo o sentido común de contrataren a un restaurador especialista en materiais fotográficos.

Como dicía, esta é unha responsabilidade moi grave e para o Partido Popular precisa dunha urxente solución. Con isto entendemos que tiña moito sentido presentar novamente unha moción relativa ó Arquivo Pacheco e como dixen antes esperamos non ter que a volver presentar.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Alcalde, en base ó 94.1 do ROF que di “Quen se considere aludido por unha intervención...” Pido a palabra por alusións. Dixeron que eu desmantelara o Arquivo Pacheco.

A PRESIDENCIA: Este foi un debate político e xulgouse unha actividade política súa noutro momento. A súa compañeira puido defendela e polo tanto non foi vostede aludido persoalmente.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Para me defender bástome eu so. O artigo 94.1 di o que dixen eu. Alusións existen, vostede non as concede.

A PRESIDENCIA: Vostede sabe que nos debates políticos é relativamente frecuente citar. Citar e aludir son cousas distintas, como sen dúbida vostede ben debe saber.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Concédense alusións.

A PRESIDENCIA: Vostede foi citado, non foi aludido.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando a continuación dos traballos do Arquivo Pacheco, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (161).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE ELIMINEN AS PINTADAS DA SINALIZACIÓN E CABLEADO TEMPORAL DAS FESTAS NO CASCO VELLO. DOC. 90091985.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xuño de 2009, número 90091985, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal do Partido Popular alerta unha vez máis do deterioro do Casco Vello, para que o goberno local non descoide os traballos de recuperación.

A limpeza das rúas segue sendo insuficiente. Non abonda con baldear. A auga non limpa as pintadas que se “ceban” na sinalización das rúas, esborrachándoas de cor lila, dificultando con iso a súa lectura. Os sumidoiros seguen sen se limpar suficientemente e con iso persisten os malos cheiros.

Os cables para instalación de luces de Nadal e Entroido, incrementados nas celebracións da Reconquista, teceron unha autentica maraña sobre prazas e rúas que, non só desloce o conxunto, senón que constitúe un perigo para os viandantes.

O goberno municipal actúa como o “*perro del hortelano*”. Nin se responsabiliza do abandono da barriada, caendo en constantes desidias, nin permite aos veciños actuar contra este deterioro impoñendo esixentes normativas.

Hai unha rehabilitación pendente, que vai máis aló da puramente urbanística, que é a social. O goberno local non pode pechar os ollos á existencia de lugares marxinais que poñen en perigo ao resto dos veciños, como denuncian os pais dos nenos que acoden á Gardería Municipal Santa Marta.

O Grupo Popular cuestiona a eficacia das medidas tomadas desde o goberno da cidade e esixe ao bipartito a “firme aposta polo Casco Vello” con que se comprometeu.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que se eliminen as pintadas da sinalización pública e os cables temporais para o embelecemento das festas no Casco Vello.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

A presente moción formulouse fóra da orde do día no Pleno realizado o día 29 de xuño, séndolle rexeitada a urxencia.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Antes de nada dicirlle que imos votar a favor desta proposta pero permita que faga algunhas matizacións.

Unha consideración de carácter xeral: Vostedes saben perfectamente, porque participaron nos procesos de reforma e rehabilitación do Casco Vello como persoas

que no seu momento tiveron responsabilidade, que a todos nos moven as obrigas de traballar xuntos nisto pero tamén debemos ter en conta a situación e as complicidades que ese espazo nos depara.

Dicir sinxelamente tres cousas moi breves que son importantes. En primeiro lugar cos procesos de rehabilitación que estamos realizando nas rúas e nos edificios do Casco, tanto o Concello de Vigo como o Consorcio Casco Vello, estase a conseguir un efecto multiplicador da mellora do propio barrio.

Cando vostede na moción fala de cheiros eu pódolle dicir que basicamente os problemas de cheiros que existen no Casco Vello derívanse dunha moi deficiente acometida dos servizos da rede de sumidoiros porque a maioría dela está composta dunha estrutura de “chapacuña” que co paso do tempo se deteriorou dun xeito moi evidente e conforma moitos lugares case imposibles de someter e de considerar coma espazos salobres.

Este esforzo que estamos a facer coa rehabilitación das rúas é algo máis que un proceso de mellora da propia rúa no sentido no que falabamos antes de colocar unhas novas instalacións nas placas que sosteñen as propias beirarrúas. Estamos falando de actuacións nos servizos, de acometidas nas instalacións e servizos que supoñen máis aló de sete millóns de euros no proceso de rehabilitación no casco histórico.

Ademais disto estamos actuando tamén en áreas dotacionais, en áreas e espazos que van permitir mellorar a calidade de vida porque van abrir novos espazos públicos e zonas verdes, zonas de comunicación no propio casco. En definitiva estamos nun proceso moi importante que vostedes coñecen perfectamente porque participan tamén no Consorcio do Casco Vello.

Pero máis aló desta cuestión, quero facer hoxe fincapé noutro tema que para nós é moito máis relevante e que sendo importantes as obras de rehabilitación e recuperación de rúas, éo máis a atención personalizada que se está dando ás demandas cidadás. Digo isto porque dende o criterio innovador que se estableceu cos coidadores do Casco Vello, pasando pola atención personalizada que tanto o Tenente de Alcalde coma eu mesmo realizamos visitando todas as semanas unha ou dúas veces o casco histórico, seguindo por asembleas que fixemos no barrio cos veciños, informándolles do que estamos a facer, trasladándolles tamén as preocupacións que temos a respecto das cousas que ó mellor non podemos facer e

facéndonos eco daquelas cousas que eles nos están a trasladar, en definitiva estamos configurando un traballo de proximidade que coido que pode ser modélico nas intervencións públicas en espazos tan deteriorados como os que temos.

Nunha última reunión, na última asemblea tiven a ocasión de falar cos veciños sobre infinidade de problemas e créame que eses problemas do Casco Vello son enormes, hai problemas de seguridade, de salubridade, como non aínda de situacións de mantemento dalgunha prostitución de rúa que é necesario abordar. En definitiva temos un montón de problemas nos que entre todos estamos a traballar, pero coido que o estamos a facer dun xeito modélico. Por un lado os coidadores de barrio nos dan traslado dos pequenos ou grandes problemas que aparecen alí e imos cos servizos municipais ós que lles quero agradecer aquí persoalmente, tanto ó servizo de Vías e Obras como ó de Parques e Xardíns, ese esforzo que están facendo en moitas tarefas e, como non, ó concelleiro de Tráfico que está a traballar cóbado con cóbado na resolución de moitos deses problemas que estamos a ter. A atención é diaria, permanente e constante, atendendo a eses pequenos-grandes problemas porque aínda que son pequenos problemas para a administración, son moi grandes para eses cidadáns.

En definitiva é un modelo de intervención social, coido que de política, que non podemos perder de vista e que todos debemos apoiar e apostar por el. Todos os grupos municipais desta Corporación estamos comprometidos con iso. Vostedes dende a responsabilidade que teñen agora na Xunta de Galicia, o Consorcio do Casco Vello e nós dende a responsabilidade que temos no Concello.

Por iso lles imos votar a favor desta moción pero lonxe da desidia da que nalgún momento se fala nesta moción, estamos falando de compromiso, de eficacia e de responsabilidade cos veciños e veciñas do Casco Vello.

SRA. LARRIBA LEIRA: Quero agradecer o ton da súa resposta e afondar no espírito positivo dela sinalándolle as cousas que en consideración do Partido Popular se poden facer mellor.

No mes de xuño o Grupo Popular alertou dese deterioro do Casco Vello facéndonos eco tamén das queixas dos cidadáns, queixas que se poden ver xa en carteis pegados polas rúas ou sexa que non é unha contrariedade calada, senón que xa fan publicamente expresión desas queixas. Pois ben, un mes máis tarde, no Pleno

de xullo, o PSOE e o BNG non quixeron debater esta moción que presentamos nese sentido alegando que xa se estaban tomando as medidas necesarias para o solucionar.

Agora pasaron xa dous meses e temos a oportunidade de debater esta cuestión que non quedou obsoleta ou fóra de lugar como se podería esperar, senón que lamentablemente segue tendo plena vixencia e como o goberno nada fixo dende entón con respecto ás cousas concretas que demandábamos, non nos queda outra que insistir. Non é que lle deamos voltas ós temas porque non teñamos outros, é que non se arranxan e temos que insistir.

Como dicía seguen as placas cos nomes das rúas emborreadas de pintura e ese é un arranxo ben fácil. Son dificilmente lexibles para os visitantes, hai pintadas que se estenden non só ás placas das rúas como se pode ver nalgunhas fotos que trouxen de rúas como a Real, a dos Cesteiros. Isto leva así uns cinco meses. Estas pintadas esténdense a todo o mobiliario urbano: farois, papeleiras, as recentes macetas que se puxeron que se usan coma cinceiros porque non hai un mantemento das plantas.

As pintadas esténdense por todo o mobiliario urbano e curiosamente, vendo a liquidación do orzamento, as partidas consignadas para a reposición de placas do rueiro seguen sen se tocar, completas e sen se executar. Preguntámonos a que esperan para as limpar porque as pintadas levan máis de cinco meses e están en mobiliario urbano que se acaba de estrear.

O único gasto comprometido en relación á sinalización e ás placas e un gasto que aparece na liquidación do orzamento referido á tradución ó galego de diversas placas do rueiro. É dicir, semella que si comprometeron gasto para que se traduzan ó galego pero tamén que lles importa menos que estean neste estado dende hai tantos meses.

Como xa comentamos, a présa das obras trae coma consecuencia o deterioro das rúas xa rehabilitadas pola acumulación de cascallos e de maquinaria que están a romper a pavimentación e que logo non se arranxa. Diso quéixanse os veciños.

No Grupo popular cuestionamos a eficacia das medidas que toma o goberno e ás que vostede fixo referencia, especialmente a dos coidadores do Casco Vello que supostamente están ocupados en supervisar as vinte e catro horas do día o estado no que se atopa o barrio e que non dubidamos estarán trasladando ós seus

coordinadores as mesmas cuestións que estamos a denunciar no Pleno e na prensa o Partido Popular.

Preguntámonos canto nos custa este pouco e eficaz servizo, polo menos no que atinxe á imaxe do Casco Vello. Como se explican as protestas neste sentido cada vez maiores dos veciños? Por que o emblemático Berbés dentro do Casco Vello está tan descoidado? A cantidade de carteis que o denuncian é cada vez maior. Ten que haber unha resposta.

Seguen tamén os cables para a instalación de luces e bandeiras das festas. Amósolles unha foto da Praza da Pedra onde se poden ver os cables e os corroidos e deteriorados soportes que os sustentan e que constitúen un perigo para os viandantes porque son instalacións provisionais. Deberíamos lembrar o grave accidente ocorrido por mor destas instalacións na rúa do Príncipe o pasado Nadal. Pero como digo cada vez hai un cable máis, están alí pendurados sobre a cabeza dos turistas.

Pero é que tamén seguen os cables do alumeadado público ordinario que está atravesando as rúas do Casco Vello. Cantos anos hai que se pavimentaron de novo as rúas do barrio e se instalou unha conducción subterránea para os cables, para que desapareza o feo tendido que atravesa as rúas? Penso que é un Plan que ven xa de 1995, o Plan Urban, como se pode ver na foto que eu teño e aínda os cables están cortados, sen ningunha utilidade e afeando as fachadas dos monumentos do Casco Vello.

Lembrar o lamentable espectáculo que deu a cidade na retransmisión a toda Galicia da procesión do Cristo da Victoria onde se vía a un confrade cun pau erguendo os cables para que puidese pasar a imaxe do Cristo da Victoria, eses cables que digo eu que xa teñen unha conducción para pasaren por embaixo da rúa. Aproveito tamén para lle preguntar por que as luces que alumean a fachada da Colexiata, colocadas tamén dende hai tempo malia que tanto afean o conxunto, nunca chegaron cumprir a súa misión.

O único que xustifica o goberno cando se fan estas críticas é a reurbanización das rúas, cousa na que levan empregados case dez millóns do Plan ZP e semella que ese é todo o seu interese, o resto parece que anda un pouco esquecido.

Pero a todo o que denunciámos en xuño, porque estas son as demandas que nós presentamos entón, temos que engadir algo máis: que estamos asistindo a un novo

cambio de farois que segundo o goberno é máis eficaz tecnicamente e responde a un necesario aforro enerxético. Pois ben, mágoa que o diñeiro que se pretende aforrar no alumado público se dilapide en sucesivos estudos, deseños e cambios de farois dependendo do gusto dos sucesivos responsables políticos do tema.

Hai poucos anos un informe recomendou farois clásicos con luz branca de haluróxeno metálico, farois que se instalaron. Teño aquí un mostrario do amplo repertorio da variedade de farois instalados nas rúas do Casco Vello. Estes novos farois que xa non eran os tradicionais senón un deseño contemporáneo, logo dun novo estudo que vostedes acaban de facer estanse colocando estes outros tamén de luz branca de haluróxeno metálico pero cun novo deseño e que pensan substituír.

Eu pregúntome se hai unha explicación que vostede me poida dar para isto. Estamos afeando se cabe máis o Casco Vello.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: De verdade que eu lle agradezo ó Partido Popular esa preocupación que se traduce nesas fotografías que tiveron a ben tomar para nos dar coñecemento no Pleno da situación. Pódolle dicir que desgraciadamente no casco histórico hai esas e moitas outras fotografías que nos poderían facer reflexionar aquí moito sobre como fomos quen de chegaren a esta situación -todos- durante tantos anos sen enfrontaren esa realidade dun xeito máis decidido. Canto máis coñezo o Casco Vello máis me preocupo e confeso que máis autocrítica fago sobre esa realidade.

Hai moitas cousas que efectivamente temos que mellorar nun dobre sentido, por un lado operando na transformación real dese barrio histórico e polo outro tamén tentando entenderen a realidade específica distinta que a xente que vive no casco histórico ten a respecto doutra moita xente que vive na cidade.

Realmente isto é de tese pero lle podería comentar que moitas das cousas que hoxe se están a facer son absolutamente novidosas. A acometida de servizos, o conxunto dos cables subterráneo é algo que se está facendo agora, non se fixo antes. O Plan Urban acadou mellorar algúns espazos, algunhas rúas do casco histórico pero na maioría dos casos non acometeu renovacións de servizos, non se fixo nada diso. Tamén lle podo dicir que mesmo ese tema que parece tan sinxelo ten as súas complicacións e outro día podemos ter a ocasión de comentalo, velo

persoalmente e explicarei as dificultades técnicas que ten todo isto.

Estamos falando de actuar nun lugar cunha sutura moi fina, onde temos que combinar aquilo que podemos facer dende o punto de vista técnico, dende o punto de vista das obras, coas necesidades dos veciños. Esta é a gran preocupación deste goberno e polo tanto eu non insistín moito nos investimentos que estamos a facer. Insistía máis no tratamento política que lle estamos dando.

Non sei se cuestionou ou foi unha mala interpretación que fago eu do que vostede dixo a respecto dos coidadores. Os coidadores de barrio teñen unha importancia fundamental. Non estou dicindo que todo aquilo que nos trasladan os coidadores sexamos quen do arranxar, nese sentido temos que mellorar moito pero créame que todos aqueles comentarios, observacións e “inspeccións” que os coidadores de barrio fan serven para resolver infinidade de pequenos problemas que ás veces son de competencia municipal e outras é un problema dun veciño co outro. Hai moitas circunstancias que rodean a ese traballo.

Sinceramente creo que temos que mellorar o grao de execución e rapidez desas situacións que se producen e que nos trasladan os coidadores de barrio pero non teña a menor dúbida de que estamos diante dunha figura moi importante que hai un ano que se puxo en marcha e que temos que mellorar e adaptar ás necesidades do momento. Loxicamente estamos pasando unha situación complicada porque as obras son moitas, de moito calado e estanlles xerando ós veciños certos problemas. Repito que por iso para nós é fundamental esa relación cos veciños e estámoslles dando información sobre todo do que estamos a facer, en asembleas e mesmo persoalmente. Como xa dixen antes o propio Tenente de Alcalde visita dúas veces á semana o casco histórico, eu persoalmente podo dicir que o visito todos os días e que me atopo alí cos técnicos municipais, tanto dunhas coma doutras concellerías, traballando cóbado con cóbado e arreo para asumir un problema que non é só dos veciños do casco histórico, é un problema de todos os cidadáns de Vigo porque unha das cousas que buscamos e procuramos é recuperar ese casco vello, reconquistar. Dícmolo dun xeito un pouco mediático pero ese é o obxectivo fundamental: reconquistar de novo para os cidadáns de Vigo o casco histórico.

Coido que todos debemos seguir nese traballo e nese sentido calquera esforzo e participación será benvido.

SRA. LARRIBA LEIRA: Gustaríanos que comentara algo con respecto ó alumado pero vou insistir eu. Loxicamente a discrepancia do Partido Popular coa instalación destas novas luces nada ten que ver con cuestións técnicas de sustentabilidade enerxética xa que estamos plenamente de acordo, senón con cuestións estéticas e económicas.

Non imos falar aquí sobre gusto estético porque se escribiu moito dende o século XVIII e este non é o foro, pero si pensamos que o gusto ten moito que ver con sensibilidade, percepción, imaxinación, contemplación e neste caso con respecto ó patrimonio construído, especialmente ó Casco Vello que está declarado BIC.

Aínda que nos poidan gustar no seu deseño e acabado as novas luminarias, non nos parecen as máis axeitadas para o lugar no que se van situar. Pero non o digo eu, as normas urbanísticas de Vigo, en concreto o PEPR do Casco Vello, recollen as principais directrices de intervención e protección do conxunto histórico de acordo coa normativa estatal e autonómica dentro do “respecto ós valores patrimoniais, así como ambientais” e ademais inclúen determinacións específicas encamiñadas á protección de elementos, estrutura urbana, tipoloxía de edificación e normas estéticas.

Quero lembrar aquí que se lles impón ós veciños nas obras de mantemento ou conservación das súas vivendas unha escrupulosa normativa que prohibe modificar os seus inmobles e, se nas obras se fixeran precisas adaptacións técnicas, etc., calquera material distinto ó orixinal débese xustificar, débense xustificar os cambios proxectados, os seus efectos sobre os elementos no que se aplican e sobre o conxunto e deben permitir a comparación coas solucións orixinais. Fíxense cantas cousas se lles piden ós veciños para cambiar calquera cousa dos seus inmobles.

Nas obras de acondicionamento “...deben adecuarse ós elementos significativos que singularizan ou caracterizan ó Casco Vello dunha determinada época ou tipoloxía”, o que inclúe as novas instalacións ou a modernización das existentes.

A ordenanza municipal que regula a instalación de terrazas na vía pública recolle ademais no artigo 13.2 que “O mobiliario urbano deberase axustar a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos en consonancia coa realidade arquitectónica do contorno”.

Resumindo: pídeselles ós veciños que nas súas reformas sexan sensibles e respecten o espírito da arquitectura tradicional do Casco Vello ou o gusto

decimonónico do denominado ensanche do barrio recuperando ó máximo posible os elementos que o definen, pero o goberno non dá exemplo coa parte que lle toca, non só coas novas luminarias das rúas. Enténdese menos que na rúa Elduayen permanezan os farois fernandinos nunha beira e á outra se sitúen unhas novas.

En segundo lugar está a cuestión económica que penso que é a que máis preocupa. Canto máis custaron estes novos farois? Non se poden adecuar os existentes? Voulle amosar unha cousa básica que está en internet de como se pode adaptar para acadar maior eficiencia lumínica un farol tradicional a estes novos tipos de luminarias. Debe ser unha cousa non tan complicada. Gustaríanos saber quen foi o autor do “deseño especial” (que foi como o anunciaron) encargado polo Concello para estes novos farois.

Eu lémbrolle nese espírito positivo do que falaba ó principio que, aínda que pareza unha utopía, noutros lugares europeos son os propios cidadáns quen se encargan de deseñar o lugar no que viven a través de organizacións veciñais e co apoio monetario das administracións. As persoas describen as súas necesidades e gustos e logo os deseñadores adáptanas.

Consultouse neste caso ós veciños polo cambio dos farois? Que di por exemplo a asociación veciñal do Casco Vello ou os comerciantes de barrio que elixiron para os seus logotipos e sinais o emblemático farol tradicional do Casco Vello? Preguntaron? Que opinan eles? Porque quedan xa sen símbolos.

Penso que neste caso o goberno non aprende dos seus erros porque non podemos esquecer o que aconteceu coa cidadanía no cambio dos farois de Urzáiz. Convén lembrar que gracias ós veciños e á acción do Partido Popular vaise dar marcha atrás pensamos que nunha desafortunada decisión. A substitución dos farois fernandinos da rúa Urzáiz vai supoñer para as arcas municipais un custo de case cen mil euros. Penso que sería irresponsable e imperdoable que isto se volviera repetir no caso do Casco Vello. Non entendemos como poden xustificar este malgasto e preguntámonos se é que sobran os cartos porque os cartos son de todos.

Para rematar, o Grupo popular quérelle esixir ó goberno o cumprimento desa firme aposta polo Casco Vello co que se comprometeu empezando sobre todo por mellorar a súa xestión.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, solicitando que se eliminen as pintadas da sinalización e instalación temporal de cables con motivo das festas no Casco Vello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (162).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O APOIO DO CONCELLO Á CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO COMPOSTA POR CATORCE MUNICIPIOS. DOC. 90106000.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106000, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“Durante os case catro anos de goberno bipartito de PSOE e BNG na Xunta de Galicia vimos como se paralizou a creación da Área Metropolitana de Vigo, nunha clara política de atrasar e entorpecer a súa creación cando xa existía o acordo dos 14 concellos incluídos no seu ámbito.

Agora vemos con satisfacción como a actual Xunta de Galicia, presidida por Alberto Núñez Feijóo, volve iniciar o proceso para a súa creación, no ámbito territorial dos 14 concellos que prestaron a súa conformidade ao proxecto de lei.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno que tome o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio á creación da Área Metropolitana de Vigo, composta polos 14 Concellos que prestaron a súa conformidade, e amosa a súa satisfacción polo inicio dos traballos para a súa posta en marcha.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión que tivo lugar o día 20 de xullo de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Presenta o Grupo municipal do PP unha moción na que pedimos que o Pleno do Concello de Vigo manifeste o seu apoio á

creación da área metropolitana de Vigo composta polos catorce concellos que presentaron a súa conformidade e amose a súa satisfacción polo inicio dos traballos para a súa posta en marcha.

Agora recibimos con satisfacción o inicio das conversas da actual Xunta de Galicia do Partido Popular para relanzar e poñer en marcha a área metropolitana de Vigo. Dende Consellería de Presidencia xa se deron os primeiros pasos para iniciar estes traballos que culminarán na aprobación polo Parlamento da Lei da área metropolitana de Vigo. Unha lei singular, como afirmou o Presidente Alberto Núñez Feijóo da Xunta no Concello de Vigo, unha lei singular que é individual, exclusiva para a súa área metropolitana.

Parece que agora algúns dende o PSOE queren unha lei conxunta ou xenérica de áreas metropolitanas que englobe á de Vigo e á da Coruña e non queren unha lei para a área de Vigo que ten os traballos moito máis avanzados ou sinxelamente avanzados, o que non sucede na Coruña. Agora semella que o PSOE, non sei se con algunha intención agochada, trata de buscar a tramitación conxunta da área de Vigo coa da Coruña para seguir atrasando, como fixeron durante catro anos, a área metropolitana de Vigo. Hai esa intención e vontade e sobre todo estanse pensando por que non se tramitan conxuntamente as dúas áreas sabendo que a de Vigo está moito máis avanzada ca da Coruña.

Dito en Vigo polo Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo: Vigo terá unha lei singular e xa se iniciaron os contactos con Concellos como Fornelos do Monte, Moaña, Cangas, Nigrán, Baiona e o pasado xoves con O Porriño e Pazos de Borbén.

Ponse fin así a catro anos de paralización pola Xunta de Galicia de todo o que tiña que ver coa área metropolitana de Vigo, catro anos do goberno bipartito PSOE-Bloque que freou e vetou no Parlamento de Galicia todas as iniciativas que solicitaban a posta en marcha da área metropolitana de Vigo. Tiñan maioría no Parlamento. Podían optar ben por apoiar as iniciativas do Partido Popular e pular a creación da Lei da área metropolitana ou pola contra vetar as iniciativas e a proposición de lei que presentou o Partido Popular sobre a área metropolitana e tiñan maioría para poder modificar a lei de acordo co que eles coidasen necesario. Sen embargo utilizaron esa maioría para vetar no Parlamento de Galicia unha proposición de lei para a elaboración polo Parlamento da Lei da área metropolitana.

Vetárona no Parlamento aínda que aquí, logo das intervencións que se produciron, ó mellor ata negan iso. Vistas as intervencións de antes sobre o Arquivo Pacheco resulta que quen o abriu agora resulta que é quen llo “cargou”, cando foron eles os que non fixeron nada durante dous anos...

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, área metropolitana por favor.

Tras un breve diálogo entre a presidencia e o Sr. López-Chaves Castro, alleo ó debate en cuestión, continúaase co tratamento do asunto.

A PRESIDENCIA: Céntrese na cuestión. Está todo o mundo agardando pola súa intervención.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: E está esperando a que vostede cale para me deixar falar. Gracias.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, céntrese, por favor. Céntrese na área metropolitana.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dígao outra volta e non me deixe falar. Agora si que parece que podo seguir.

Poderíanos ter feito, xa existía un precedente de proxecto de lei de creación da área metropolitana que se publicou no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia o 5 de febreiro de 2005 e os traballos xa se iniciaran; había pasado o exame do debate á totalidade sen emendas do Bloque nin do PSOE, iniciáranse os traballos nas comisións, elaboráranse os traballos do relatorio, presentáranse as emendas, elaborárase o informe do relatorio; faltaba o ditame da comisión e a votación en Pleno.

Que pasou logo das eleccións que é o que aquí interesa? Despois das eleccións sabemos o que aconteceu, que o novo goberno da Xunta, PSOE e Bloque, paralizaron a área metropolitana. Viu aquí un Conselleiro, Sr. Méndez Romeu, e presentou un novo proxecto: o consorcio, algo totalmente distinto do que é unha área metropolitana. “Miguel Barros, secretario comarcal do PSOE, tacha de terrible

frivolidade o borrador da Xunta da área metropolitana”. Iso era como cualificaba o PSOE as iniciativas da Xunta. Só digo o que aconteceu.

Que fixo o goberno do PSOE e Bloque? Retirar a iniciativa e dicir que comezaban o proceso dende cero. Pasaran sete anos dende o ano 99 e agora dicían que comezaban dende cero. Tratábase sinxelamente dunha operación moi clara. Nun lugar onde existe consenso dos catorce concellos introducimos un elemento de distorsión, creamos un conflito e logo dicimos que non podemos continuar porque hai diferencias e iniciamos todo dende cero. Era ó obxectivo: establecer diferencias para non continuar coa tramitación da área metropolitana e empezar dende cero.

Podemos ver toda a hemeroteca. Din en verán de 2006 que vai ser o verán de 2006, o verán de 2007, o verán do 2008... e ó final remata a legislatura sen ver un só papel no Parlamento sobre a área metropolitana de Galicia, sen nada feito polo anterior goberno malia eses anuncios.

Polo tanto vemos que a finalidade e obxectivo do anterior goberno é sinxelamente paralizalo buscando desacordos e rachando consensos con ese obxectivo. Buscaron establecer diferencias para non facer nada.

Pero queremos tamén sinalar que iso tivo importantes colaboradores. A Xunta bipartita non quería a área metropolitana e buscaron rachar o consenso. Vímolos: Sr. Méndez Romeu. Pero insisto, tiveron importantes e colaboradores leais nesa operación deseñada polo bipartito para paralizar a área metropolitana.

8 de maio de 2007: “Caballero anuncia que a Xunta aproba este ano a área metropolitana de vinte e oito municipios e di: ““A proposta entraría no Parlamento para ser debatida en setembro de 2007””, polo que garantiu que a Lei da área metropolitana estaría en funcionamento no ano 2007.

Aquí alguén lembrou a Paco Porras, alguén parece que si, podería lembrar de novo ese tema. 2007, nin en setembro entrou o proxecto de lei de vinte e oito municipios no Parlamento nin tampouco se tramitou nunca e rematou o ano 2007 e non entrou en funcionamento. Nin vinte e oito, nin catorce, nin cinco, nin sete, nin nada foi o que fixo este goberno pero dende logo parecía que estaba claro que existía un acordo de introducir distorsións nos consensos que o Sr. Abel Caballero, un leal colaborador coa Xunta de Galicia, creando distorsións para non poderen seguir tramitando porque dicían: “Como a imos tramitar se non existe consenso sobre o número de municipios”. Por que non existía consenso? Porque o Sr. Caballero, de

acordo con ese obxectivo de non poñer en marcha a Lei da área metropolitana introduciu coma elemento distorsionador a área dos vinte e oito municipios. Méndez Romeu, o consorcio e o Sr. Caballero os vinte e oito municipios. Gracias a iso Xunta PSOE-Bloque e Concello PSOE-Bloque nunca fixeron nada; foi a escusa para non facer nada.

Pero agora o goberno da Xunta cambiou. Os que perden xa non gobernan e agora o goberno do Partido Popular xa iniciou as reunións cos alcaldes dos catorce concellos para comezar reconstruír os consensos que foron deliberadamente rotos co obxectivo de boicoteala. Insisto, por que segue o PSOE tentando atrasar a área metropolitana de Vigo dicindo que hai que esperar á da Coruña? Por que seguen coa operación, como fixeron catro anos, de que non sega adiante a área metropolitana? Pois agora hai outro goberno na Xunta por iso a área metropolitana xa iniciou os seus trámites. De estaren o PSOE dende logo non existiría nunca a área metropolitana.

Pero presentaremos esta moción para volver ó traballo e que este Pleno manifeste o seu apoio á creación da área metropolitana dos catorce concellos que presentaron inicialmente o seu consenso e que demostre a súa satisfacción para que por fin se inicien os traballos de creación da área metropolitana e que se poña fin a operacións consensuadas de crear disensións e conflitos co sinxelo obxectivo de non poñer en marcha a área metropolitana de Vigo.

Nada máis. Moitas grazas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame comezar dicindo unha cousa. Dicía antes o meu compañeiro, Xesús López, que por repetir moitas veces unha mentira esta non se converte en verdade. Ten máis razón que un santo. Se aquí alguén distorsionou e introduciu un elemento-distorsión na área metropolitana non foi outro ca o Partido Popular.

Quérolle lembrar ó Sr. López-Chaves que todos os traballos que el recoñece, porque di que había e hai traballos avanzados, iniciáronse polo Bloque Nacionalista Galego cando un compañeiro noso, Sr. Pérez Castrillo, era Alcalde desta cidade. Daquela o BNG conseguiu algo que o Partido Popular non foi quen de conseguir nos dezaseis anos de goberno da “era Fraga” e é algo que agardamos todos polo ben de Vigo que agora sexa quen do facer. Non foi quen de acadar algo importante que era o

consenso en torno a área metropolitana.

Miren vostedes que daquela, nesas catorce concellos que vostede cita, só había un alcalde nacionalista e a maioría que non todos os alcaldes deses catorce concellos eran alcaldes do Partido Popular. O BNG foi quen de conseguir en torno a área metropolitana non só que avanzaran eses traballos, senón que se chegara a un consenso.

E onde remata o consenso, Sr. López-Chaves? Voulle lembrar a vostede a historia. O consenso remata cando o Partido Popular leva ó Parlamento de Galicia o anteproxecto de Lei de área metropolitana que non tiña absolutamente nada ou moi pouco que ver con aquel consenso acadado e por iso daquela o Bloque Nacionalista Galego presentou todas as emendas.

Por iso o BNG presenta esas emendas, porque o anteproxecto de lei que presenta o Partido Popular non se parece en nada a aquel consenso acadado e velaquí a gran cuestión. Poden vostedes acusar ó bipartito BNG-PSOE de paralización, mentira; poden acusar de distorsión, mentira. O que vostedes están agochando neste debate e o quid da cuestión é que o Partido Popular non ten proxecto de área metropolitana, non sabe que facer coa área metropolitana. O Sr. Núñez Feijóo cando chega ó poder anuncia que en seis meses teremos unha lei de área metropolitana, aí están as hemerotecas, aínda que o outro día a Sra. Delegada xa di que os traballos irán cara un ano.

Vostedes queren chegaren ás eleccións municipais e iso é o que non din. Se os traballos están tan avanzados, se había un anteproxecto de lei de área metropolitana, iollo!, feito polo Partido Popular, agora inician os contactos outra volta. É dicir, se había eses traballos avanzados, se había un consenso, por que inician agora outra volta os contactos? Por que xa están dicindo que lles levará un ano presentar esa lei?

Hai outra cousa que non din: que vostedes non saben que facer coa área metropolitana e coa Deputación. Mellor dito, si saben. Vostedes queren seguir cunha Deputación para facer o que antes acabamos de condenar e criticar. Vostedes non queren perder nin un chisco das competencias da Deputación para que o Sr. Louzán siga adxudicando como el queira catorce millóns de euros para os concellos da súa cor política.

Que nos presenta vostede nesta moción? Preséntanos unha foto e un aplauso.

Dinos nesta moción que aplaudamos ó Partido Popular. Eu non teño ningún problema en aplaudir ó Partido Popular cando faga algo que sexa “*aplaudible*” pero, que moción presentan vostedes aquí? Que área metropolitana nos din que votemos? Dígannolo.

O BNG ven dicindo dende sempre que unha área metropolitana non pode ser unha “lea administrativa máis”. Nós si temos modelo e articulación deste país, vimos insistindo en que unha área metropolitana en primeiro lugar ten que ter unha capacidade e un ordenamento xurídico cunhas competencias moi claras, cun financiamento moi claro e lóxicamente cun consenso social e político moi claro. Esas son as tres cuestións fundamentais para nós, non se a área metropolitana ten que ter catorce ou vinte e oito concellos, vimos dicindo que ese non é o debate, que iso danos exactamente igual.

Dixemos que efectivamente podíamos utilizar os traballos avanzados e que logo se poden incorporar dez, quince, segundo os criterios de rigor e técnicos que se establezan, pero ese non é o debate Sr. López-Chaves. O debate é que ordenación xurídica, que competencias e que financiamento lle outorgamos á área metropolitana de Vigo. Iso é o que lle pido que vostede hoxe aquí nos diga. Díganos se a área metropolitana que vostedes conciben vai ter financiamento por parte daqueles recursos que hoxe ten a Deputación e que teñen que seren transferidos á área metropolitana para non dobrar dúas administracións. Polo tanto, unha vez que a área metropolitana de Vigo estea funcionando a Deputación ten que perderen competencias, recursos que teñen que seren transvasados á área metropolitana.

Explíquen nos vostedes como queren financiar a área metropolitana, con que recursos, que queren facer coa Deputación, se queren que a Deputación sega a funcionar como ata agora. Xa sabemos como, repartindo os cartos a aqueles alcaldes e alcaldesas da súa cor política.

Se nestes momentos que aínda non temos área metropolitana a cidade máis importante de Galicia e por suposto a cidade máis importante da provincia vostedes a discriminan dun xeito tan fragante como se acaba de escoitar aquí, que imos esperar cando teñamos área metropolitana? Se é que é o modelo que estamos convencidos que vostedes queren: dobrar o gasto, que haxa outro financiamento, ó mellor un financiamento da Xunta ou non sei de onde; dobrar gasto, dobrar as administracións e isto para que vostedes segan gobernando na

Deputación do xeito que o están a facer.

O elemento de distorsión está en que cando era o Partido Popular quen gobernaba na Xunta os alcaldes do Partido Popular asentían, traballaban en consenso. Daquela, hai catro anos, cando chegou un goberno BNG-PSOE, tanto a Deputación de Pontevedra como aqueles alcaldes do Partido Popular, dirixidos politicamente polo Partido Popular, cambian absolutamente de criterio e empezan a poñer eses elementos que distorsionan.

En canto á postura do Partido Socialista, eles son moi maduros e maiores para a defender; eu vou defender sempre a postura do BNG e teño que dicir que a formación política que me honro en representar sempre tivemos o mesmo discurso, queremos a área metropolitana para Vigo, fomos os impulsores, seguimos querendo a área metropolitana para Vigo, pero queremos unha área metropolitana con todas as da lei, coa súa ordenación xurídica, co seu nivel de competencias e cun financiamento claro que axude, efectivamente tal como vostede dicía aínda que nós non estamos de acordo, non a crear un consorcio de servizos ó que o BNG sempre se opuxo, senón que axude a crear un ente administrativo, que axude a que os cidadáns da nosa área teñan mellores servizos. Vertebraremos eses servizos, complementémolos e teñamos unha administración moito máis preto dos habitantes que van configurar esa área.

Sr. López-Chaves, quero que vostede explique a este Pleno e á cidadanía cal é o proxecto que o Partido Popular ten de área metropolitana, que vai facer coa Deputación, que ordenación xurídica vai ter a área metropolitana, como se vai financiar. Ese é o debate e non traer unha moción que diga que o Pleno manifeste o seu apoio á creación da área metropolitana de Vigo composta polos catorce concellos. Isto é unha trampa, isto non di nada.

O BNG vai apoiar esta moción se vostede a cambia e acepta o texto alternativo que o BNG e o PSOE imos presentar e que di así de claro: “O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio á creación da área metropolitana de Vigo”. Máis claridade imposible.

Evidentemente vostedes agora distorsionarán e dirán que por que non a de catorce, por que non o que xa estaba, para agochar unha vez máis o que vostedes non teñen que é o modelo de área metropolitana que o BNG si ten e ademais moi claro.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. López-Chaves, pensei que ía retirar vostede esta moción como fixo a Sra. Muñoz cunha das mocións que se presentaran ó Pleno. Sinceramente pensei que a ía retirar porque esta moción, como ben dicía o Sr. Domínguez, xa está certamente esgotada no que vostede propón.

O Sr. Núñez Feijóo fixo unha proposta que foi ben recibida polos alcaldes dos catorces municipios e doutros tantos, en concreto do Alcalde de Vigo, e polo tanto o único que puiden comprobar da súa exposición nesta moción é que en primeiro lugar interésalle moi pouco que haxa área metropolitana en Vigo e así logo o argumentarei, e en segundo lugar como tamén dicía o Sr. Domínguez, o único que buscaba vostede é o “*autobombo*” novamente do Partido Popular e novamente a crítica ó goberno do bipartito, cousa á que nos teñen moi acostumados.

Con relación ó goberno do bipartito dígolles o que vostedes ás veces din coa Sra. Porro: deixen ó goberno do bipartito. As eleccións xa pasaron, os cidadáns xa deron o seu veredicto sobre quen tiña que gobernar en Galicia e cunha particularidade: os socialistas respectamos o resultado das urnas, cousa da que vostedes aínda teñen pendente porque teñen que respectar o resultado das eleccións municipais de 2007 en Vigo.

Sr. López-Chaves, falou de operacións e demais por parte do Partido Socialista e a min preocúpame a súa intervención porque coido que se está preparando e estanos preparando ós demais para un certo atraso ou ó mellor para unha imposibilidade de que saia a área metropolitana de Vigo. Coido que o está facendo así e téñeno que entender todos os cidadáns.

No ano 2005 o Sr. Fraga era Presidente da Xunta de Galicia e o último que fixo o seu goberno, como ben se dicía anteriormente, foi presentar un proxecto de área metropolitana para Vigo que en primeiro lugar dobraba as estruturas administrativas e en segundo lugar supoñía maior gasto. Todo o contrario, Sr. López-Chaves, do que sempre pretendemos dende o Partido Socialista.

O Sr. Figueroa mencionaba antes o tema de “efecto Porro” no Partido Socialista e demais, pero eu o que coido que hai de verdade é un efecto “gaiola de grilos” no Partido Popular, paréceme que hai demasiados candidatos, demasiados que se postulan, demasiados...

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, estamos facendo debate sobre a área metropolitana. Por favor, atéñase a esa cuestión.

SR. LÓPEZ FONT: Sigo mantendo que o Sr. López-Chaves con esta moción de pouco contido político o que buscaba estritamente era o lucimento persoal.

Sr. López-Chaves, dende o Partido Socialista e dende o programa electoral que presentamos ás eleccións municipais de 2007 sempre apostamos pola área metropolitana de Vigo, non coma un fin en si mesmo senón coma un medio. Pero nós o que pretendemos coa área metropolitana é que os cidadáns teñan uns mellores servizos e co mesmo custo. O que ocorre é que é evidente que vostedes non teñen proxecto de área metropolitana.

O día 1 de marzo cando ganou o Sr. Núñez Feijóo, en Galicia daba a sensación que estaba todo absolutamente preparado, que en cuestión de días ou de poucos meses teriamos alternativa a todo aquilo que non fixera o bipartito. Efectivamente e así se dicía antes, o que vostede ten que interiorizar é que o Partido Popular goberna en Galicia, que cando o Presidente da Xunta ven aquí e fai unha proposta de área metropolitana, o que ten que dicir é que área metropolitana e con que contido quere para a cidade de Vigo.

Tampouco quero entrar en debates que só lle interesan a vostede de catorce, vinte e oito ou vinte e sete porque ademais, Sr. López-Chaves, se vostede se empeña no dos catorce concellos o único que está a ser un distorsionador con respecto ó seu presidente de partido e da Xunta é vostede. Encántanlles os recortes de prensa: "Feijóo apoia unha área de máis de catorce concellos". O día 22 de xullo dixo isto aquí, hai escasamente dous meses. Polo tanto cando vostede chama distorsionador ó Partido Socialista e ó Sr. Caballero o único que está a facer, maximo que sen se dar conta e sen o querer, é chamar distorsionador ó propio Presidente da Xunta porque si debería discutir vostede aquí se teñen que ser os catorce concellos ou deben e poden ser algún máis. Poderíanse poñer outros exemplos: ten vostede algunha explicación a que o Concello das Neves non estea na área metropolitana de Vigo? Como afortunadamente ese debate está resolto polo Presidente da Xunta que apoia unha área metropolitana de máis de catorce concellos coido que o debería aparcar vostede.

Eu comprendo que ó Partido Popular e a vostede en especial o que os ten moi

descolocados é a postura do Alcalde de Vigo, coido que ese é o problema. Creo que o Alcalde de Vigo deu un magnífico exemplo o día 2 de marzo ofrecendo a mantida ó goberno da Xunta de Galicia e creo que deu un magnífico exemplo cando o Sr. Núñez Feijóo propuxo de inmediato unha aprobación de área metropolitana para Vigo e o Alcalde de Vigo díxolle que de acordo e que faría as achegas necesarias para que se lle dea a Vigo o tratamento que merece.

Cuestión, Sr. López-Chaves, que non fixeron vostedes coa organización administrativa e territorial daqueles super-delegados. Quizais só por esa resposta que deron logo das promesas do Sr. Núñez Feijóo, como membro do Partido Popular vostede debería evitar determinados debates aquí.

Éncheselle a boca a vostede de falar da área metropolitana e demais sen falar de ningún contido en concreto pero vostedes, os membros e os alcaldes do Partido Popular, van facer o mesmo que fan na Mancomunidade de Vigo? Tampouco van ir ás Xuntas de Goberno da área metropolitana de non seren vostedes quen as controlan? Porque eu tamén quero aproveitar aquí e dicir que dado que vostedes falan de catorce concellos o precedente que hoxe temos máis inmediato da área metropolitana é a Mancomunidade de Municipios de Vigo, coñecida coma a MAIV, e nela, na que recentemente vostede tamén está, vostedes non participan, non apoian; a ausencia dos alcaldes do Partido Popular na Xunta de Goberno é continua. Polo tanto é evidente que a vostede o que lles interesa única e exclusivamente son as estruturas políticas e administrativas para facer a mesma política que fan na Deputación porque, a risco que o Alcalde me diga que non debo falar disto e que me saio do debate, si debo...

A PRESIDENCIA: Xa me adianto e xa llo digo.

SR. LÓPEZ FONT: Pois para facer na área metropolitana a mesma política que fan vostedes na Deputación, é preferible que non a fagan. Sr. López-Chaves, dado que fala de distorsionadores, o Presidente da Xunta de Galicia deulle a razón ó Partido Socialista, recoñeceu algo que lle vou ler literalmente: "A Xunta será fiel ós concellos e propiciaremos unha área metropolitana que se poida ampliar segundo a súa decisión voluntaria". Esta é a realidade, Sr. López-Chaves. Cando lle dicía anteriormente o exemplo das Neves é evidente que a área metropolitana necesita

de debate, non só no seu contido senón seguramente tamén na súa composición. Polo tanto é hoxe a vostedes a quen lles corresponde como goberno da Xunta acelerar a aprobación da área metropolitana, cousa que non fixeron en dezaseis anos de goberno de Fraga.

Como se atreve, Sr. López-Chaves de vir aquí falando dun período de catro anos cando na ordenación do territorio o goberno do Partido Popular nunca o fixo e si marxinou a Vigo? Nós, como ben anunciaba o Sr. Domínguez, facemos unha proposta en concreto sobre a súa moción que xa dixemos que era totalmente innecesaria porque xa estaba dalgún xeito votada a favor coas declaracións que fixo o Alcalde.

A súa moción ten tres apartados. O primeiro trata sobre o pronunciamento pola creación da área metropolitana que é onde cremos nós que se debe quedar a moción. Fala da súa formación con catorce concellos e é posible que logo da miña intervención vostede se dea conta que xa lle corrixa a vostede o seu Presidente da Xunta de Galicia e polo tanto estea de acordo en suprimir a parte que se refire a catorce concellos. A parte final, Sr. López Chaves, semella de felicitacións ó ouvinte da radio. Non traia a este Pleno este “autobombo” e felicitación ó goberno da Xunta porque entón o lóxico, antes de felicitar ó goberno da Xunta por algo que non fixo, vostede como concelleiro deste Concello deberíanos estar felicitando a este goberno por todo o que fixemos en dous anos, por ter dous orzamentos, por converter a todos os cidadáns de Vigo en cidadáns de primeira, cousa que vostedes fixeron ó contrario, e dende logo teríanos que traer a Pleno unha felicitación moi especial polos cincuenta e dous millóns de investimento do Plan ZP nesta cidade.

Estes son os motivos que me levan pensar que a vostede pouco lle interesa a aprobación da área metropolitana e quen posiblemente se estea “curando en saúde” é o seu goberno por se non trae unha proposta de área metropolitana ou por se a proposta non se axusta ás necesidades de Vigo.

Sr. López-Chaves, por moita risa que lle produza, como concelleiros do Grupo Popular teñen a obriga de defender a esta cidade e vostede dedicáronse durante dous anos sinxelamente a facer campaña electoral para chegar ó 1 de marzo. Agora semella que algúns de vostedes están nunha campaña persoal contra outros compañeiros do seu partido para as vindeiras eleccións municipais.

A PRESIDENCIA: Sr. López Font, non siga por aí, xa llo dixen antes.

SR. LÓPEZ FONT: A vostedes correspóndelles defender a esta cidade e en troques desta moción, que como ben dicía o Sr. Domínguez non ten ningún contido, correspóndelles esixir da Xunta de Galicia que teña o tratamento coa cidade de Vigo e coa a súa área metropolitana que se merece e aprobar xa unha proposta de área metropolitana que se axuste, tal como se dicía cando o Sr. Núñez Feijóo a presentou.

Era moi habitual entre os que se sentan hoxe con vostede, co anterior goberno do Sr. Touriño aquela frase de: “Esixir inmediatamente...”, “Esixir rapidamente...” Iso é o que vostede ten que facer co Sr. Núñez Feijóo e coa área metropolitana de Vigo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. López Font, o que non existe no PP son reunións clandestinas de enfrontamentos dentro do Partido Socialista. Vostedes si que teñen un problema. Non queira transmitir fóra o que non hai.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, deixe xa esa liña tamén, por favor.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Ben, gracias Presidente. O Sr. Domínguez que era polo que vemos ata o mes de maio de 2011 vai ser a voz do Sr. Caballero, vai facer o que lle diga o Sr. Caballero. “O Bloque rexeita a área metropolitana de vinteito concellos que defende Caballero”. E agora lle dá o mesmo: catorce, vinteito, quince, doce..., o que sexa. Rexeitábaa e, agora non? Moito cambiou. O 4 de setembro de 2007 é a entrega ó Sr. Caballero ata o mes de maio de 2011. Dicía unha cousa nun momento e agora cambia e di outra totalmente. Non lle importa nin vinteito, nin quince, nin doce, nin trece..., o que diga o Sr. Caballero. Por iso admite vostede que defendían e ben que o defenderon, cando viu o tema do consorcio, e ben que veu a iniciativa dos vinteito, os catorce e iso mesmo o dicían no Parlamento e agora resulta que aquí se entregan ó Sr. Caballero. Ben, quedalle ata maio de 2011 para dicir o que queira o Sr. Caballero.

Tamén é bo algunha vez ler os textos. Aquí están os textos legislativos que se presentaron no Parlamento de Galicia, PP gobernando e PP na oposición. Busque as diferencias, hai moi pequenas. Eu coñézoas, vostede non. Busque tamén a

iniciativa lexislativa popular que vostede asinou e verá como se parece a iniciativa do Partido Popular á proposición de lei, véxaaa. Pero é o curioso, velo asinar en Vigo e votar en contra da área metropolitana en Santiago. Porque vostede formou parte dun goberno da Xunta que boicoteou o proxecto de lei da área metropolitana. Vostede formaba parte dese goberno da Xunta e votaron en contra da lei da área metropolitana.

Sobre a Deputación volvo insistir en que algúns como o Sr. Caballero crearon conflito para evitar a tramitación pero vostedes o crearon coa Deputación. Emendas do Bloque ó proxecto de Lei de área metropolitana no ano 2005: para nada se refiren ás competencias da Deputación, para nada. Sabe o único que din da Deputación? Que nun consello de coordinación desaparezan os tres membros da Deputación. Non di nada da Deputación. O invento do conflito da área coa Deputación foi despois. Nas emendas que presentaron, por certo trece nada máis, o resto parecíalles ben, non había ningunha referencia á Deputación, nunca lles pareceu que houbera problema entre a área e a Deputación. Aquí están as súas emendas asinadas por Xosé Manuel Beiras Torrado.

Sobre o financiamento que lles parece agora tan mal, a ver como se financia. Do proxecto do Partido Popular non presentaron nin unha emenda ó sistema de financiamento. Estaban de acordo co proxecto do Partido Popular. Non hai nin unha soa emenda do Bloque ó financiamento da área metropolitana, nin unha. Por iso, se agora cambia de criterio, dígame cal é o tipo de financiamento. Hai uns meses estaba de acordo. Busque o que vostede asinou. Aí está o sistema de financiamento coa presidenta da Federación de Veciños, pero hai catro anos nin unha obxección ó sistema de financiamento.

O que queremos saber é se o Bloque agora está en contra da área metropolitana, se o Bloque se alía co Sr. Alcalde para que xa non haxa catorce, dezaioito, vinte, por que agora cambiou de criterio.

Os gastos que vostede dicía do Partido Popular, home, mellor vexa vostede o que tamén fixo, pero sobre todo, mire, que o que se desprende é, primeiro, a entrega completa ó Sr. Caballero. O Bloque está entregado ó que diga o Sr. Caballero, cambia en dous anos de criterio. Segundo, só buscou escusas para non apoiar a área metropolitana: Deputación, cando hai uns anos non lle importaba para nada, e financiamento cando estaba de acordo co Partido Popular.

Se non queren a área dígano. Sei que existe o centralismo periférico que ó Bloque lle gusta practicar, o centralismo periférico, que Vigo non mande, que se mande dende Santiago; iso é o centralismo periférico que o Bloque defendeu e por iso vetaron e votaron en contra das iniciativas do Partido Popular.

Quen vetou e votou en contra foi PSOE e Bloque e, Sr. López Font, todas as iniciativas legislativas sobre a área metropolitana en Galicia son do Partido Popular, o PSOE nunca presentou ningunha e vostede di que agora me preocupo, preocupeime. Pero velaquí outro deputado que estivo catro anos na oposición que era o Sr. Alcalde e non presentou nin unha iniciativa sobre a área metropolitana de Vigo, nin unha e xa podía pedilas porque a Lei do 97 xa admitía a regulación. Vostede di dezaseis anos, non, conte a partir do 97 onde se regula a figura das áreas metropolitanas, non diga que son dezaseis anos, podía falar dende o principio dos tempos, non, dende o ano 97. E no ano 99 e neses anos cando había aquí outro deputado do Partido Socialista que agora é Alcalde, non presentou nin unha soa iniciativa no Parlamento de Galicia relativa á area metropolitana para impulsala, nin unha e xa o podía facer.

Sempre apoiamos e defendemos a área metropolitana e, que di? “É que o presidente di que se inicia... pódese ampliar...” É que xa o di a Lei, insisto, lean os proxectos de lei, artigo 2 do proxecto de lei que presentou o Partido Popular, falaba da posibilidade de ampliación da área metropolitana, artigo 2 da proposición de lei que presentou o Partido Popular, tamén falaba de ampliación e a iniciativa que se legislativa popular tamén. É que o que di o Presidente da Xunta está nos textos legislativos que vostedes votaron en contra, votaron en contra. Vostede dixo agora que se amplíe de acordo coa vontade dos concellos; iso contéplase na lei e dio expresamente, non facía falta que o dixera, pero o di expresamente. Vostede non leu nin o proxecto de lei, nin a proposición, nin nada, nin veu todo o que existiu ó redor desta iniciativa.

Sobre o tema da mancomunidade, mire, os alcaldes o que piden é respecto. Un alcalde de calquera concello pequeno é de igual nivel, igual categoría, igual representatividade que o alcalde da maior cidade; non hai categorías de alcaldes e vostedes non tratan ós alcaldes como alcaldes, os “ningunean” e iso non pode ser, son alcaldes como o Alcalde de Vigo ou calquera outro alcalde. E mire, falando da Mancomunidade, levo un mes e medio agardando por unha contestación a unha

pregunta. Onde está a xerente? Eu sei que vostede ó mellor ten algún problema alí, pero eu dende logo lle digo que hai un mes e algo que presentei unha pregunta. Como funcionará a Mancomunidade que tarda case dous meses en contestar a unha pregunta? Por que? Ían contestala por escrito.

Polo que vemos PSOE e Bloque non van querer área metropolitana e, Sr. López Font, explique as operacións do PSOE para que non haxa área metropolitana de Vigo e se atrase.

Pregunta no Parlamento de Galicia, data 14 de xullo de 2009, iniciativa asinada pola secretaria de organización do PSOE de Galicia, Mar Barcón, e di: “Cales son (e iso que o saiba a prensa) os verdadeiros motivos polos que o goberno galego se nega impulsar a área metropolitana da Coruña conxuntamente coa de Vigo?” Están iniciando unha campaña pedindo que se paralice a de Vigo para que se tramiten conxuntamente. Mar Barcón, secretaria de organización do PSOE de Galicia. E vostede, Sr. Alcalde, sabíao. Vostede, Sr. Alcalde, sabe o que está pasando, que trámites se teñen organizado para a constitución da área metropolitana de Vigo que non se teñen realizado na Coruña.

Xa vexo que esas distorsións e reunións clandestinas teñen as súas consecuencias. En Santiago din unha cousa e aquí en Vigo deben estar enfrontados ou non se decatan do que pasa. A secretaria de organización do Partido Socialista pide que a área de Vigo se paralice ata que se tramite a área da Coruña da que non se fixo nada. Esa operación existía e aquí seguen con ela malia estaren na oposición, o que non vai pasar porque hai un goberno que non vai admitir iso, non hai un goberno que o vaia admitir. Pero vostedes aquí din unha cousa e en Santiago e na Coruña, que parece que non teñen moi boa relación, fórmulanlles preguntas e iniciativas no Parlamento nas que preguntan por que Vigo vai antes que a Coruña. Evidentemente porque xa existiron varios proxectos e proposicións de lei, porque existe consenso, porque existe traballo, porque dende o ano 91 hai moitos traballos. E agora din cales son as razóns dende o Partido Socialista e ímolo ver, isto que din en Santiago, vano votar agora en Vigo?

Non queren a área. O obxectivo é centralismo periférico. Non queren a área, catro anos por acordo atrasárona e agora intentan, que non o van conseguir porque o Presidente, Alberto Núñez Feijóo, vaina tramitar, van intentar e non o van conseguir volver atrasar a área. Se quere lle paso unha copia desta pregunta na que a

secretaría de organización do PSOE está dicindo por que non agarda a Xunta á Coruña para poderen tramitar a área de Vigo.

Polo tanto, Sr. López Font, van votar en contra desta iniciativa? Será a súa responsabilidade. Tampouco será nada novo. Sempre votaron en contra da área metropolitana cada vez que se debateu, agás aquela iniciativa que estaban de acordo hai cinco anos. Nos catro anos de bipartito todas as iniciativas a favor da área que tiñan intención de tramitar votaron en contra. Se votan en contra seguen sinxelamente co que fixeron no bipartito durante eses catro anos.

A PRESIDENCIA: Gracias. Só darlle unha información para engadir á que vostede nos dá aquí. Con posterioridade a esa declaración da Sra. Mar Barcón, o secretario xeral do PSdeG-PSOE, Sr. Vázquez, estivo neste Concello, nesta cidade e amosou publicamente o seu apoio a unha lei singular para a área metropolitana de Vigo. Está na prensa.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. López-Chaves, hai uns minutos tocábame a mi presidir daquela e vostede enfadárase todo porque dicía que era unha falta de respecto total poñer en boca dun concelleiro (referíase a vostede mesmo) palabras que el non dixo. Vostede non é que estea poñendo palabras na miña boca que eu non dixen, está manipulando; unha vez máis está manipulando.

Acaba de repetir agora "...e van votar en contra". Está sendo un auténtico manipulador porque lle acabo de ler a emenda que o BNG e o Partido Socialista queren poñer á súa moción e repítoa: "O Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio á creación da área metropolitana". O BNG nunca vai votar en contra da creación da área metropolitana. Digo isto ben claro e alto. Se porque vostedes en aras de non quererem chegar a un consenso neste Pleno non aceptan esta emenda, son vostedes, o Partido Popular, quen non quere a área metropolitana, quen non quere que se chegue a un consenso. Non se pode pretender que as cousas só se poidan facer coma unha parte quere, iso non é traballar polo consenso.

Polo tanto repítole unha vez máis que deixe de manipular. O BNG quere a área metropolitana de Vigo e demostrouno no ano 1999 cando puxo en marcha todos os traballos, cousa que ata aquel momento non fixera ninguén do Partido Popular. O BNG nunca vai votar en contra da área metropolitana de Vigo. Agora, iso si, votará

en contra de modelos que non responden ó que nós pensamos que é positivo para vertebrar o noso país e a área metropolitana.

Faime moita gracia cando di que agora son eu a voz do Alcalde, Sr. Caballero. Aínda que vostede non estaba, dende o seu grupo comezaron esta lexislatura dicindo que aquí había dous alcaldes, que isto era unha bicefalia e que aquí non se sabía moi ben quen era o Alcalde, se o Sr. Caballero ou o Sr. Domínguez Olveira. Aí están as hemerotecas. Eu díxeno e sigo dicindo por activa e por pasiva que eu non quero ser alcalde nesta lexislatura porque a cidadanía decidiu e eu e o BNG respectaremos sempre o que di a cidadanía. Cando iso quedou claro entón dicían que era o Sr. Caballero quen se pregaba a todo o que o Bloque Nacionalista dixera. Mesmo nesta Corporación o seu compañeiro, Sr. Figueroa, dixo textualmente: “Sr. Caballero, vostede é un refén do Sr. Domínguez Olveira e quen manda é o Sr. Domínguez Olveira”. Agora resulta que a cousa cambiou. Agora xa temos un alcalde e resulta que o Sr. Domínguez Olveira é a voz do Sr. Alcalde e prégase a el. Pois nada máis lonxe da realidade que iso que está a dicir.

Somos un goberno, estamos traballando unidos e conxuntamente por esta cidade, traballaremos tamén coma goberno municipal unidos conxuntamente porque Vigo teña esa área metropolitana, diso non lle caiba a menor dúbida.

Vostede manipula porque eu nunca dixen na miña intervención que estivera de acordo coa área metropolitana dos vinteoito concellos, xamais dixen iso, Sr. López-Chaves, non manipule. Dixen claramente, como dixemos daquela e seguiremos dicindo sempre, que o debate non se debe centrar no número senón na capacidade xurídica e no modelo de área metropolitana.

Cando se fixo a proposta dos vinteoito concellos dixemos que non estabamos de acordo con esa proposta de área metropolitana, pero dixemos iso precisamente polo mesmo que estamos a dicir agora, porque daquela tampouco había unha proposta clara por parte do Partido Socialista, non aquí, senón en Santiago efectivamente e así o dixemos, que non había unha proposta clara de que modelo de área metropolitana quería aplicar o Sr. Méndez Romeu e que nós xamais estaríamos de acordo cun consorcio de servizos. Por iso negámonos e non acadamos ese acordo.

A diferenza entre vostedes e o BNG está en que o BNG é quen de se sentar e de negociar porque temos flexibilidade política e non impoñemos. O BNG é quen de

dicir que se empece cos traballos xa iniciados, que se aproveiten eses traballos, que se traballe no modelo de área metropolitana clara e realmente e que logo, cando teñamos claro ese modelo, poderemos falar de se son catorce, dezaseis ou os que sexan.

O BNG quere chegar a consensos e por iso non pon o acento no número de concellos, senón que o pon no que é o máis importante: a ordenación desa área metropolitana. Os que non queren chegar a consensos son vostedes. Xa sabemos como gobernou o Partido Popular dezaseis anos con maioría absoluta e por desgraza xa estamos vendo agora como segue a gobernar o Partido Popular: absolutamente ás costas da cidadanía e sinxelamente para tentar que o seu mandato non sexa para servir ós cidadáns, senón para aplicar única e exclusivamente a súa ideoloxía política.

O Partido Popular é o mesmo, Sr. López-Chaves, en Vigo e en Santiago pero tamén en Madrid. Xa sabemos o que a Madrid e a Valencia lle importan as áreas metropolitanas e o achegamento dos servizos ós cidadáns; o que lles importa é a privatización deses servizos.

Xa sabemos o que vostedes van facer pola área metropolitana, temos un exemplo moi claro enfronte, na nosa ría: reducir e eliminar o transporte marítimo da ría, un transporte que serve para vertebrar servizos e territorio e vostedes quéreno cargar ó igual que outras cousas.

Pero é "*vox pópuli*", non o dicimos os do BNG. Diga claramente que o Partido Popular quen non quere nestes momentos a área metropolitana e dino vostedes nalgunha roda por aí, non o van dicir publicamente. Iso é porque queren agardar ás eleccións municipais a ver se cambia a correlación de forzas porque hoxe vostedes non teñen a maioría na área metropolitana e si a temos entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista; iso é o que vostedes non din. Vostedes non queren unha área metropolitana encabezada polo BNG e polo Partido Socialista porque queren seguir caciqueando coa Deputación e unha área metropolitana forte xuridicamente e con competencias evidentemente vailles eliminar a capacidade dese caciqueo que están practicando día si e día tamén na Deputación.

Esa é a súa concepción dos entes e das administracións. Vostedes ocupan as administracións, non gobernan dende as administracións. Logo manipula querendo que a xente escoite o que ninguén de nós dixemos nunca.

Para rematar repítole unha cousa que lle dicía na anterior intervención porque non foi quen de dicir nin unha soa palabra: explique que quere facer o Partido Popular coa Deputación unha vez creada a área metropolitana. Explique se están ou non de acordo con dobrar dúas administracións, dous orzamentos; se están de acordo con que ós veciños e veciñas da área metropolitana lle saia máis cara por non querer ceder vostedes das súas competencias da Deputación.

Non manipulen. O Bloque Nacionalista Galego votará sempre a favor da área metropolitana de Vigo e este goberno tamén. Repito que se queren vostedes que deste Pleno saia un acordo unánime e consensuado téñeno fácil, acepten esta emenda que lles repito que é o que o goberno quere que se vote: “Que o Pleno do Concello de Vigo manifesta o seu apoio á creación da área metropolitana de Vigo”. Todo o que sexa dicir que o BNG ou que este goberno non está a favor da área metropolitana é manipular; así de claro.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Respecto da iniciativa do Parlamento, Sr. Alcalde, está rexistrada, está presentada e está pendente de tramitación; non se retirou. Está no Parlamento de Galicia esta actuación do PSOE, de Mar Barcón, secretaria xeral de Organización do Partido Socialista, dicindo que por que non se atrasa a área de Vigo ata que empecen os traballos da área da Coruña. Está rexistrada e pasarémola á prensa para que a vexan, está rexistrada e pódese tramitar. Ó mellor dentro duns días retíranla pero agora está rexistrada e pendente de tramitación, pode ir o xoves á comisión primeira desta semana do Parlamento de Galicia. Pode ir, é posible porque ten todas as autorizacións para iso.

Volvo insistir. Van votar en contra da moción da área metropolitana e dime o Sr. Domínguez: “Nunca imos votar en contra da área metropolitana”. Fixérono no mes de marzo de 2006. Volvo insistir, este proxecto de lei practicamente idéntico ó que votaran un ano antes por razóns políticas votaron en contra. Porque unha cousa é que sabían que este proxecto ía saír adiante porque gobernaba o Partido Popular e por tanto non se ían opoñer, pero cando o seu voto foi decisivo, cando do PSOE e do Bloque dependía si área-non área, o Bloque votou en contra e vostede estaba nese goberno da Xunta; vostede estaba nese goberno da Xunta que votou en contra da área metropolitana de Vigo. Cando o voto de seu é decisivo votan en contra da área metropolitana de Vigo. Non, este modelo é o mesmo que se

presentou hai dous anos. Por certo, este modelo tiña algunha das súas emendas. Porque nin sequera o leu, verdade? Non ten nin idea. Vale, se non ten nin idea mellor non falemos.

Nunca vai votar en contra da área metropolitana. Coido que a frase é do Conde de Romanones: “Non faremos nunca xamais, por agora”. Vostede di que nunca votarán en contra da área metropolitana e xa votaron. Non fai falla que diga nunca, xa o fixeron, será nunca a partir de agora. Van votar outra vez en contra da área metropolitana de Vigo.

Sr. Domínguez, nós non somos a voz do Sr. Caballero, vostede si. Volvo insistir, o que dixó: “O Bloque rexeita a área metropolitana de vinte e oito concellos que defende Caballero” e leo, porque non rematei todo de ler, a ver que dicía: “Domínguez reclama a urxente aprobación dun anteproxecto de catorce municipios pero con competencia da Deputación”. Isto era a novidade para non votar a favor. E segue: “Unha vez o Bloque aclarou que o obxectivo que persegue é a aprobación urxente da área metropolitana de catorce concellos”. Agora lle dá o mesmo catorce que quince, que vinte e oito, que trinta e seis, ó final vostede...

Si fixo a foto antes das eleccións, fíxose a foto dicindo que apoiaba a área de catorce municipios; que se pode ampliar? E certo, dixérono todos, pero falaba de catorce municipios e agora non quere nin catorce, nin quince, dálle o mesmo. Insisto, é vostede a voz do Sr. Caballero.

Mire, é certo que hai tempo que dicíamos que había dous gobernos, pero dende a perda do goberno, non dende as eleccións porque sempre vostedes perderon todas as eleccións en Galicia, sempre, sempre perderon as eleccións en Galicia, nese momento había dous opcións: ou romper ou someterse á vontade do outro partido que gobernaba. Vostedes optaron por esta segunda posibilidade. Nalgúns sitios romperon, nalgúns sitios diferencias e noutros entregáronse ó que decidira o Partido Socialista que é o que pasa agora en Vigo.

Vostede di que o Partido Popular ocupa. Non, o Partido Popular goberna porque gana as eleccións, outros gobernan sen ganar as eleccións, por acordos en Plenos, en corporacións, no Pleno do Parlamento. Iso chámase gobernar sen chegaren ó goberno ganando as eleccións. Vostede está aquí... E mire, niso dos concellos, tamén se ganaron. A vostedes gústalles gobernar sen ganar pero, claro, iso calquera neno entende... Oia, se perden como gobernan... Iso é trampa.

En canto á Deputación. A Deputación da Coruña en cambio non é problema? Como alí gobernan, como alí os acordos que existen... Chega o Sr. Méndez Romeu e di: "Non, a aprobación da área da Coruña, no seu momento, non afectará á Deputación". O bipartito, do que vostede formou parte, dicía que non afectaba á Deputación da Coruña. Por que? Por que gobernan? Por que aí poden vostedes facer o caciquismo que fixeron na Xunta durante catro anos? Se quere lle falo do caciquismo da Xunta catro anos, sabe vostede que o coñezo moi ben malia as dificultades que algúns puxeron para que o coñecera, pero vostede sabe moi ben o caciquismo e os tratos de favor a empresas determinadas. Por que? En Vigo pode máis a Deputación e na Coruña non porque gobernan vostedes co Partido Socialista?

Miren, a conclusión: Primeiro, o Bloque cambiou totalmente de criterio e está entregado ó señor Caballero. Segundo, van volver votar en contra da área metropolitana. Fixérono hai tres anos, fixérono en reiteradas ocasións no Parlamento onde lles esixíamos que tramitasen a área metropolitana cando pasaran dous anos, non tres meses, dous anos de goberno e non fixeran nada. Presénteme un papel do que fixo o bipartito en catro anos, presénteme un papel do que fixo o bipartito pola área metropolitana en catro anos e vostedes piden agora en tres meses. Vai seguir a área metropolitana pero malia vostedes e expliquen o que sucede no Parlamento de Galicia pola secretaria de Organización do PSOE.

E o PSOE e o Bloque van, como no Parlamento hai tres anos, votar en contra da área metropolitana de Vigo. Insisto, hai cinco anos isto mesmo que estamos votando, votaron a favor neste Pleno, votaron a favor no Parlamento e agora, cando ven coma está a situación, votan en contra. Van votar en contra da área metropolitana. Pois sairá adiante, xa non gobernan, a área metropolitana sairá adiante porque non van facer máis operacións para atrasar a tramitación, nin van facer máis operacións para crear conflitos nese tema, que o intentarán, estano a facer no Parlamento entre A Coruña e Vigo, intentarano, seguro que o intentan pero a área metropolitana sairá cara adiante malia a oposición que van facer.

Só lles pido unha cousa: por unha vez que imos poder conseguir sacar adiante, á parte do 2005, a área, non entorpezan a área, de verdade, non entorpezan a área, por favor, é moi importante para Vigo, non entorpezan a área, súmense ó acordo que a lei contempla a ampliación a máis concellos. Por que non votan a favor? Por

favor, non entorpezan a área. Vigo leva loitando por isto moitos anos, como loitou por outras cousas, necesita a área e PSOE e Bloque non a queren. Vigo loita por moitas cousas como o camiño portugués pola costa que ben nos custou. Busquen vostedes o consenso. Non sigan sendo os do non. A área é importante para Vigo. Non busquen conflitos. Por favor, apoien a área metropolitana, non creen conflitos e non volvan votar outra vez en contra da área metropolitana.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. López-Chaves. De todos modos gustaríanos unha manifestación explícita de se acepta a emenda que lle propoñen os Grupos socialista e do BNG. O Sr. López-Chaves manifesta que non acepta e vótase polo tanto o texto na súa versión orixinal por non aceptación da emenda.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando o apoio da Corporación á creación da área metropolitana de catorce municipios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (163).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A LIBRE ELECCIÓN DE LINGUA OFICIAL. DOC. 90106004.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106004, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro,

formula a seguinte moción:

“O artigo 3º da nosa Constitución de 1978 afirma que:

1. O Castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala.
2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galicia sinala no seu artigo 5:

- A lingua propia de Galicia é o galego.
- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito dos coñecer e dos usar.
- Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
- Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Castelán e galego son, pois, as dúas linguas oficiais en Galicia, o que esixe que o Concello de Vigo deba garantir o cumprimento desas disposicións legais e respectar a libre elección da lingua na que queiran comunicarse os que se dirixan ao Concello, así como tamén a liberdade de elección da lingua na que decidan recibir as comunicacións do Concello de Vigo.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno para que tome o seguinte acordo:

O Concello de Vigo adoptará as medidas que sexan necesarias para garantir:

1º.- A libre elección de lingua oficial por parte das persoas que se dirixan ao Concello de Vigo, na comunicación oral e escrita. Para iso establecerá modelos de todos os impresos e solicitudes nas dúas linguas oficiais que serán accesibles a todos os cidadáns, xa sexa en papel ou en calquera medio telemático, informático ou calquera outro do que o Concello dispoña agora ou no futuro.

2º.- A libre elección da lingua oficial nas comunicacións, escritos e calquera tipo de documentación que o Concello dirixa a calquera tipo de persoa de acordo coa vontade que esas persoas manifesten. A falta de manifestación expresa da lingua de elección, as comunicacións, escritos e calquera tipo de documentación serán bilingüe.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión que tivo lugar o día 20 de xullo de 2009, tomou coñecemento da anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Gracias, Presidente, antes de nada facer unha aclaración. Na moción fala do artigo 3 do Estatuto de Autonomía e é o artigo 5, o 3 é da Constitución.

Feita a aclaración hai que dicir que agora presentamos unha moción na que pedimos ó goberno municipal a adopción de medidas que garantan a liberdade lingüística. Liberdade lingüística recollida nunha moción aprobada hai un mes, no mes de xullo, no anterior Pleno municipal por todos os grupos municipais por unanimidade.

Que se quere con esta moción? Vou ser moi conciso: garantir que calquera vigués ou viguesa poida ter en galego ou en castelán calquera formulario oficial que queira presentar no Concello. Pídese que se garanta ese dereito. Que o ten que presentar en galego? Que estea o documento e formulario en galego. Que o quere presentar en castelán? Que estea o documento e o formulario en castelán, xa o solicite persoalmente, xa o obteña por internet ou por calquera outro medio telemático.

Tamén pedimos que se garanta esa liberdade lingüística que xa aparece na moción do mes de xullo e que calquera escrito, documento que se remite polo Concello a calquera vigués ou viguesa se garanta que estea na lingua que eles elixiran e de non optar por unha lingua, estean en documentos bilingües.

Nada máis e moitas gracias.

SRA. VELOSO RÍOS: Con respecto a esta moción, estase a pedir que se garantan os dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo e nese sentido quero referirme á Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. O artigo 7 di: 1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito no nome das Corporación locais redactaranse en lingua galega. 2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, tales entidades poden facelo ademais na outra lingua oficial, o castelán. 3. A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na administración local, especialmente a

través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega.

O Concello de Vigo actualmente está cumprindo escrupulosa e rigorosamente coa legalidade vixente, con esta lei de administracións locais de Galicia aprobada en 1997 en materia lingüística.

No informe do Valedor do Cidadán puidemos observar que non hai nin unha soa queixa de ningún cidadán ou cidadá desta cidade con respecto a este tema. A ningunha persoa que se dirixa a este Concello, tanto por escrito coma oralmente, obrígaselle a utilizar lingua ningunha que non sexa algunha das oficiais neste Concello e neste país. Vostede mesmo utiliza o castelán sistematicamente neste Pleno, igual que algúns outros concelleiros e concelleiras, e nunca se lle retirou a palabra por facelo en castelán, só faltaría.

Fai referencia a que se aprobou por unanimidade unha moción o mes pasado na que se recolle a liberdade lingüística. Efectivamente, na moción do pasado mes de xullo aprobouse “Instar ó Goberno galego a garantir a igual competencia nas dúas linguas oficiais ó rematar o ensino obrigatorio”. Cando falamos de liberdade lingüística o que pasa e que falamos de cousas distintas. No BNG sempre defendemos o coñecemento como garante da liberdade lingüística e voulle poñer un exemplo para que vexa que entendemos nós por liberdade lingüística.

O pasado 29 de agosto casei a unha parella no Pazo de Castrelos, no Museo Quiñones de León deste Concello, que me solicitou que os casara en castelán porque unha boa parte das persoas convidadas viñan de fóra de Galicia e preferían que a voda fose en castelán. Por suposto non me neguei e a voda foi en castelán. Cando eu casei nos xulgados de Vigo solicitei que a miña voda fose en galego e contestóuseme que non porque non había ningún xuíz nin xuíza de familia nesta cidade que puidese facer a miña voda en galego. Na miña voda limitáronse ler os artigos correspondentes do Código Civil porque non se podía facer en galego. Esa é a diferenza entre o que vostedes entenden por liberdade lingüística e o que entendemos nós. Hai unha diferenza importante.

Xa que logo, vostedes ante un problema que non existe como moi ben se pode entender dos diferentes informes do Valedor do Cidadán, propoñen nin máis nin menos que ter todos os escritos do Concello en galego, en castelán e en bilingüe e iso que no mes de xullo coincidíamos todas as forzas políticas presentes neste

Pleno en que calquera persoa no noso país ten que ter competencia nas dúas linguas oficiais, polo tanto un problema de comunicación non vai ser.

A legalidade está totalmente cumprida neste Concello porque nós respectamos escrupulosamente a legalidade da que se dotou Galicia tamén durante os dezaseis anos de goberno do Partido Popular, respectamos escrupulosamente as leis que vostedes elaboraron e que se aprobaron por unanimidade no Parlamento de Galicia. Se non é un problema de comunicación, se a liberdade está garantida, se o propio Alcalde tamén reafirmou esta realidade, neste Concello calquera pode expresarse na lingua oficial que desexa, se non hai un problema de competencia e de comunicación, por que piden isto? Logo dos documentos escritos que vai ser o seguinte que pidan? Funcionarios que falen en castelán e outros que falen en galego convenientemente identificados, máis intérpretes para poder ter tradución simultánea que facilite a comunicación bilingüe; mellor aínda, por que nos pedimos tres Concellos? Un no que se fale e se escriba en galego, outro en castelán e outro que sexa bilingüe. Ademais que a cidadanía se decida, que digan en que queren que se lles fale, galego ou castelán. A cidadanía ten que se definir.

E son vostedes os que nos acusan a nós de facer ideoloxía coa lingua, os que esixen á xente que se decante porque para vostedes si que é unha opción política escoller unha ou outra lingua.

Non entendemos que a cidadanía teña que elixir en que lingua temos que nos dirixir a eles. Hai unha lexislación que estamos a cumprir e dirixímonos na lingua que está recollida na Lei. Nós non pretendemos apropiarnos da lingua, pedímoslle a vostedes que se apropien da lingua, xa llo dixemos nun Pleno anterior, aprópiense da lingua porque son vostedes quen queren que os cidadáns se decidan e que pidan unha lingua na que se dirixan a eles as administracións, son vostedes quen din que falarlles galego ós nenos pequenos é ideoloxizalos, nin máis nin menos.

Pois eu dígolle que á xente dálle igual, non é isto o que lle preocupa, xa lle digo que non hai ningunha queixa. Son vostedes quen están a inventar un conflito que non existe e non só o digo eu, non só o di o Alcalde do Concello de Vigo; onte o dixo alto e claro o presidente da Real Academia Galega en presenza do presidente Núñez Feijóo. Están a crear un conflito que non existe.

Agora mesmo teñen enfadado a todo o mundo; a unha parte da poboación polos ataques ó galego, á outra parte porque non cumpren coas súas promesas

electorais, cousa que é certa, e teñen enfadado ó resto por crispar e poñer en tensión sen necesidade. FOAMPAS fixo unha enquisa entre pais e nais e resulta que o 71% das familias recoñece sentirse molesta pola realización da enquisa en relación ó idioma no que queren que estuden os seus fillos. Agora mesmo e cun conflito que non existe teñen enfadado a todo o mundo.

Todos os meses imos ter que aguantar este conflito artificial, van presentando moción tras moción e xustamente é o Sr. López-Chaves quen as presenta cando sabe perfectamente como funciona o Concello e o seu Servizo de Normalización Lingüística porque foi concelleiro de Normalización Lingüística durante o mandato da Sra. Porro e quero lembrarlle cousas que vostede dicía nesa época.

“O plano xeral de normalización lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento o 22 de setembro do pasado ano, recolle na área de administración local o papel sobranceiro que teñen as administracións locais no proceso de recuperación da lingua galega”. Engade que estas han seguir sendo eixos fundamentais da dinamización e extensión da nosa lingua. Sinala así mesmo que “...A situación actual non é moi optimista respecto ó uso da lingua principalmente entre a mocidade e a infancia e destaca como algún outro factor a ter en conta a preocupante creba da transmisión familiar da lingua galega”.

“A mocidade, coñecedora das destrezas da fala escrita, das habilidades de lectura, non usa o galego en contextos como o noso. Un dos factores para declinar neste uso é non teren espazos cotiáns para elas e eles nos que a presenza do galego sexa xeral e determinante. Así mesmo hoxe as cativas non contan con estímulos para se desenvolveren en lingua galega de xeito cotián. Un dos obxectivos xerais do citado plan é conseguir para a lingua galega máis funcións e máis espazos de uso, dando prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos. Non nos cabe dúbida ningunha que son as cativas e cativos, as mozas e mozos, un sector estratéxico para a recuperación da lingua galega.”

Isto está asinado o 13 de abril de 2005 por don Ignacio López-Chaves, concelleiro de Normalización Lingüística.

Máis cousas: “A realidade socio-lingüística galega presenta uns trazos comúns que se poden resumir na creba da transmisión interxeracional, os netos non falan a mesma lingua dos seus avós, que se transloce no escaso, case nulo uso da lingua galega pola mocidade e poboación infantil, acentuado nos contextos vilegos e

urbanos, no que Vigo leva a nota máis alta nunha posible cualificación. A pervivencia de prexuízos respecto de lingua que non coñece treitos de idade, a escasa presenza do galego en contextos formais, eido socio-laboral e comercial por exemplo, a “*ritualización*” do uso do galego por exemplo na administración. Compre, pois, unha estratexia de actuación que permitan a muda desta situación para garantirmos espazos, competencias, quero dicir para lle ofrecer un futuro á lingua”.

Asinado o 2 de agosto de 2005 polo concelleiro de Normalización Lingüística, don Ignacio López-Chaves.

“O 15 de setembro do ano 2006 incorporáronse tres persoas a través do plan Labora da Xunta para levar a cabo o proxecto de elaboración dun manual de estilo para uso dos funcionarios e funcionarias do Concello de Vigo. O equipo de traballo está formado por unha filóloga, unha publicista e un deseñador gráfico. Este proxecto concrétase no proceso completo de elaboración do manual que levará por título “Guía para a redacción de documentos”. A edición desta guía, en principio destinada ós traballadores e traballadoras do Concello de Vigo, nace coa vontade de avanzar un paso máis no proceso de normalización da lingua galega no eido local. O seu principal obxectivo é ser de utilidade para regular as prácticas lingüísticas, fundamentalmente as escritas, das usuarias e usuarios do galego nos aspectos relacionados co uso normativo”.

Hai que aclarar que esta guía está unicamente en galego. Asinado o 5 de xuño de 2006 por don Ignacio López-Chaves.

Outro expediente: “O día 21 de decembro ten un significado especial para os galegos e para Galicia. Tal día coma ese no ano 1980 o pobo galego participou no referendo popular máis importante para nós de toda a curta democracia. Ese día Galicia dicía si ó actual Estatuto de Autonomía de Galicia. Nesta data os galegos decidimos sobre o noso, participamos na vida política máis directamente ca nunca, tomando nós as decisións que nos afectaban e non deixando que outros as tomasen por nós. Por iso pensamos necesaria a celebración e conmemoración desta data pouco recoñecida e si moi significativa no proceso histórico do noso país.

Dende o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo vemos máis aló e atopamos nesta data e neste Estatuto o primeiro chanzo para a consecución dun

status legal da lingua. Na Constitución Española de 1978 xa se recolle a oficialidade do galego en Galicia, artigo 3.2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. Pero é neste estatuto onde aparece recoñecida a nosa lingua como tal, como lingua propia dos galegos. O Estatuto supuxo pois para a nosa lingua un renacer logo do escurantismo ó que foi relegada pola ditadura. A conmemoración desta data non é só a conmemoración dun día importante para Galicia e para os galegos, senón tamén e quizais mesmo máis importante para a nosa lingua que estaba abocada ó esquecemento”.

Está asinado o 19 de decembro de 2006 por don Ignacio López-Chaves, concelleiro de Normalización Lingüística.

Aclárese, Sr. López-Chaves, porque de verdade que a nós nos ten absolutamente despistados. Vostedes lexislan, nós cumprimos a lexislación e logo nos piden que non o fagamos. Para vostede, como concelleiro de Normalización Lingüística, os cativos e cativas son un sector estratéxico pero se o facemos nós estamos *ideoloxizándoos*.

Vostede é un provocador e está utilizando un conflito que non existe para facer electoralismo. É unha mágoa que vostede estea neste Pleno e non o descubran para levalo ós programas do corazón para ter debates co Conde Lequio ou incharlle a vea a María Patiño porque realmente o vexo moito mellor alí e cobraría moito máis de Tele5 que das administracións públicas que lle pagan todos os meses.

Por favor, abandone conflitos que non existen e non monte estes circos cada mes.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Coido que a Sra. Veloso documentou amplamente a moción e unicamente quero facer algunha aclaración de que tamén o Partido Socialista participa desa visión.

Estamos de acordo con todo o expresado pola Sra. Veloso e chámamos a atención esta persecución contra o noso idioma de xeito permanente que mesmo, non sabemos por que, ten moito que ver a actuación do Sr. López-Chaves como representante do Goberno autonómico. Dáme a impresión de que trae aquí todas as inquietudes que alí se manifestan, máis que as que temos nós aquí. O Concello de Vigo non ten presentada ningunha queixa con respecto ó uso da lingua galega.

Temos unha lexislación do Concello, unha ordenanza que coido que vostedes

tratarán outra vez nun próximo Pleno, que di claramente no artigo 1.3: “Os cidadáns teñen dereito a ser atendidos e obter copia e recibir notificacións dos documentos municipais no idioma oficial da súa elección”. No Concello de Vigo non aparece ningunha dificultade para atender ós cidadáns.

O que si é preocupante é a súa actitude porque dende que vostedes optaron á Xunta de Galicia da a impresión que retrocedemos máis de vintecinco anos. O Partido Popular cando gobernou antes do bipartito, a verdade é que amosaba un respecto pola lingua galega, fora imaxe ou fora real, moito maior do que se está a ver actualmente. Estamos sorprendidos de todo o debate que se está a crear porque unha demanda dunha asociación, Galicia Bilingüe, lles trae a vostedes de cabeza, esixindo cousas que nesta Galicia non se necesitan en absoluto.

Estamos todos angustiados porque a crispación é moita e innecesaria. Temos ó presidente da Real Academia Galega censurando ó propio presidente da Xunta de Galicia pola crispación que está a crear. A Real Academia Galega ten a esperanza de que, atendendo a que vostedes puñan a don Anxo Lorenzo como director xeral de Política Lingüística, ó mellor había algunha oportunidade de que reconduciran aquilo que os levou ás eleccións pero parece que non é así porque din unha cousa e logo parece ser que se fai outra. O desencontro entre o presidente da Real Academia e o presidente de Galicia é claro e evidente.

“Barreiro está disposto a mostrar o malestar da institución que preside”, polo tanto vai ser nas súas expresións un pouco imprudente pero concretamente lles di: “O malestar da Real Academia Galega vai máis alá. Barreiro acusou ó executivo galego de xerar unha situación de desasosiego e nerviosismo cando o debate sobre o idioma parecía definitivamente resolto. “Non vemos a necesidade de que vostedes día tras día, en cada oportunidade estean coa lingua galega a voltas”. O presidente da Real Academia propón que “...Sigamos sendo rebeldes para loitar pola liberdade e pola cultura galega que sen lingua non é nada””.

O académico demandou a todos os políticos o seguinte: “...Políticos, intelectuais e pobo, a cumprir coa obriga de transmitir íntegra a nosa cultura ás próximas xeracións sen a rebaixar”, para matizar que “...Transmitir unha cultura significa transmitir unha lingua. Isto é o que lles pido ás autoridades aquí presentes”.

Coido que nós debemos pedir que deixen xa de buscar todo pretexto para ir en contra da lingua galega. Non entendemos ese afán que teñen vostedes día tras día

do facer. Á parte de que as cuñas publicitarias atrévense a facelas en castelán de forma permanente a pesar de que partan da administración.

So lles queda unha cousa máis: suprimir as subvencións a todo o que teña que ver coas traducións ó galego. Estamos recibindo agora subvencións de Islandia, de Chequia e estanas retirando o Goberno galego de cara ó resto da situación que temos en Galicia.

Pediría que por favor non creen máis problemas co galego, non hai xente que se queixe como vostedes di. O que se queixan entenden perfectamente o galego e poden falar e escribir no idioma que queiran, non hai ningún problema na administración local. Se é posible teñamos paz co idioma, non lle fai dano ningún a ninguén, cada quen é libre do usar ou non pero é algo noso, tanto a nivel de cultura como de integración neste pobo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Diríalle á xente que vexa a miña primeira intervención porque lin exclusivamente a moción e que vexa a reacción contra este concelleiro sinxelamente por presentar unha moción que ten amparo legal porque tamén o contempla a Lei de administración local de Galicia. Cando un presenta unha moción que contempla e amplía legalmente, os ataques persoais que sofre... Eu non fixen cualificacións de ninguén, non valorei actuacións, non desprecei a ninguén, non fixen ningún tipo de descualificación. Por que estas intervencións agresivas? Lean a miña intervención, só lin a moción. Algún problema existe e o conflito están a xeralo vostedes.

Por que esas intervencións agresivas? A miña intervención foron uns minutos lendo a moción. As de seu esgotaron o tempo atacando, dicindo o que non di este concelleiro e acusando de todo. Miren, de neno eu xa estaba defendendo a cultura galega por razóns familiares e aquí este, chamáronlle de todo, algúns sinxelamente por presentar unha moción. Creo que os concelleiros, sobre todo cando van ás eleccións, teñen lexitimidade democrática para a presentar e cando se vai ó ataque á persoa, ó ataque sinxelamente logo dunha intervención coma a miña que pido que a vexan para que vexan que foi unha intervención sinxelamente defendendo a moción, algún problema existe.

Píddolles que sexan moderados, que non fagan este tipo de intervencións. Por favor, abandonen os ataques ás persoas que non pensan como vostedes. Por favor, lean a

miña moción e non digan o que están a dicir.

Canto fixen como concelleiro de Normalización Lingüística, estou orgulloso diso, non se ría, volvería facelo, claro que queremos proporcionar o galego, claro que si, en liberdade, sen imposición. Claro que estou orgulloso de telo feito e volvería facelo. Fixemos moito, xa ve que vostede mesma o di. Ou estou en contra do galego ou estou a favor, é que non o entendo.

Durante os anos que fun concelleiro de Normalización fixemos moito, sen orzamento, a diferenza do que ten vostede que ten un orzamento sen posibilidade de restricións como tiñamos nós e promocionamos o galego. Fixémolo e estou orgulloso do ter feito, o galego en liberdade, sen imposición. Foi o que fixemos e o que queremos continuar nisto.

Respecto ó problema do galego, en dezaseis anos non houbo ningún problema pero chegaron vostedes ó goberno da Xunta e xerouse un conflito social enorme. Por que? Eu enténdoo, porque o PSOE deixou ó Bloque o único tema que ó Bloque lle interesa: o tema da imposición lingüística. Abandonou os consensos que existían. Sempre existiron consensos entre o PP e o PSOE neste tema, abandonouno sinxelamente para poder gobernar. Ó Bloque interésalle a imposición e o Bloque a cambio diso cedeu esa posibilidade.

A Lei 5/1997 di que tamén poden as administracións elaborala noutra lingua. Estou a dicir que en base a esa disposición legal se cumpra. Non estou dicindo aquí, lea a moción, pido que se garanta ese dereito, que se amplíen as facultades. As administracións perseguen con obxectividade os intereses xerais, di a nosa Constitución. Xa sei que a vostedes non lles gusta, que non están de acordo con ela. Cita o Estatuto de Autonomía. Xa sei que vostedes están en contra. Se ata, é curioso, unha louvanza que fago do Estatuto vostedes que estaban en contra críticanma. Claro que gabo o Estatuto de Autonomía de Galicia e non o puideren votar, senón votaría a favor.

Pero vostedes votaron en contra do Estatuto de Autonomía de Galicia e agora que gabo o Estatuto de Autonomía de Galicia nunha celebración que organiza a Federación de Veciños, por certo, a Federación de Veciños non sei se estes anos tivo algún tipo de colaboración, será do Bloque porque non sabemos que pasa co PSOE. Cando o gabo vostedes critican. Que critican?

Teñen un problema de esquizofrenia política. Cando resulta que fago promoción do

galego como concelleiro, que era a miña obriga, críticanmo. Estanme a criticar iso? Estou orgulloso diso e seguíriámolo facendo. O único que pedimos é que os formularios que están neste Concello que estean nas dúas linguas e que cada quen elixa a que queira e que cando un se dirixa ó Concello, á administración, algunha persoa que teña manifestado a súa opción, se dirixan a eles nesa lingua, pero é que o di toda a normativa, quizais a única novidade é que se non din nada que sexa bilingüe.

Pero é que o Alcalde en cuxo nome vostede fala está a facelo. Comunicacións polas obras nas distintas rúas da cidade de Vigo, algún día teríamos que falar desa carta: galego e castelán. Está a facelo, critica vostede ó Alcalde e di que si, por que non o facemos na demais documentación? Non é tan custoso, faio o Alcalde. Non pido ningunha barbaridade e por iso ve vostede e a concelleira do Partido Socialista o que dixeron de min. Estáo a facer o Alcalde, esas comunicacións nas dúas linguas. Deixen xa de buscar o enfrontamento persoal, o ataque persoal. Sinxelamente pedimos, porque non o hai, que algúns formularios estean nas dúas linguas. Digo máis, que todos os formularios tamén estean en galego porque hai formularios que están só en castelán, queremos que tamén estean en galego e esta moción tamén defende que os formularios que só se poden obter en castelán tamén o estean en galego e vostedes a iso tamén din que non. É o que pedimos.

Se vostede consulta a páxina web, hai castelán e galego, vaise vostede ó castelán e busca os formularios, ou vai a galego e busca os formularios e hai formularios que só están en castelán. Tamén queremos que estean en castelán e en galego. É tan malo iso? E queremos que estean en galego e en castelán. É tan malo iso?

Así pasou o que pasou. Coa imposición non imos a ningún lado. Coa promoción do galego que se fixo durante dezaseis anos, ata que vostedes acadaron o goberno e veuse o que querían, un proceso de inmersión lingüística, de imposición sen liberdade. Non, promoción do galego en liberdade e vostede dixo todo o que fixemos no Partido Popular para esa promoción e seguíriámolo facendo, sen imposicións.

O que nunca faría como concelleiro de Normalización Lingüística sería dicir que as mocións non se poden presentar en castelán, prohibir a utilización en castelán no rexistro de mocións por parte do Concello de Vigo. Non dicir: na administración local as mocións adaptadas na lingua galega. Non, eses son os documentos oficiais.

As mocións pódense presentar en calquera lingua. Iso si que non o faría eu.

Eu comprendo a súa desesperación, perden as eleccións, como sempre, perden o goberno, perden votos. Se ata o sábado houbo un partido da selección nacional de fútbol de España, dirán que ten que ver. Vostedes no Parlamento, a unha iniciativa do Partido Popular que pedíamos que se xestionase un partido da selección nacional de fútbol, votaron en contra PSOE e Bloque. Despois era certo que no Parlamento, cando había un partido, os deputados do PSOE vían o partido e os do Bloque non o vían pero logo preguntaban. Votaron en contra de que a selección nacional de fútbol xogase en Galicia e agora resulta que ata xoga o sábado. Comprendo a súa desesperación.

Non busquen conflitos, o que pido é nada máis que a aplicación da Lei, ampliar os dereitos dos cidadáns e que os documentos que estean só en castelán tamén estean en galego e os que estean só en galego que tamén estean en castelán. Iso é o que se pide, non busquen outras cousas, non busquen o conflito. Xa sei que algúns, cando non fan o que eles queren, entón din o que vostedes están a dicir.

Non me escoitaron nin un só reproche, nin un só insulto, nin unha soa descualificación. Non entendo esa reacción que vostedes tiveron pola presentación dunha moción que pide, entre outras cousas, que un documento só en castelán tamén poida estar en galego. Dende logo vostedes están abonados a un intento de atacar á oposición e esa non é a actitude. Pídolles que sexan moderados, que sexan tolerantes e que admitan as mocións que ademais teñen apoio legal e que o fai o propio Alcalde e que ademais coido que é un mellor servizo que prestamos ós cidadáns.

SRA. VELOSO RIOS: Imos ter que pedir co permiso do Grupo municipal popular, e xa lle adianto á Concelleira de Economía e Facenda que incluamos unha partida nos próximos orzamentos para facer cursos de ioga para os concelleiros e concelleiras do goberno e poder manter a calma e non reaccionar tan desaforadamente fronte ás mocións que presentan vostedes con tanta calma e tranquilidade.

Aclarar antes de nada que eu en ningún momento fixen ningunha descualificación persoal a unha persoa coma persoa, é dicir, eu non falo do que fai o Sr. López-Chaves na súa vida persoal, nin de cal é a súa actitude coa xente do seu contorno, nin de como educa os seus fillos, nin nada polo estilo, estou referíndome ó seu

traballo coma concelleiro única e exclusivamente, estou referíndome ó traballo que desenvolve coma concelleiro neste Pleno única e exclusivamente, igual que vostede se acaba de referir ó meu traballo coma Concelleira de Normalización Lingüística e acaba de acusarme de impoñer o galego por lembrar a Lei que di que as mocións as hai que presentar en galego e ademais, se se quere, en castelán. Por suposto que se poden presentar en castelán, pero hai unha lei que di que as mocións, e veñen as mocións explicitamente como documento recollido no punto 1 do artigo 7 da Lei 5/97, teñen que estar en galego, independentemente de que ademais se poidan presentar tamén en castelán, por suposto. O único que fago como Concelleira de Normalización Lingüística é lembrar a Lei, eu non impoño nada. Vostede estame a facer un reproche como Concelleira de Normalización Lingüística e en ningún caso o entendo coma un ataque persoal. Quen queira entender os reproches ou as críticas ó traballo dos concelleiros coma ataques persoais, sinceramente... "Quen se pica, allos come". Pero dende logo non é esa a miña intención en ningún momento.

A posición do BNG con respecto á lingua sempre foi moi clara, tamén mentres foi o Partido Popular quen lexislou a este respecto no goberno da Xunta de Galicia. Pero a estas alturas é bastante difícil saber cal é a postura do Partido Popular, iso si que é certo.

É curioso que precisamente sexa o Partido Popular quen en cada moción nos cambia de posición ás outras forzas políticas. Na moción anterior o BNG estaba completamente sometido ó Alcalde; nesta moción é o PSOE o que é refén da política lingüística do BNG. A verdade é que debemos ter uns acordos bastante interesantes para andar someténdonos uns ós outros. Quizais é que vostedes coma non teñen práctica de chegar a acordos nunca con ningunha outra forza política, non saben o que é negociar as posicións políticas e por iso falan de submisión e de seren reféns. É curioso que dependendo do que falemos cambiemos a posición de cada forza política segundo os intereses que queremos defender en cada cuestión. O caso do Partido Popular si que é rechamante con respecto á política lingüística. Tantos anos lexislando para agora criticar e pretender modificar todas as leis que vostedes non modificaron en ningún caso cando estaban gobernando, nin na Xunta, nin no Concello, nin o fan tampouco na Deputación de Pontevedra. É curioso que agora sexan vostedes quen nos pidan a nós que modifiquemos leis. Ó mesmo

tempo e por exemplo na Coruña están vostedes pedindo a cooficialidade dos topónimos (A Coruña-La Coruña), mentres que na Xunta de Galicia vostedes mesmos se contestan a vostedes mesmos que os topónimos oficiais son os galegos, segundo a Lei de normalización lingüística e que non teñen pensado modificala a ese respecto. Entón vostedes mesmos estanse contestando o contrario e logo somos nós os que temos problemas e os que non nos entendemos entre as distintas forzas políticas. Realmente agora xa non sabemos quen di cada cousa.

Por exemplo, recentemente puidemos ler un artigo que di: "É certo que o Estatuto de Autonomía de Galicia non establece o deber de coñecemento do galego tal e como fai a Constitución Española respecto do castelán e en consecuencia, con base nesta ausencia reguladora, unha Sentenza do Tribunal Constitucional declarou contrarios á Carta Magna algúns artigos da Lei de Normalización Lingüística do ano 83 que establecían o deber dos galegos de coñecer o noso idioma. Con todo o respecto para o Alto Tribunal o deber de coñecer o galego por parte dos habitantes da nosa Comunidade Autónoma ten perfecto amparo legal na nosa norma básica pero ademais é unha cuestión de sentido común. O amparo legal está implicitamente recollido no artigo 5 do Estatuto cando establece que a lingua propia de Galicia é o galego, poñendo a continuación o galego e o castelán nun plano de igualdade ó dicir: "O galego e o castelán son oficiais en Galicia. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas". Como poden os poderes públicos garantir o uso normal e oficial do galego se non se garante tamén o seu coñecemento? Velaí pois como o deber de coñecemento do galego está intrinsecamente recollido no Estatuto de Autonomía".

Quen di isto? Bieito Lobeira? Non, don Xesús Palmou o 8 de agosto de 2009. Isto non parece que concorde moito coas posturas que están defendendo aquí.

Eu recomendaríalles sinceramente que deixasen xa este conflito, que deixasen xa de montar circos porque perden a gracia e podemos empezar a facer chistes sobre vostedes en lugar de sobre esta cuestión, aínda que non estou segura de que non van ter en conta o que lles estou dicindo porque en realidade este conflito non é porque si, non é porque lles viñese o vento e lles dese por aí e non é por ningunha oposición porque non existiu ningunha oposición nin dende o BNG, nin dende o Partido Socialista.

Por outra banda lémbrolle que a Secretaría Xeral de Política Lingüística era

competencia do Partido Socialista no goberno bipartito e que nese goberno levouse cara adiante unha política lingüística determinada que estaba moi lonxe da imposición do galego por ningunha das dúas forzas políticas. Están vostedes inventando.

Realmente non hai ningún tipo de conflito, non houbo ningún tipo de imposición lingüística e vostedes están utilizando esta cuestión coma unha cortina de fume porque mentres falamos do conflito lingüístico no sistema educativo por exemplo, non estamos falando doutras cousas como é a gratuidade dos libros de texto, dos comedores escolares, do transporte escolar, da redución de profesorado en todos os niveis educativos.

Mentres nos dedicamos a pelexarnos por cuestións lingüísticas e por conflitos que non existen, que nos permiten facer toda a demagogia que nós queiramos, non estamos falando da realidade, da situación á que teñen que facer fronte as familias galegas e os centros escolares ó inicio deste curso despois de que comezase este goberno no mes de marzo e o único que fixo foi desfacer, pero facer nada.

Esa é a realidade e por iso imos votar en contra desta moción porque non é necesaria, non é real, non responde a ningunha necesidade da cidadanía. Deixen por favor xa este debate e este conflito porque non é máis ca unha cortina de fume.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sra. Veloso, os cursos de ioga pagaranos vostedes, digo eu, só faltaría que aparecera unha partida nos orzamentos, aínda que non me estrañaría nada neste goberno: "Cursos de ioga para os concelleiros do goberno municipal". Visto como é o orzamento e como se xestiona, non me estrañaría nada. Vimos partidas raras, contratos de publicidade raros, adxudicación de 180.000 euros, polo tanto non me estrañaría nada que un día aparecese un curso de ioga. Ó mellor non sei se o estarán facendo, espero que non.

"Non sei coma aguantou a miña paciencia tan obstinada e ávida imprudencia" dicía o Tarquino de Nicolás Fernández de Moratín. Dende logo vostedes din que o conflito se crea así, que naceu sen nada. Non, naceu logo de dezaseis anos de inexistencia de ningún tipo de problema, sinxelamente porque vostedes co Decreto de Educación romperon o consenso unánime que existía sobre a lingua, utilizaron a lingua coma arma política. Deixen de usar o galego coma arma política.

Ata aquel momento no ano 2007 aprobábanse todos por unanimidade. Por que non o fixeron no ano 2007? Por que mandaron un decreto ás nove da noite ou nove da mañá que ían levar ó Consello da Xunta para ver se estaba de acordo o Partido Popular? Por que fixeron iso? Por que romperon o consenso? Por razóns sinxelamente políticas e ideolóxicas. Claro que si, non dan puntada sen fío. Sinxelamente se quere lle leo os estatutos do Bloque ou dalgunha organización que está dentro do Bloque que é o que persegue para Galicia. Iso é o que están facendo cando por unha vez, sen ganar as eleccións e gobernando cun Partido Socialista que se chama “obrero español” polo que debe algún ter algún problema, pois entón gobernan.

Miren, o conflito orixinárono vostedes. O único que pedimos é que este documento que está en castelán tamén estea en galego. Non pode estar tamén en galego este documento? Non pode estar en galego este documento que se obtén da páxina web da consellería? Home, cando eu era concelleiro de Normalización fixemos cousas, non todo, pero vostede como concelleira de Normalización e este goberno parece que isto non o queren facer. Mellorar a prestación de servizos ós cidadáns non o quere facer. Por que este documento só en castelán pode estar en galego ou este que está en galego pode tamén estar en castelán? Por que? Hai algún problema? Non se poden mellorar os servizos? Antes había que vir ó Concello buscalos, agora se obteñen por internet. O seguinte paso é que os obteñan na lingua que queiran.

Volvo insistir: hai documentos que só existen en castelán e eu tamén estou a pedir que este estean en galego para que cada quen poida escribir o documento ou formulario na lingua que queira. Vostedes non.

Entón non me veñan con historias de que aquí estamos buscando o conflito. Estamos buscando a satisfacción e a atención dos servizos ós cidadáns e cidadás de Vigo, de que a administración mellore esa prestación. Que problema hai en que se establezan en todos os documentos que están en internet e que se poda acceder a través de internet en galego e en castelán? Que problema teñen o PSOE e o Bloque?

E si que ten a razón. Antes dicía que o Sr. Domínguez estaba totalmente entregado ó alcalde agás nunha cousa, sempre o dixen, agás no tema da imposición lingüística e iso si que teñen claro que para eles é un tema ideolóxico, é

fundamental ese tema da imposición. Saben que aí lla xogan como nacionalistas e leo os estatutos que buscan a autodeterminación. Xóganlla e por iso utilizan a lingua coma instrumento ideolóxico e eu digo que o galego non o utilicen así.

Volvo insistir, teñen vostedes documentos que poden estar nas dúas linguas que é o que pido eu, en castelán e en galego. Hai documentos que están exclusivamente en castelán, non poden tamén estar en galego? Parécelles mal? Hai documentos que só están en galego, non poden estar en castelán? Que problema existe niso? É unha mellora en servizos e insisto que a Lei de administración local de Galicia admíteo e dálle cobertura. Poderán tamén estar en castelán. Unha administración presta os servizos que contempla a lei, mellora os que a lei contempla e mesmo vai máis aló do que a lei di.

Por que hai ese problema sabendo que hai moito castelán falante? Por que? Porque hai moito galego falante tamén e ten os seus documentos en castelán.

Eu volvo insistir, non vaian ó ataque, non xeren conflito. Era unha moción que tiña por obxectivo que as prestacións que atende este Concello se realizasen cunha mellor atención ós cidadáns en materia lingüística. Xa vexo que ese tema non lles preocupa e que sacan as cousas totalmente de couzón.

Volvo insistir que nós promocionamos o galego, seguiremolo facendo pero pedimos que melloremos o servizo de atención ós cidadáns. Vostedes non. Seguirán. Na outra moción anterior o Sr. Domínguez está claro que fixo un *"ditirambo"* da actuación do alcalde, agora vemos o que o Sr. Alcalde, Abel Caballero, cede en troques de ser alcalde, o tema da lingua porque isto é sinxelamente unha mellora e, Sr. Alcalde, vostede vota en contra do que está facendo. Vostede comunícase ós cidadáns desta cidade nas dúas linguas e agora pedimos que iso se faga por regra xeral, home, non imos facer..., pero que sexa unha vontade e unha intención e vostede vota que non. Como pode facer unha cousa e logo dicir que non ó mesmo tempo?

Nada máis, sometemos entón a votación esta moción. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. López-Chaves. O Alcalde fala cos cidadáns na lingua que lle dá a gana.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando a libre elección de lingua oficial para calquera tipo de documentación do Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A CONVOCATORIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA TOMAR UNHA DECISIÓN RELATIVA Ó ALBERGUE MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 7 de setembro de 2009, número 9128078, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“As diferenzas amosadas ó longo do último ano entre os socios do goberno bipartito de Vigo respecto da situación dun albergue municipal para a atención de persoas sen recursos, veñen ser o único e verdadeiro obstáculo para que este servizo, de evidente e urxente necesidade, sexa posto en marcha de contado.

Así e co ánimo de resolver o auténtico problema para que Vigo conte dunha vez por todas cun albergue municipal, a concelleira que subscribe e no nome do seu grupo municipal, propón ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

– Que o Alcalde convoque, de xeito extraordinario e urxente, unha Xunga de Goberno Local que deberá realizarse nas vindeiras 24 horas, cun único punto da orde do día que permita ó goberno PSOE-BNG de Vigo tomar unha decisión conxunta respecto do lugar definitivo que este goberno propón para acoller o albergue municipal.

- Que o acordo tomado sexa de contado trasladado á Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia para que actúe en consecuencia.”

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito, acórdase a urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O Grupo municipal do Partido Popular presenta unha moción de urxencia. Non o fai habitualmente, pero consideramos que dada a gravidade das declaracións do tenente de alcalde durante a fin de semana, parécenos que era necesaria a presentación desta moción para intentar instar ó goberno a que se poña de acordo nun tema fundamental para a cidade de Vigo, sobre todo cando se fan unhas declaracións tan graves, coido que fóra de lugar. Estou convencido de que cunha reflexión máis profunda un responsable político é difícil que faga estas declaracións. Que o tenente de alcalde diga que o BNG culpa á Xunta da morte de indixentes de non abriren a “Gota de Leite”, parécenos que son moi graves estas acusacións a outra administración, máis cando hai unha serie de antecedentes que nos parece que temos que relatar diante da opinión pública e deste Pleno.

En primeiro lugar o 2 de febreiro do ano 2007 o vicepresidente da Xunta de Galicia, D. Anxo Quintana, e a daquela alcaldesa, Sra. Porro, asinaron un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia da Xunta de Galicia para temas de benestar; anteriormente ó 15 de novembro do ano 2006 houbo un protocolo. Hai unha serie de cuestións que se recollen nese convenio e fálase da programación da construción e mantemento e da xestión de catro escolas infantís, duns centros de día e dentro dese convenio aparece o programa de construción, de

mantemento e xestión dun centro de emerxencia social. Asíñase este convenio e a partir de aí lóxicamente a responsabilidade de poñer en marcha este convenio é da Xunta de Galicia co Concello de Vigo.

Que pasos se suceden durante este tempo? Na “Gota de Leite” é certo que había tamén unha asociación, Aldeas Infantiles, que estivo alí ata o mes de setembro do ano 2008 e dende a Xunta de Galicia ponse en marcha a rehabilitación desas instalacións sen ningún tipo de polémica, nin por parte do Concello gobernado polo Partido Popular, nin por parte da Xunta de Galicia gobernada neste caso polo BNG porque era da súa área de responsabilidade e ó fronte estaba o Sr. Quintana.

O Partido Popular deixou de gobernar na cidade de Vigo e nos últimos tempos houbo unha serie de incidentes, de persoas que morren, mesmo hai titulares moi alarmistas que din: “Vigo segue sen albergue malia a morte doutros tres “sen teito””, “As redes sociais denuncian que se agochan ós “sen teito” que morren na rúa”, o 13 de xaneiro de 2008 din “Vicepresidencia compromete un albergue para os “sen teito” este ano”, “O Alcalde propón un uso municipal no edificio da Xunta que a Xunta quere para albergue”. A partir do 30 de outubro de 2008 comeza un conflito entre o Alcalde, a Xunta de Galicia do BNG e o BNG na cidade de Vigo. Vou ler estas discrepancias entre os tres estamentos ou tres persoas que representan cada unha a unha parte.

“Caballero proponlle a Vicepresidencia localizar o albergue na antiga Escola de Hostalería”, “Caballero advirte a Vicepresidencia de que aínda non ten licenza para a Gota de Leite”, é dicir, non é con este goberno, é co goberno do BNG, neste caso representado polo Sr. Quintana. “Abel Caballero decide localizar o albergue no Berbés malia a aberta oposición do BNG”, “Figueroa: gobernannos dous medios alcaldes que non se poñen de acordo”, “Benestar Social pecha o centro de emerxencia social para indixentes e urxe abrir a Gota de Leite”, iso dicíao o BNG na cidade de Vigo. “PSOE e BNG discrepan publicamente sobre o uso da Gota de Leite”, “Méndez desoe a Caballero e endosa á Xunta a solución para o albergue. A Concelleira de Benestar Social di que o BNG non acepta o “ordena e mando” do Alcalde”, “Domínguez contradi a Caballero e esixe que o albergue abra na Gota de Leite”, “Caballero ofrece a Escola de Hostalería á Xunta para situar o albergue municipal. Pide a cambio a cesión da Gota de Leite para a Xefatura da Policía Local”, “O Alcalde propón agora o albergue na Gota de Leite ata adaptar o edificio

do Berbés”, “O BNG esixe á Xunta que abra a Gota de Leite coma albergue provisional”, é dicir, gastar os cartos para que non sirvan para nada, “Caballero asegura que non parará ata lograr a Gota de Leite para a Policía”.

A partir de aí veñen as declaracións, coido que pouco afortunadas e que o Tenente de Alcalde debería rectificar. Eu non entro no conflito de que poida acusar a outra institución pero me parece que é moi forte dicir que o BNG culpa á Xunta da morte de indixentes de non abrir a Gota de Leite. Se non son así esas declaracións, Sr. Domínguez Olveira, gustaríame que as rectificara antes de facer outras afirmacións, paréceme que sería bo.

Gustaríame que interviñese porque senón eu teño que dar unhas informacións duras que ó mellor sairían tamén fóra de contexto.

A PRESIDENCIA: En canto remate vostede, Sr. Figueroa, e de seren necesario dareille a palabra outra vez.

SR. FIGUEROA VILA: “Domínguez esixe á Xunta que abra a Gota de Leite ou será responsable da morte de indixentes na rúa”. “O Goberno vigués dispara contra da Xunta”. Isto ata sería “normal” se fose un debate político ou un discurso mediático, pero cando hai documentos oficiais o tema ten máis gravidade porque estamos acostumados ás declaracións, nun momento determinado pode haber unha mala interpretación, un pode dicir unha cousa máis forte por non a pensar ben e pode rectificar.

Pero cando por escrito o Sr. Alcalde de Vigo remítelle á Conselleira de Traballo e Benestar Social a carta que teño aquí, este xa é un documento oficial que sae da Alcaldía do Concello de Vigo o 21 de maio e di o seguinte: “Estimada Conselleira, en relación coa necesidade de que Vigo dispoña dunha instalación axeitada para o seu funcionamento como albergue público para persoas sen teito, estou en disposición de ofrecerche una propiedade municipal que cederíamos á Xunta de Galicia condicionada a este fin. Trátase dun edificio de cinco plantas situado no Berbés, con entrada por Cánovas del Castillo número 2, en pleno centro urbano. A accesibilidade está garantida tanto a pé, como en autobús ou calquera outro tipo de vehículo e atópase nun contorno que é ben coñecido para as persoas que adoitan demandar este servizo. Con seguridade sería preciso facer obras de

adaptación para o novo uso pero considero que este sería un bo momento para as enfrontar xa que aínda restan seis meses ata a chegada do mal tempo que, como sabes, agrava a situación deste colectivo. Gustaríame que valorases esta proposta encamiñada a resolver unha necesidade social obxectiva que nos preocupa e incumbe a ambas administracións. Dado que deste modo quedaría liberado o edificio do Fogar de San Paio, solicítosche así mesmo que ese local sexa cedido ó Concello a efectos de utilización de servizos municipais, singularmente para a Policía Local”.

Este é un documento, unha carta do Alcalde de Vigo que se converte nunha carta oficial que ten Saída de Rexistro e polo que o Alcalde dille á Conselleira de Benestar Social que onde quere a localización do albergue é no edificio da Escola de Hostalería e non na Gota de Leite, como defende o Bloque Nacionalista Galego.

Neste intervalo de tempo, dende o mes de xuño do ano 2007, hai unha serie de declaracións como a do BNG que di: “...Repito o compromiso dun albergue para a cidade de Vigo. No cuarto trimestre do ano 2008 haberá albergue municipal”. Afirmou en numerosas ocasións o BNG. Esta é outra matización máis do que defende o BNG.

A Xunta de Galicia en todo este tempo estivo traballando e fixo unha serie de informes sobre a localización tanto na Gota de Leite como na Escola de Hostalería, informes que teño eu aquí e que de seren preciso lerei, pero é sorprendente que saian estas declaracións logo de que a Consellería o día 28 de agosto lle remita ó Alcalde unha carta. É dicir, durante ese mes e medio a Consellería traballou para dar unha contestación ó Sr. Alcalde. Vou ler a carta porque seguramente o Bloque Nacionalista Galego non ten coñecemento dela, estou totalmente convencido diso, pero esta carta tamén ten Saída de Rexistro e Entrada no Concello. Dinme os meus compañeiros que seguramente tampouco sabían da outra, seguro que o Alcalde non lle dixo absolutamente nada ó Bloque Nacionalista Galego.

A segunda carta pola que contesta a Secretaria Xeral de Familia e Benestar, D^a Susana López Abella, que por certo é viguesa aínda que vive en Chantada. Di: “Estimado Alcalde, pónome en contacto con vostede para lle comunicar que despois de estudar rigorosamente o ofrecemento realizado pola Alcaldía de Vigo á Consellería de Traballo e Benestar en relación á reforma do antigo edificio da Escola de Hostalería situado no barrio do Berbés, a Consellería ten a firme vontade de

colaborar co Concello na reforma do local que o Concello considere oportuno para o desenvolvemento das súas responsabilidades nas atencións ós transeúntes. Indícolle que dende que recibimos a súa comunicación na Consellería de Traballo e Benestar puxémonos a traballar para estudar a súa viabilidade.

Con este fin realicei unha visita “*in situ*” ó local acompañada pola directora xeral de Formación e Colocación e da Delegada Territorial xunto cos técnicos desta Consellería, na que puidemos constatar que a reforma que precisa o edificio é importante e que estamos á espera a que dende o Concello se nos remitan os planos dos inmobles para a poder cuantificar. Malia que a primeira opinión é que quizais non sexa a mellor localización para este fin xa que o edificio é un edificio de oficinas e despachos, reitero a nosa disposición de colaborar co Concello na súa adecuación para o servizo solicitado por vostede ou mesmo valorar outras posibles localizacións.

En relación con este tema a nosa preocupación céntrase na atención ós transeúntes e ó longo período que leve poñer en marcha o establecemento definitivo. Polo tanto invítolle a que o Concello habilite, mentres non entre en funcionamento o edificio definitivo, un espazo transitorio no que ofertar este servizo e indícolle de que no caso de ser oportuno esta Consellería non descartaría axudar ó Concello na habilitación deste local transitorio (está dicindo que tamén estaría disposta a axudar). Á espera de coñecer en breve a súa opinión ó respecto destas cuestións, reitero o ofrecemento da Xunta de Galicia a manter unha comunicación fluída co Concello de Vigo nestes e noutros ámbitos”.

A comunicación fluída foron unhas declaracións do Tenente de Alcalde e da responsable de Benestar Social dicindo que se hai un morto a responsable é a Xunta de Galicia.

Creo que está perfectamente claro en primeiro lugar que non hai comunicación entre o BNG e o Partido Socialista. En segundo lugar está claro que o BNG defende unha localización e o Alcalde outra totalmente distinta.

Por iso nós presentamos unha moción que, de teren vostedes a vontade de aprobala, remataría co problema. Trasladaríase á Xunta de Galicia o que vostedes queren facer dende o goberno e se a Xunta de Galicia logo non actúa en consecuencia, si que pode ser responsable da situación.

A moción di clara e concretamente o seguinte: Que o Alcalde convoque de xeito

extraordinario e urxente unha Xunta de Goberno Local que se deberá realizar nas vindeiras vinte e catro horas cun único punto da orde do día que permita ó goberno PSOE-BNG de Vigo tomar unha decisión conxunta respecto do lugar definitivo que este goberno propón para acoller o albergue municipal. Que o acordo tomado sexa de contado trasladado á Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia para que actúe en consecuencia.

Creo que é unha moción coherente, responsable e de tomaren vostedes a decisión de aprobala, remata o conflito. Remítanlle á Xunta de Galicia indicación da localización que queren.

A Xunta de Galicia di claramente que está disposta en primeiro lugar á petición e á proposta que lle fai o Alcalde da Escola de Hostalaría, di claramente que quizais non sexa a mellor opción pero que se o Alcalde o quere faría as reformas oportunas. Tamén di que de non haberen unha localización a día de hoxe que queira o Alcalde ou o Concello de Vigo que, aínda que pode que non sexa definitiva, se presente unha proposta transitoria e que a Xunta de Galicia tamén está disposta a colaborar.

Coido que aquí os que se teñen que poñer de acordo son o BNG e o Partido Socialista; o Tenente de Alcalde e o Alcalde. O Alcalde, Sra. Méndez, é quen ten a potestade para nomear ou cesar a vostede e vostede ten a facultade de aceptar ou non a súa responsabilidade. Vostede é a Concelleira de Benestar Social e o Alcalde está a dicir todo o contrario do que di vostede e ademais por escrito. Estalle dicindo á Xunta de Galicia que o albergue o quere na Escola de Hostalería. A través dos medios de comunicación vostedes din que o queren na Gota de Leite. Póñanse de acordo porque a Xunta de Galicia non pode tomar unha decisión cando dende o goberno de Vigo se lle están remitindo dúas propostas totalmente contrarias.

Sr. Domínguez Olveira, coido que é un tema o suficientemente importante e antes de que fagamos afirmacións que evidentemente eu faría porque me parece inxusto que con todos estes antecedentes alguén poida dicir que a Xunta de Galicia ten a culpa dunha situación que se está demostrando que, non é que estea á marxe, senón que pola contra mesmo é a parte máis afectada porque quere poñer en marcha o albergue e ten problemas de comunicación ou de que o goberno da cidade de Vigo ten dúas alternativas.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, antes de darlle a palabra á responsable da área e ó Sr. Domínguez Olveira para os efectos da súa aclaración quero dicir en primeiro lugar que da última carta da Conselleira de Traballo soubémolo antes pola prensa, leémola antes na prensa e logo nos chegou. Con isto quero dicir que todo o goberno sabe exactamente o mesmo disto porque o limos primeiro na prensa. Logo efectivamente a carta chegoulle ó Alcalde pero xa era pública en todo Vigo, xa todo Vigo a coñecía.

Debo facer unha segunda matización ó respecto da segunda carta porque como vostede leuna literalmente pero un pouco á présa, hai un detalle que puido pasar inadvertido. Dinos que digamos o local municipal, non o local, senón o local municipal onde queremos abrir provisionalmente. Non fala de local, usa a palabra municipal.

Quero dicir con isto que non está a facer a oferta de abrir provisionalmente na Gota de Leite; está a dicir que se queremos facer unha apertura provisional digamos en que local municipal e que cooperan con nós. Non está facendo a oferta dunha apertura provisional na Gota de Leite ata que cheguemos á localización definitiva. A Conselleira da Xunta de Galicia, a Secretaria Xeral para seren máis precisos, pide que o Concello lle diga se quere unha localización provisional nun local municipal, que lle diga cal é ese local municipal. Non está atendendo á petición de apertura que estamos facendo ata que haxa un acordo para trasladar á Policía na Gota de Leite, non, está dicindo outra cousa.

Debo aclarar isto porque como é unha carta dirixida ó Alcalde e polo tanto nas mans negociadoras do Alcalde, eu aínda non a fixen pública de feito detallado porque non quería entrar en debates. Creo que cando se está a negociar o mellor é negociar axiña e chegar a acordos. Pero nos pide local municipal

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Agradézolle ó Sr. Figueroa que citara esas declaracións para poder explicarllo.

Teño moi claro que en política non vale todo, nin é o meu estilo, nin o vai ser nunca acusar de mortes a ninguén porque xa bastante desgracia hai precisamente en que esas mortes se produzan e por suposto nin o BNG nin eu utilizaremos nunca unha morte coma arma política. Evidentemente tampouco vou dicir que os medios que recollen esas informacións fano desa forma porque non entenderon. Posiblemente

nessas declaracións estiven pouco claro, pero quero dicir que a miña intención foi dicir textualmente isto e coido que si o dixen nesa comparecencia: É unha irresponsabilidade da Xunta de Galicia ter un albergue preparado e estar pechado cando hai xente que está morrendo na rúa". Ese é textualmente o sentido das miñas palabras. Lonxe da miña intención dicir que de haberen algunha morte a culpable será a Xunta.

Polo tanto, se lle vale esta explicación ou esta rectificación, que quede claro que o que quixen dicir e ó mellor expliqueime ou o dixen mal, era que é unha irresponsabilidade manter o albergue pechado cando está xa habilitado mentres hai xente que morre na rúa.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Gracias, Sr. Presidente. Gracias, Sr. Tenente de Alcalde, pola aclaración.

Eu tamén lle quero dar a benvida ó Sr. Figueroa a esta nova etapa, creo que está ben denominala así porque é a primeira vez dende que eu estou no Concello, coido que levo seis anos, que lle vexo presentar unha moción de benestar social, por iso benvido a esta nova etapa, é hora de que verdadeiramente nos ocupemos das persoas que son as que importan ou iso dicimos neste mundo occidental; que por riba de calquera consideración política, de calquera ideoloxía deben estar as persoas e a vida digna desas persoas que nestes momentos son os sen teito e que queiramos ou non están a morrer nas rúas sen que as administracións fixeran moito ata agora. Efectivamente o Sr. Figueroa fixo unha análise do que se fixo nesta cidade, do que se acordou. A ese respecto a min me gustaría ir un pouco máis atrás.

No ano 2004 houbo nesta cidade unha reunión de todos os sectores sociais implicados no tema das persoas sen teito e chegouse a un acordo que corroborou o Partido Popular. Daquela estaba no goberno coa Sra. Porro: era imprescindible a apertura dun albergue. Falo concretamente do mes de marzo de 2004. Por entón foi dalgún xeito nomeada a Concelleira de Benestar Social para que emprendese a busca dese lugar, dese espazo, infraestrutura para ofertar un albergue.

Estivemos agardando polo albergue mentres estivo o Partido Popular no poder desta cidade, mentres estivo a Sra. Porro como Alcaldesa e na Xunta gobernando o Sr. Fraga.

No ano 2005 o goberno bipartito, Partido Socialista e BNG, chegou á Xunta de Galicia. Aquí seguía o Partido Popular sen atopar o lugar axeitado para esa xente que por entón tamén estaba morrendo na rúa, pero como ó mellor non había tanta conciencia social, nin tiñan tanta voz os que nunca a tiveron, non saía nos medios de comunicación. Pois non se atopou ningún local.

Chega á Xunta o goberno bipartito e non só encomendan á Sra. Concelleira de Benestar Social, Sra. Iglesias, senón que ademais dende a oposición díxose de buscar entre todos por veren de atopar ese local e iso chámase colaboración. Buscaron ata 2007 e non apareceu o local.

En febreiro do ano 2007 como ben dicía vostede, asinouse un protocolo por parte da Alcaldesa e o Sr. Vicepresidente. Daquela buscouse un local polo goberno bipartito que era precisamente a sede da Casa do Mar pero por unha serie de circunstancias non reunía as características. Foi a Xunta quen asumiu ese papel cumprindo estritamente o que se asinou naquel protocolo. Pero ese local non serviu e foi despois cando se pensou na Gota de Leite pero como ben dicía vostede en primeiro lugar houbo que trasladar ós nenos que alí estaban para que ese local se arranxara.

Sempre coa colaboración da Vicepresidencia da Xunta de Galicia coa miña Concellería e coa Alcaldía, coa que se entrevistou no ano 2008 a Secretaria Xeral de Benestar, e aquí está o Alcalde para que o confirme e vostedes tiveron coñecemento pola prensa, chegouse ó acordo de que ese era o lugar axeitado. Investíronse entón 265.000 euros no arranxo dese local que non houbo oportunidade de abrir durante o inverno.

Ese local estaba para inaugurar en marzo de 2009 cando vostedes tomaron o goberno e con el outras decisións. Ese local está preparado para abrir un albergue e como non había albergue durante o inverno este goberno municipal tomou a decisión de abrir na Escola de Hostalaría un albergue provisional, aínda que nin sequera se podía chamar albergue porque non cumpría as características necesarias segundo a normativa, era un dispositivo para o frío.

Abrímolos por primeira vez nesta cidade, quero poñer en valor, non polo que fixera esta Concellería, senón porque por primeira vez nesta cidade, algo que non se pode deixar de facer e que nunca fixo o goberno do Partido Popular coa Sra. Porro no Concello, pasando un inverno tras doutro, abriuse un albergue municipal que deu

cabida a moita xente, que deu durmida día tras día a trinta e cinco persoas e polo que pasaron mil oitocentas ou mil cincocentas persoas. Foron esta Concellería e este goberno municipal os que o fixeron sen un orzamento que non tiñan. Posteriormente metemos 50.000 euros de orzamento que sacamos da bolsa de vinculación para que a xente tivera onde durmir, iso aínda que sabiamos que en moitos aspectos o albergue non cumpría as normativas pero o primeiro é ter onde durmir.

Fomos nós, Sr. Figueroa, en toda a súa narración esquecéuselle dicir que este goberno municipal deu unha solución aínda que fose provisional. Nós si traballamos pola xente que está sen teito, puxemos ese albergue e este goberno municipal pronunciouse para que provisionalmente, mentres non se atope o lugar acaido, se abra. Quero poñer en valor que nese aspecto todo o goberno municipal estamos de acordo.

Teñen a Gota de Leite preparada para a súa apertura e este goberno municipal quere que se abra xa, todo o goberno municipal. Pero non é só o goberno municipal quen quere que se abra; xa se fixeron cadeas humanas, todas as organizacións que están a traballar cos sen teito estiveron ó redor, foron cara a Xunta para pedir que se abra xa.

Pero vostedes non queren oír. Din que nós non estamos de acordo. Existe esa carta pero logo este goberno municipal pronunciouse a prol da apertura. Sabemos que a Escola de Hostalería nestes momentos non cumpre as características para seren un albergue e ademais o dixen varias veces pero por iso dixemos que se abra xa este albergue, que non falen vostedes de malgasto cando están tirando 265.000 euros que están metidos na Gota de Leche para asumir xa xente agora mesmo se vostedes queren.

Pero vostedes fixeron oídos xordos. Esa é a verdade e é o que ten que saber a cidadanía de Vigo. Este goberno non ten ningunha contradición. Queremos que abra a Gota de Leite para albergue xa mentres nos poñemos á busca dunha solución, se acaso diferente, pero mentres que abra xa. Ese é o acordo deste goberno.

SR. LÓPEZ FONT: Tocoulle un “*papelón*” ó Sr. Figueroa hoxe defendendo esta moción porque coma sempre do único que se trata é de criticar, manipular e desprestixiar

a este goberno. Leu vostede unha serie de titulares de prensa pero xa lle dixo moi ben a Concelleira de Benestar Social que hai un acordo de goberno. Non é unha mentira, Sr. Figueroa, o único que mente dende hai uns anos é vostede.

Mente reiteradamente e mentiu dende o primeiro momento do mandato desta Corporación. Permittedicir que existían facturas en caixóns, permititedicir moitas cousas e introducir moitos debates que cando lle dixemos que os demostrase aquí, vostede tivo que pregar velas. Non é a primeira vez. Nesta ocasión e lamentablemente porque o tema é moi delicado, vaille pasar o mesmo.

A decisión está tomada e este goberno é un goberno coherente que atallou o problema dos sen teito e así o acaba de dicir a Sra. Méndez.

Vostede fai un relatorio de datas que só ten unha conclusión: o goberno do Partido Popular non tiña albergue, nin tiña proxecto de albergue para os sen teito desta cidade. A Sra. Porro saíu deste Concello sen ofrecer unha solución de benestar para os que non tiñan teito. Esa é a realidade.

O acordo deste goberno, Sr. Figueroa, é moi sinxelo: Que a Xunta de Galicia ceda a este Concello o edificio da Gota de Leite. Ó mellor iso é o que vostede está agochando. O que ten que facer a Xunta de Galicia, Sr. Figueroa e señores concelleiros do Partido Popular, é ceder a Gota de Leite a este Concello.

Eu tampouco quero falar de mortes pero o que é evidente é que se nesta cidade non hai albergue este inverno será responsabilidade da Xuntade Galicia porque neste momento, Sr. Figueroa, a Xunta de Galicia ten un edificio que pode cumprir a función de albergue municipal.

Este goberno actual é un exemplo de coherencia e eficacia. Todo iso que vostede quere criticar tanto, como é a descoordinación, os dous alcaldes, a distribución de papeis, é xusto o contrario do que vostede di. Este goberno deu solución ós sen teito o inverno pasado e nestes momentos o que lle corresponde á Xunta de Galicia é que faga esta cesión e así o di a Directora Xeral da Consellería nos escritos que vostede leu.

O Alcalde tamén mantivo reunións cos colectivos e están de acordo co que eu lle estou reclamando a vostede, en que se ceda o edificio da Gota de Leite, que este ano en principio sexa sede provisional dese albergue, independentemente de que haxa outra decisión do goberno que só lle corresponde ó goberno e que mañá haxa un cambio de localización.

A súa moción é xustamente ó revés, Sr. Figueroa. O que ten que vir vostede aquí reclamando é que o Consello da Xunta se reúna en vinte e catro horas e que decida ceder ó Concello o edificio da Gota de Leite. Sei que isto non lle gusta. Non lle gustaba cando a Sra. Méndez falaba de que este inverno pasado foi a primeira vez que houbo un albergue nesta cidade. Iso non lle interesa. A vostede interésalle moito que se fale das declaracións do Tenente de Alcalde que lle parecen ofensivas pero non lle interesa o problema real desta cidade que é que depende da Xunta de Galicia ter o albergue que se necesita nas datas máis inmediatas.

Eu lamentablemente sempre remato as miñas intervencións do mesmo xeito, pedíndolles a vostedes que se poñan da parte desta cidade, que abandonen posturas partidistas neste ou en calquera outro tema, e pedíndolle a vostede expresamente que en troques de requirir pomposamente ó goberno PSOE-BNG, teña en conta que aquí non hai ningún goberno PSOE-BNG, aquí hai un goberno legal da cidade de Vigo que tomou unha determinación, que lle fixo chegar determinadas comunicacións á Xunta de Galicia e neste momento, insisto que sen poñer tons dramáticos, o que é evidente é que se non hai albergue nesta cidade será responsabilidade súa.

Polo tanto inverta o contido institucional desta moción e pídalle ó Sr. Núñez Feijóo que reúna en vinte e catro horas ó goberno da Xunta, que ceda o edificio da Gota de Leite e que esta cidade, de acordo coa decisión que ten tomada este goberno, un goberno coherente e eficaz, poida ter albergue este ano para os cidadáns.

SR. FIGUEROA VILA: Cando teño certa información ás veces reflexiono sobre se é ou non correcta pero hoxe está claro que logo do que acabo de escoitar aquí se chegou a unha conclusión: a prensa de Vigo mente porque escribiu: “Vigo segue sen albergue malia morte de oito sen teito”, “O Alcalde propón un uso municipal no edificio que a Xunta quere para albergue”, “Caballero proponlle a Vicepresidencia situar o albergue na Escola de Hostalaría”, “Caballero advirte a Vicepresidencia de que aínda non ten licenza para Gota de Leite”. Cando gobernaba D. Anxo Quintana xa lle advertía que non tiña licenza para a Gota de Leite. “Abel Caballero mantén que a Gota de Leite sexa para a Policía”, “Abel Caballero decidiu situar o albergue no Berbés malia a aberta oposición do BNG”, “Benestar Social pecha o centro de emerxencia social para indixentes e urxe abrir a Gota de Leite”, “PSOE e BNG

discrepan publicamente sobre o uso da Gota de Leite”, “Méndez desoe a Caballero e endosa á Xunta a solución para o albergue”, “Domínguez contradí a Caballero e esixe que o albergue estea agora na Gota de Leite”, “Caballero ofrece a Escola de Hostalaría á Xunta para situar o albergue municipal”, “O Alcalde pide agora a Gota de Leite”, “O BNG esixe á Xunta que abra a Gota de Leite como albergue municipal”, etc.

En segundo lugar a carta que lle envía o Alcalde á Consellería da Presidencia é mentira tamén, non existe, estamos todos tolos. Nesa carta se di: “En relación coa necesidade de que Vigo dispoña dunha instalación axeitada para o seu funcionamento como albergue municipal condicionada a este fin dá o seguinte edificio... Trátase dun edificio de cinco plantas situado no Berbés. Dado que deste xeito quedaría liberado o edificio do Fogar de San Paio, solicitado así mesmo que este local sexa destinado ó Concello a efectos de utilización para os servizos municipais, singularmente para a Policía Local...” Esta carta é mentira? Eu non estou lendo? Estou mentindo?. Hai que lle dar á prensa esta carta para que saiba se estou dicindo a verdade.

Sr. Alcalde, vostede acaba de facer unha afirmación aquí e agora sobre que a carta da Conselleira fala dun “local transitorio municipal”. Onde o di? Léao.

A PRESIDENCIA: Vou facer unha excepción e voulo ler: “En relación con este tema a nosa preocupación céntrase na atención ós transeúntes ó longo do período que leve poñer en marcha o establecemento definitivo. Polo tanto é conveniente que o Concello habilite, mentres non entre en funcionamento o edificio definitivo, un espazo transitorio no que ofertar este servizo”.

Sr. Figueroa, déixeme facerlle unha pregunta rápida: O Concello pode habilitar un edificio da Xunta? Pódeo habilitar?

SR. FIGUEROA VILA: Calquera edificio.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, pode un concello habilitar un local que non é del? Pode habilitar un edificio da Xunta? Con que habilitación? Onde pon municipal? Señores concelleiros, cando di que o Concello habilite é unha evidencia xurídica que seguramente a secretaria lle pode dicir, porque estaba citando de memoria,

que só pode habilitar locais municipais. Como vai o Concello habilitar un local da Xunta ou do goberno de España? Porque entón xa lle digo inmediatamente que se é iso, Sr. Figueroa, pedimos á Xunta que habilite como local provisional a Gota de Leite. Xa está decidido aquí. É o que estamos pedindo, é o que dixo a conselleira. Sr. Figueroa, vou pedir un informe xurídico á Secretaria sobre se é posible que unha administración habilite un local doutra administración sen aprobación expresa da outra. Non existen precedentes porque é unha solemne barbaridade xurídica. Polo tanto de aquí se deduce que piden un local municipal, pero máis aínda, nesta carta non se cita o edificio da Gota de Leite, só se cita o local da Escola da Hostalaría, non se fala da Gota de Leite, nin se menciona. Polo tanto aclarada a proposta, xa lle fago unha proposta transaccional: que inmediatamente e de xeito provisional abran a Gota de Leite como albergue.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme moi ben, Sr. Alcalde. Por primeira vez o Alcalde de Vigo fai un pronunciamento claro sobre cal é a localización. Felicito ós compañeiros do BNG porque esta vez conseguiron o seu obxectivo.

O lamentable de todo isto é que vostede ata o día de hoxe non fixo un pronunciamento claro de cal era a localización que quería. Gracias á moción que presenta o Partido Popular hoxe sabemos que o BNG xa quere o albergue na Gota de Leite, ou é mentira tamén?

O PSOE quere a localización do albergue na Gota de Leite. Isto, é verdade ou é mentira?

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, remate o debate.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, voulle dar un exemplo dun edificio que se quixera podería ceder e que non é municipal: o edificio Asefal. Non ve como vostede está mentindo e sendo frívolo? Vostede pode ceder un edificio municipal transitoria e provisionalmente porque é un edificio que está alugado polo Concello e polo tanto...

A PRESIDENCIA: É un edificio de uso municipal. Sr. Figueroa, por favor, rematemos.

SR. FIGUEROA VILA: Dende logo isto non deixa de ser moi frívolo e lamentable. En

primeiro lugar que as cartas oficiais non sirvan absolutamente para nada e en segundo lugar porque creo que por primeira vez o Alcalde de Vigo é pillado nun renuncio, improvisa e fai unha proposta concreta nun Pleno que non tiña pensado facer.

Polo tanto sentímonos moi satisfeitos de que polo menos esta moción do Partido Popular servise para saber que o goberno da cidade de Vigo xa quere que o albergue se sitúe na Gota de Leite.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Figueroa, pero a prensa que está aquí sabe que o da situación provisional díxeno cincuenta veces.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando a convocatoria urxente da Xunta de Goberno Local a fin de tomar unha decisión relativa ó albergue municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (164).- ROGOS E PREGUNTAS.

- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. CONDE GIL, RELATIVO Á TRAMITACIÓN DA MOCIÓN FORMULADA NO PLENO ORDINARIO DE XANEIRO/09 RELATIVA Á CIDADE DA XUSTIZA.

SR. CONDE GIL: Ó Grupo municipal do Partido Popular gustaríalle un pouco de rigor pola banda do goberno municipal, en concreto do Alcalde, porque como di o dito: “Píllase a un coxo antes por mentireiro que por coxo”. Neste caso téñolle que chamar mentireiro, Sr. Alcalde, pola alusión que fixo antes ó tema da Cidade da Xustiza.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, xa se está pasando isto de castaño escuro. Este é o momento de rogos e preguntas e está vostede facendo un debate dun punto xa pechado antes con insultos incluídos. Por favor, formule un rogo ou unha pregunta con brevidade porque senón lle retiro a palabra.

SR. CONDE GIL: Como estamos na ditadura, Se quere retírema, non me importa. O rogo é que non se tarde, porque neste Pleno se aproban as mocións e tárdase a capricho do Alcalde para enviar os acordos á Xunta de Galicia ou ó organismo competente. Que non volva suceder que se aprrobe unha moción o 26 de xaneiro e que se espere a perderen as eleccións autonómicas para enviaren o acordo da moción da declaración de supramunicipalidade do proxecto da Cidade da Xustiza. Que se espere ó 4 de marzo para llo enviar ó Sr. Pérez Touriño pero xa como Presidente en funcións.

A PRESIDENCIA: Gracias, contestarémolle por escrito, pero as mocións as envía a Secretaría deste Pleno.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. GONZÁLEZ SAGARRA, RELATIVO A ALUSIÓNS FEITAS POR MEMBROS DO BNG.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: É unha cuestión persoal, a verdade e que xa ocorreu nos últimos Plenos e por iso este é un rogo. Un rogo debido a que dende o Bloque Nacionalista Galego, particularmente o Sr. Domínguez Olveira e a Sra. Méndez, fan alusións continuas e interpretacións dos xestos e palabras que eu podo facer en cada momento. Como estou un pouco “ata o gorro” destas cuestións, por favor,

esquézanse de min, deixen de faltarme ó respecto e deixen de facer esas interpretacións sempre e de xeito habitual incorrectas e erróneas. Hoxe referíronse a min, insinuaron que era “machista” e esas cousas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero contestar que a Sra. Méndez e o Sr. Domínguez Olveira nunca máis van ofrecer ningún comentario sempre que vostede sexa respectuoso con esta Corporación. Nada máis.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO, SOLICITANDO SE LLE CONTESTE CLARAMENTE A UNHA PREGUNTA FORMULADA NO PLENO ANTERIOR.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No anterior Pleno presentei unha pregunta que textualmente dicía e así aparece na gravación da cinta, porque aínda non se redactou a acta: “En que situación se atopa (daquela) o expediente de adjudicación dos quioscos de praias e as razóns do atraso”. Recibín unha resposta da Concelleira na que, á parte de falar dunha resposta á moción e non é moción que é unha pregunta, non me responde ás porque entende que a pregunta é polas “queixas de usuarios dalgúns establecementos que se ven desbordados como consecuencia da falla de servizos por parte do Concello de Vigo nas praias”.

O meu rogo é que cando formulo unha pregunta e é unha pregunta clara, que se conteste á pregunta.

Segundo rogo: se malia iso non se contesta á pregunta, pido un pouco de claridade nas contestacións porque nesta contestación aparece, sen entrar no contido, que poderíamos entrar: “Dicir que o Sr. López-Chaves Castro non se axusta á realidade porque o goberno municipal puxo ó dispor dos cidadáns XXX servizos hixiénicos”. Eu non sei que é isto das equis, se é que cambiamos a numeración árabe pola romana, porque mesmo en números romanos serían corenta XXX. Polo tanto pediría un pouco de atención nas respostas que se dan.

Por último, xa que non me contestaron á pregunta, insisto de novo nela: En que situación se atopaba o expediente de adjudicación dos quioscos de praias o día 27 de xullo e cal era a razón do atraso nese momento.

A PRESIDENCIA: Gracias, contestaráselle. En todo caso coido que hai que ter unha certa permisividade con algunha errata de mecanografía porque eu teño aquí unha carta da Conselleira chea de erratas. Sr. López-Chaves, ás veces pasa.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezaseis horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 7 de setembro de 2009. Consta de 95 folios da serie A numerados do 2142668 ao 2142762, e números do 483 ao 577. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de novembro de 2009.

Vigo, a 30 de novembro de 2009
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

M^a Concepción Campos Acuña

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que o presente libro de actas comprende tres actas, sendo a primeira a sesión ordinaria do día 29 de xuño de 2009, e a última a sesión

ordinaria do 7 de setembro de 2009, quedando anuladas as follas da serie A, números 2142470, 2142639/40/41/42 e 2142666, por dificultades no equipo de impresión, incluíndose ó final do presente libro.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Vigo, a 30 de novembro de 2009
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Mª Concepción Campos Acuña.